





# A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural



Vol. 25 (2022)

2022

Fundación Cultural da Estrada  
Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela»

# A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural

ISSN 1139-921X

[miscelanea.aestrada.com](http://miscelanea.aestrada.com)

## Director

Juan Andrés Fernández Castro

## Coordinador editorial

Juan L. Blanco Valdés

## Consello Consultivo

Xesús Alonso Montero | Carlos Amable Baliñas Fernández | Xosé Luís Barreiro Barreiro | Roberto L. Blanco Valdés | Mercedes Brea | Manuel Cabada Castro | Francisco Díaz-Fierros Viqueira | Víctor F. Freixanes | Xosé Manuel Núñez Seixas | Vicente Peña Saavedra | Augusto Pérez Alberti | Ofelia Rey Castelao | Anxo Tarrío Varela | Xosé Manuel Vázquez Varela.

© Fundación Cultural da Estrada,  
Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela», 2022

## Edición

Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela»

Aptdo. 78

36680 A Estrada

[www.museo.aestrada.com](http://www.museo.aestrada.com)

[www.miscelanea.aestrada.com](http://www.miscelanea.aestrada.com)

## Tradución de abstracts

Alexia Estraviz Loureiro

[alexiaestraviz@gmail.com](mailto:alexiaestraviz@gmail.com)

## Ilustración de cuberta

*Maquinaria do reloxo da casa consistorial da Estrada,*

Fotografía de Luís Ferro

## Deseño de maqueta e maquetación

Rosa Costas Román

## Impresión

Máis Deseño Silleda S.L.

[www.omeulibro.com](http://www.omeulibro.com)

Dep. Legal: PO 188-2016



# Índice

- 7 | A Estrada Miscelánea Histórica e Cultural. 25 anos  
*Juan Andrés Fernández Castro*
- 9 | A cantiga do rei Afonso x «O Sabio» que fala de Ribadulla  
*Henrique Neira Pereira*
- 13 | Breve xenealoxía de Virxinia e Castelao  
*Luís Ferro Pego*
- 27 | Ampliación da alameda e praza da Constitución da Estrada  
*Román Sanín Cortizo*
- 35 | A Estrada de postal  
*Juan Andrés Fernández Castro*
- 57 | Vida, obra e fazañas de Manuel Blanco Garea, o único ciclista estradense que correu dúas voltas a España e que durmiu baixo as estrelas  
*Fernando Cabeza Quiles*
- 95 | Palabras da hucha da memoria comunal  
*Manuel Cabada Castro*
- 103 | Canteiros, quintos e mozos de cordel: unha visión da emigración de Tabeirós e Montes entre 1741 e 1816 a través dos expedientes de liberdade e solteiría  
*Damián Porto Rico*
- 147 | O deslinde do termo municipal da Estrada no século XIX  
*Javier García Gómez*

- 187 | Tradicións e ritualidade arredor do enganido (anganido, asombramento, tangaraño) nas comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes  
*Isabel García Fernández e Xoán Carlos García Porral*
- 211 | José Fernández Caramés, un emigrante estradense  
*José M. Bértolo Ballesteros*
- 217 | Reloxos de torre no concello estradense  
*Luis Ferro Pego e Manuel Puente Cabalar*
- 253 | Fotografías de Felipe Souto  
*Felipe Souto*
- 271 | Pepa a Loba, a muller que se converteu en lenda  
*Laura Filloy Martínez*
- 285 | *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural. 1998-2022.*  
Índice de autores, autoras e títulos publicados  
(números 1-25)  
*María Carbia Vilar*

# *A Estrada, Miscelánea Histórica e Cultural*

## 25 anos

Non existe magnitude máis caprichosa que o tempo. Dous anos de felicidade poden pasar como un lóstrego e un día de infortunio resultar interminable. Cantaba Víctor Jara nunha fermosísima canción que *la vida es eterna en cinco minutos*. E se, na metáfora do poeta, cinco minutos poden ser eternos, imaxinen vinte cinco anos na prosaica vida real, tan orfa de poesía.

Cando viu a luz o primeiro volume da nosa *Miscelánea* os teléfonos móbiles eran uns cacharros voluminosos e con antenas, que recibían o irónico nome de mancontros. En 1998 non existía Facebook, nin Twitter, nin Instagram. De feito, en 1998, Internet era aínda un meniño de oito anos ao que lle quedaba moito caldo por comer, se tomamos como a súa data de nacemento a invención en 1990 do protocolo http, catro letras que hoxe son unha icona do século XXI. Lonxe de permanecer allea ao desenvolvemento das novas tecnoloxías da comunicación, a *Miscelánea* estivo á altura dos tempos adaptándose aos novos dispositivos da expresión cultural e do acceso aberto á cultura. Primeiro co acordo asinado con Google Books, para o aloxamento dos contidos no principal motor de busca da rede, e despois coa implementación do portal dixital de investigación e divulgación na web do Museo Manuel Reimóndez Portela, a revista deu un exemplo de modernidade e altruísmo, poñendo o seu enorme acervo de artigos ao dispor inmediato de calquera interesado desde calquera parte do mundo. Un paso de xigante.

Na súa viaxe a Ítaca, Ulises non pensaba no destino senón no camiño, nun camiño cheo de novas alboradas e experiencias. En 1998, ningún dos que entón promovemos o nacemento da revista podíamos prever o seu destino. Pero, vinte cinco anos despois, si podemos gabarnos do camiño percorrido e manifestar publicamente o orgullo de termos consolidado un proxecto cultural de grande altura, con poucos parangóns posibles na súa categoría. Neste número incluímos un exhaustivo percorrido de títulos, temas e autores da man de María Carbia Vilar que, a través dos correspondentes índices, dá cumprida conta do empeño e compromiso de tantas amigas e amigos que, coa súa achega nos máis variados eidos temáticos, contribuíron a apuntalar o referente de primeira orde sobre a nosa vila e a súa terra que hoxe é a *Miscelánea*.

Neste aniversario de prata toca, simplemente, dar as grazas. A todas as autoras e autores pola xenerosidade intelectual de compartiren os resultados da súa desinteresada investigación e ao Concello da Estrada, pola súa confianza e complicidade nun proxecto que coloca A Estrada no universo do coñecemento.

Por outros vinte cinco anos.

JUAN ANDRÉS FERNÁNDEZ CASTRO  
Director



# A cantiga do rei Afonso x «O Sabio» que fala de Ribadulla

Henrique Neira Pereira

valdoulla@yahoo.es

**Resumo.** O cancionero medieval que denominamos *Cantigas de Santa María* consta de 427 composicións poéticas en lingua galego-portuguesa –algunhas delas con música– datadas entre 1270 e 1283, no reinado de Afonso x «O Sabio», rei de Castela e León que finou en 1284. As composicións conservadas están distribuídas en catro códices ou tomos manuscritos: un gárdase na Biblioteca Nacional en Madrid, dous na do Escorial e o cuarto na cidade italiana de Florencia. Dous códices conteñen unha cantiga na que aparece o topónimo Ribadulla.

**Abstract.** The medieval songbook known as *Cantigas de Santa María* is comprised of 427 poetic compositions in Galician-Portuguese language, some of them with music. They are dated between 1270 and 1283, during the reign of Alfonso x of Castile-León, who died in 1284. The preserved compositions are in four codices or manuscript volumes: one is kept in the National Library of Madrid, two are in El Escorial and the fourth one is in Florence. Two codices contain a medieval poem with the toponym Ribadulla.

Tanto un dos códices do Escorial –o coñecido como E–, como o de Florencia –o F– das *Cantigas de Santa María*, conteñen unha cantiga titulada «Esta é como Santa María deu fíos a u ome bõ pera coser a savãa do seu altar». Aínda que se comprende ben, en galego actual o título sería: «Esta é como Santa María deu fíos a un home bo para coser a saba do seu altar».

Na edición da obra realizada polo investigador alemán Walter Mettmann esta cantiga leva os números E273 e F39, en referencia ós códices dos que forma parte, e as súas 54 liñas distribúense en dúas páxinas<sup>1</sup>.

O texto conta un milagre que fixo a Virxe María en Ayamonte (Huelva): un home visitaba a igrexa do castelo da localidade pola festa da Virxe de Agosto, que se celebra na actualidade o día 15, a Asunción de María. Na súa visita comprobou que os panos do altar non estaban en boas condicións e ofreceuse a coselos para deixalos

1 Mettmann, Walter, ed. *Cantigas de Santa María / Alfonso x, o sabio*. Vigo, 1981, Edicións Xerais de Galicia. Páxs. 65-66.

ben, polo que empezou a buscar fíos, ou quen llos vendera ou llos dera, pero non atopaba alí ninguén que os tivese. E aí, na estrofa que ocupa as liñas 30 a 33 é onde aparece o nome de Ribadulla:

E maa ventura venna | quen altar assi desbulla;  
e poren buscade fíos, | amigos, ca eu agulla  
tenno que non á tan bõa | daqui ata Ribadulla  
pera cose-los mui toste, | pero que vello semello.

A palabra *desbulla* podemos interpretala como «mantén» e *toste* significa rápido; o resto cremos que se comprende ben.

Por moito que o home buscaba fíos, ninguén llos facilitaba, ata que por fin chega o milagre: de repente, aparecéronlle enriba do ombreiro dous fíos. Tras agradecer con oracións o milagre el e mais as persoas que o acompañaban na igrexa, por fin con eses fíos puido completar o seu ofrecemento.

Vemos, pois, que Ribadulla aparece na liña 32. Pero ¿a que Ribadulla se refire? Non existía daquela, que nós saibamos, unha po-boación de gran tamaño chamada Ribadulla e que fose coñecida fóra de Galicia como por exemplo a cidade de Santiago de Compostela.

Pero o que si existía xa na época das cantigas era a «terra» ou distrito de Ribadulla, que englobaría un conxunto de parroquias do curso medio do río Ulla, probablemente as que formaban parte do antigo arciprestado de Montesacro<sup>2</sup>, nome que fai referencia ó Pico Sacro, o monte máis elevado da contorna.

O arcebispo de Santiago, que era quen ostentaba o señorío da comarca que circundaba a cidade, foi entre 1273 e 1281 Gonzalo Gómez<sup>3</sup>, e entre os cargos que o axudaban nas súas tarefas gubernativas estaba o dun notario que redactaba os documentos legais tanto da terra de Ribadulla coma da de Piloño, esta última sería un conxunto

2 A denominación de Montesacro cambiou e as parroquias do curso medio do río Ulla formaban parte no século xx do arciprestado de Ribadulla, o seu sucesor. A súa historia foi recollida neste libro:

Maceira Gago, Antonio D., dir. e coord. *O Arciprestado de Ribadulla*. A Coruña, 2001, Fundación Caixa Galicia.

Actualmente denomínase arciprestado de Ulla: <http://www.archicompostela.gal/arciprestazgo-de-ulla>, consultada a 6 de xullo de 2020

3 Wikipedia. *Lista de arcebispos de Santiago de Compostela*. En: [https://pt.wikipedia.org/wiki/Lista\\_de\\_arcebispos\\_de\\_Santiago\\_de\\_Compostela](https://pt.wikipedia.org/wiki/Lista_de_arcebispos_de_Santiago_de_Compostela), consultada a 6 de xullo de 2020.

de parroquias situadas na beira esquerda do río Ulla (Santa María de Piloño é hoxe parroquia de Vila de Cruces).

Coñecemos o nome do notario que exercía en 1276, Pedro Moogo, por un documento que asina nese ano, no que se presenta como «Notario jurado do señor archibispo en terra de piloño e de Ribadulla»<sup>4</sup>.

Para concluír a análise do texto dos cancioneiros, indicar que tradicionalmente se atribuíu a autoría das cantigas a Afonso X, pero as investigacións realizadas nas últimas décadas apuntan á participación doutras persoas coma o trovador Airas Nunes, a quen se considera santiagués. Isto permitiría explicar mellor a aparición do nome da terra de Ribadulla na grande obra promovida por Afonso X.

A denominación «terra de Ribadulla» mantívose no tempo e podemos seguirlle o fío a través da historia: o cargo de notario en terra de Ribadulla, por exemplo, existiu durante varios séculos, aínda que non sempre co mesmo título. Así, no ano 1400 Jácome González é «notario de Tabeirós e Ribadulla»<sup>5</sup>. E para o ano 1403 Garçia Peres preséntase como «notario publico da terra de Cornado et de Ribadulla»<sup>6</sup>. Pero de novo en 1413 Afons Balladares titúlase «notario publico de Terra de Taveyroos e de Rebadulla jurado por la Iglesia de Santiago» e é axudado por Eans Gago «escripvan»<sup>7</sup>. Nas seguintes décadas alternan «terra de Cornado e Ribadulla» e «Tabeirós e Ribadulla»<sup>8</sup>.

Xa no século XVII, Cristóbal de Regueira é entre 1616 e 1662 escribán e notario de Monte Sacro e Terra de Ribadulla e nas dé-

4 López Ferreiro, Antonio. *Colección Diplomática de Galicia Histórica*. Santiago de Compostela, 1901, Tip. Galaica. Páxs. 263 a 265.

5 Foro outorgado en 1400 polo mosteiro de San Paio de Antealtares. Documento número 191. Datos tomados de: Lucas Álvarez, Manuel. *El Archivo del Monasterio de San Martiño de Fóra o Pinario de Santiago de Compostela*. Sada, 1999, Edicións do Castro. Tomo I. Páx. 684.

6 Apeo de bens do convento de Santa Clara en San Miguel de Enquerentes (1403.07.01). Documento número 656. Datos tomados de: Rodríguez Núñez, Clara Cristela. «La colección documental de Santa Clara de Santiago». En: *Liceo Franciscano*. Santiago, 1993, Liceo Franciscano. Páx. 147.

7 Doazón de Tareija García de Godin (1413.12.04). Datos tomados de: Fernández Castro, Xoán Andrés. «A Estrada nos seus documentos antigos». En: *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*. A Estrada, 1998, Museo do Pobo Estradense 'Manuel Reimóndez Portela'. Páx. 28-30.

8 Neira Pereira, Henrique. *Vedra. Unha historia visual*. A Coruña-Vedra, Deputación da Coruña-Concello de Vedra. En prensa.

cadás posteriores atopamos as denominacións terra de Ribadulla, couto de Ribadulla e couto de Montesacro. Aínda no século XIX figura Antonio María Mareque París como asignado ós antigos coutos de Lestedo e Montesacro, desde 1850 ata 1868, e xa de 1869 a 1896 ten o cargo de notario da Ponte Ulla<sup>9</sup>.

9 Justo Martín, María José e Clara Isabel Pérez Zalama. *Inventario de protocolos notariais. Santiago de Compostela: 1506-1896*. Santiago, 1998, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela.





# Breve xenealoxía de Virxinia e Castelao

Luís Ferro Pego  
leonvenera@hotmail.es

**Resumo.** Preséntase unha breve xenealoxía de Virxinia Pereira Renda e do seu home o ilustre galeguista Alfonso Rodríguez Castelao, veciños que foron desta vila da Estrada e que unha loita fratricida os levou a un desterro forzoso en ultramar, lonxe da súa querida Galiza. Hoxe Castelao repousa no Panteón de Galegos Ilustres na cidade do apóstolo Santiago e os restos de Virxinia e do seu fillo no cemiterio de Figueroa da Estrada, na terra que os veu nacer.

**Abstract.** Brief genealogy of Virxinia Pereira Renda and his husband, Alfonso Rodríguez Castelao, a distinguished pro-Galician man. These inhabitants of A Estrada were forced to exile overseas, far from their beloved Galicia, because of a fratricidal strife. Today, Castelao rests in a mausoleum in Santiago de Compostela and the remains of Virginia and her son are in Figueroa cemetery, in A Estrada, the place where they were born.

A Estrada, garda un profundo recordo destes persoeiros. Castelao deixounos debuxos fermosísimos, como a torre de Guimarei, a igrexa de Ouzande ou a fonte do pazo de Oca e unha morea de contos con imaxes da Estrada.

Pero lembremos que Castelao foi unha persoa represaliada politicamente polo franquismo. El xa o tiña asumido cando uns días antes da guerra civil e estando en Madrid para o acto da entrega nas Cortes do Estatuto de Autonomía de Galiza que acaba de ser votado, díxolle a Otero Pedraio:

Mira, Ramón, eu non voltarei a Galiza, non voltarei a ver a miña nai; vai vir unha guerra terrible e perderemos nós, os de esquerda.

Non sería ata despois da chegada da democracia cando os mesmos que o ignoraron e repudiaron foron os que repatriaron os seus restos mortais e fixeron ondear timidamente a bandeira da Galiza para ningunear o pobo, querendo mostrar unha terra libre e galeguista. Nunca máis lonxe da realidade, na Galiza aínda hoxe predomina



Igrexa de Ouzande.



Cruceiro de Ouzande.

mina por imposición unha lingua estranxeira, o que nos demostra que Castelao segue esquecido na lembranza.

Na vila da Estrada dúas rúas levan os nomes de Virxinia Pereira e Alfonso Castelao e a casa que o pai de Virxinia, don Camilo Pereira Freijenedo, mandou erguer na rúa Pérez Viondi, –apelidos dun dos seus xenros– hoxe en día atópase restaurada e en excelente estado de conservación. Nas portas desta casa están as iniciais do fundador do inmoble C. P. Camilo Pereira e no portal do xardín a data de 1889.

Precisamente neste ano de 1889 a Camilo foille concedida autoriza-



Edificio na rúa Pérez Viondi

ción para establecer un servizo público de carruaxes polas carreiras da Estrada a Caldas, a Santiago, á Coruña e a Pontevedra. Esas liñas explotáronas despois outras persoas ligadas á Estrada como Sanjurjo Badía. Don *Camilo Pereira Freijeiro* era natural de San Facundo de Seoane, concello do Carballiño (Ourense), onde naceu o día 23 de febreiro do ano de 1846, fillo de don Hipólito e dona María, esta natural de Santa María de Arcos, concello do Carballiño, neto por liña paterna de Juan Pereira e María López, natu-



Porta principal iniciais  
C P de Camilo Pereira

rais de Arcos, e pola materna, de Francisco Freijenedo e de Teresa Casero, naturais de Seoane.

Camilo, avogado, chegou á Estrada na década dos sesenta como procurador dos tribunais do novo Partido Xudicial da Estrada. Mantiña unha estreita relación coa familia Riestra e así no 1914 ofreceu unha cea na súa casa ao deputado electo a Cortes pola Estrada desde 1908, Raimundo Riestra Calderón.

Don Camilo Pereira Freijenedo exercía a avogacía na vila da Estrada, e foi o decano dos avogados. Ostentou o cargo de deputado en varias ocasións, entre 1888 e 1896, pois era amigo dos Riestra. Logo fóronlle mal as cousas e cambiou de partido, pasándose aos conservadores e apoiando a seu xenro Pérez Viondi, que nunca chegou a triunfar. No ano 1920 desempeñaba o cargo de secretario do xulgado de 1º Instancia e Instrución da vila.

Camilo Pereira mantiña unhas importantes relacións sociais. Na casa familiar de Camilo realizábanse magníficas festas ás que acudían personaxes de toda Galicia. En abril de 1900 dicíase: «De nueve a doce de la noche, se bailó incesantemente a los acordes del piano tocado con ejemplar maestría por Clemencia Pereira de Paratcha y sus hermanas».

Camilo contraeu matrimonio canónico o día 23 de xullo de 1873 na Estrada na casa habitación de dona Tomasa López, nai da desposada, oficiando a cerimonia o crego da parroquia de San Paio da Estrada don Francisco Coto. A noiva, dona Peregrina Renda López era natural da parroquia de San Bartolomeu de Pontevedra, onde veu ao mundo o día 23 de agosto de 1853, filla de don Felipe Renda, natural de Santo André de Veá, concello da Estrada, e de dona Tomasa López Cubillo, natural San Xoán de Sabardes, en Muros (A Coruña). Dona Peregrina era neta por liña paterna de don Francisco Renda e dona Teresa Reyes, aquel de Santo André de Veá e esta de San Xurxo de Veá, e por liña materna de don Benito López e dona Lorenza Cubillo, ambos naturais de Pontevedra.

Don Camilo e dona Peregrina casaron logo polo xulgado da Estrada o día 13 de agosto de 1873, pois así era preceptivo polas leis que imperaban nese momento.

Finaron ambos esposos en Vigo, don Camilo en setembro de 1931 e dona Peregrina o día 14 de novembro de 1934.

A súa prole foi numerosa, acorde aos tempos en que vivían. Tivo sete fillas, casando a todas vantaxosamente:

1. *Sara Plácida Cándida Pereira Renda*. Nace o 7 de maio de 1874 na Estrada, onde contrae esponsais o día 17 de decembro 1898, con *Alfredo Pérez Viondi*, nado en Cuba en 1861, fillo de Antonio Pérez Marquesa, natural de Santiago de Compostela, e de Enriqueta Viondi Niño, natural da Habana.

Alfredo, médico militar e político, foi nomeado fillo adoptivo da vila e concello da Estrada na sesión do Pleno do concello da Estrada de data 9 de novembro de 1925, pois «en todo momento ha prestado su valiosísima cooperación a cuantos asuntos de interés general afectan á esta villa y ayuntamiento, siendo protector constante de los naturales del municipio».

En 1920 presentouse ás eleccións de deputado a Cortes polo distrito da Estrada, pero gañou Vicente Riestra Calderón.

Foi gobernador civil en Huesca e logo entre 1929 e 1930 foi alcalde de Vigo, onde finou o día 28 de abril de 1938. A súa esposa, Sara, finou o día 11 de marzo de 1969 en Salamanca, onde vivía coa súa sobriña Evita.

2. *Clemencia Elisa Pereira Renda*. Veu a luz na Estrada na casa dos seus pais na Praza Principal o día 1 de novembro de 1875. Contraeu matrimonio o día 15 de xullo de 1895 co comerciante pontevedrés *Benito López Paratcha*, natural de Pontevedra, fillo de Juan Ramón López Cubillo, natural de Vilagarcía, e de Peregrina Paratcha Pasant, natural de Pontevedra.

O óbito de Benito tivo lugar en Pontevedra o día 11 de xullo de 1929 e Clemencia finou viúva en Salamanca o 25 de febreiro de 1968, onde vivía coa súa sobriña Evita. Deste matrimonio non quedou sucesión.

3. *Herminia Pereira Renda*. Nativa da Estrada desde o día 17 de outubro de 1877, uniuse en matrimonio na súa vila o día 8 de setembro 1902 con *Manuel Fidalgo Lugo*, rexistrador da propiedade na Estrada, natural de Cira, fillo de Manuel Fidalgo Sieiro e de Juana Lugo Santos, ambos naturais de Santa Eulalia de Cira,

O pasamento de Herminia tivo lugar en Vigo o día 6 de xullo de 1977. Deste matrimonio quedaron cinco fillos:

- A. Herminia Fidalgo Pereira, nada na Estrada, rúa Riestra, o día 15 de marzo de 1904, finou solteira en Vigo o 26 de febreiro de 2011.
- B. Manuel Fidalgo Pereira, nacido na Estrada, rúa San Paio, o día 13 marzo de 1908, morreu en Madrid o 12 de febreiro de 1983 e foi enterrado en Vigo.
- C. Alejandro Fidalgo Pereira. Naceu na Estrada, na rúa San Paio, o día 15 de maio de 1910 e faleceu na Estrada o 16 de abril de 1918.
- D. Alfonso Fidalgo Pereira. Tamén é natural da Estrada, onde naceu o 14 de maio de 1912 na rúa San Paio. Contrae matrimonio canónico na Capela dos PP. Xesuítas de Bella-Vista (Lavadores, Vigo) o día 12 de outubro 1949 con María Lourdes Suárez Antelo, de 22 anos, natural de Santiago de Compostela, filla de José Suárez Ramos e de Antelo Trillo. Por acordo de 7 de maio de 1982 da Comisión Permanente, Alfonso xubilouse sendo secretario da Sala do Tribunal Central de Traballo. Finou don Alfonso en Madrid, o 17 de xaneiro de 2010.
- E. María de la Soledad Fidalgo Pereira, nada na Estrada, rúa San Paio, 20 de xaneiro de 1916.
- F. María de los Ángeles Fidalgo Pereira, nacida na Estrada, rúa San Paio, o 13 de agosto de 1917, finou en Vigo o día 9 de xaneiro de 2012.
4. *Emma Aquilina Benita Pereira Renda*, nada na casa dos seus pais na Praza Principal da vila da Estrada o 16 setembro de 1879, casou na súa vila natal o día 27 de decembro de 1900 co avogado don *Jesús González Bermúdez*, fillo de Buenaventura González Fernández, natural de Vilagarcía, e de Josefa Amalia Bermúdez de Castro Graña, natural de Cangas. Foron veciños da Estrada, onde aconteceu o óbito de Emma na súa casa da rúa San Lorenzo o día 3 de xuño de 1905. Deste matrimonio quedou un fillo chamado *Jesús González Pereira*, nado na Estrada, rúa San Lorenzo, o día 25 de outubro de 1901. Uniuse en matrimonio con Sofía López Rodríguez, nacida o 19 de xaneiro de 1902 en Torrijos (Toledo), filla de Jaime e Sofía.

O óbito de Jesús aconteceu en Madrid o día 6 de abril 1952 e o de Sofía tamén en Madrid o día 15 de outubro de 2005, ambos soterrados no cemiterio de Sotillo de la Adrada (Ávila). Deste matrimonio quedaron tres fillos chamados Jesús, María Isabel e Sofía González Pereira.

5. *Lía Pereira Renda*, nada na Estrada o día 8 de setembro 1881, celebrou esponsais na igrexa parroquial de San Paio da Estrada o 23 de xullo de 1906 con don *Domingo Abad Carranceja*, natural de Muros (Oviedo), fillo de Francisco Abad Abalo, natural de Carril, e de Dolores Carranceja Ballás, natural de Comillas (Cantabria).

Lía finou en Barcelona o día 6 de outubro de 1955. Foron pais de:

- A. Carlos Abad Pereira, nado na Estrada o día 9 de novembro de 1908, finou en Barcelona o 1 de maio de 1986.
  - B. Raquel Abad Pereira, nacida na Estrada o 24 de maio de 1917, finou solteira en Barcelona o día 5 de febreiro de 2003.
  - C. Luís Abad Pereira, nado en Vigo o día 12 de xaneiro de 1920, finou en Barcelona o 28 de xullo de 1989.
6. *Eva Pereira Renda*, nace na Estrada o 24 de marzo de 1883. Contrae matrimonio na igrexa parroquial da Estrada o día 23 de xullo de 1906 co seu cuñado, viúvo da súa irma Emma, Jesús González Bermúdez de Castro. Finou viúva en Barcelona o 3 de maio de 1974. Deste matrimonio quedaron tres fillos:
    - A. Eva González Pereira, natural da Estrada, onde naceu o 24 de agosto de 1907 na praza Principal.
    - B. Paz González Pereira, nacida na rúa estradense de San Lorenzo o 29 de novembro de 1908. Finou viúva en Vigo o 26 de decembro de 1984.
    - C. Pablo González Pereira, nado na Estrada, na rúa de Riestra, o 28 de novembro de 1910. Aconteceu o óbito de Pablo en Barcelona o 26 de decembro de 1978.
  7. **Virginia Nicolasa María Gracia Tomasa Pereira Renda**, (que segue).



8. *Camilo José Pereira Renda*. Veu a luz na Estrada o día 8 de novembro de 1886. Foi oficial no instituto de Pontevedra no ano 1908. Casado, finou na Estrada o 16 de xaneiro de 1974.
9. *José Pereira Renda*, nado na rúa de Bedelle da Estrada o día 26 de decembro de 1888, onde finou o día 18 de xullo de 1894.
10. *Ángel Pereira Renda*, nado na rúa de Bedelle da Estrada o día 2 de marzo de 1891.

Militar de carreira, alcanza o grao de coronel. Contrae matrimonio canónico o día 21 de marzo de 1921, na igrexa parroquial de San Pedro de Cornazo en Vilagarcía de Arousa con *Herminia Agulló Barral*, nacida en Vilagarcía de Arousa o día 24 de xaneiro de 1898, filla de Vicente e Maximina.

Ángel morre na Estrada o 26 de xullo de 1965 e Herminia en Madrid o 20 outubro de 1981, se ben ambos foron soterrados no cemiterio de Figueroa na Estrada. Deste matrimonio non quedou descendencia.

### **Virginia Nicolasa María Gracia Tomasa Pereira Renda**

Nada na casa dos seus pais na praza Principal da Estrada o 19 de outubro de 1884, foi apadriñada no bautismo polo cura de san Xiao de Veá e por Virxinia Novoa, veciña de Vigo.

Tras coñecer en Santiago ao que ía ser o seu marido, contraeu esponsais na antiga igrexa parroquial da vila da Estrada o 19 de outubro de 1912 con don Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao, nado na vila de Rianxo o 29 de xaneiro de 1886, fillo de Mariano Rodríguez Dios e de Joaquina Castelao Genme, ambos naturais e veciños de Rianxo. Foron padriños de voda o cuñado da noiva e rexistrador da propiedade estradense Manuel Fidalgo e Sara, a irmá de Virxinia. Tralo convite «los desposados salieron después en automóvil para su viaje de novios dirigiéndose a Santiago y siguiendo a Pontevedra y Portugal», para pasar a lúa de mel.

O óbito de Castelao ocorreu en Bos Aires o 7 de xaneiro de 1950 e Virxinia finou en Madrid o 23 de decembro de 1969.

O seu único fillo *Alfonso Luís Rodríguez Pereira* tamén naceu na Estrada. Segundo o Rexistro Civil tivo lugar o 1 de febreiro de 1914





Virxinia.

e foi bautizado na parroquia de San Paio da Estrada o día 27 de febreiro de 1914, impoñéndoselle os nomes de Alfonso Jesús de Braga. Finou en Pontevedra o día 3 de xaneiro de 1928 aos 14 anos.

Anos máis tarde o panteón de Pontevedra no que foi sepultado, foi requisado e mandáronlles retirar as cinzas do rapaz. A nai recolleu os restos e depositounos no cemiterio de Pereiró (Vigo). E máis adiante, estando xa viúva Virxinia, comunicáronlle que apareceran máis restos, que ela recolleu e depositou no panteón dun curmán da Estrada. Non sería ata 1986 que os restos de Pereiró foron trasladados tamén á Estrada.



Voda de Virxinia e Castelao, 1912.



Sepultura de Virxinia e do seu fillo.



Rúa Castelao na Estrada.

Virxina morreu en Madrid en decembro de 1969. O concello da Estrada en sesión ordinaria do día 27 dese mes e ano fixo «constar en acta el profundo sentimiento de la Corporación por el fallecimiento ocurrido en Madrid el pasado día 23 de D<sup>a</sup> Virginia Pereira Renda, natural de esta villa, perteneciente a una de las familias de más arraigo en el municipio y viuda que fue del eminente artista y escritor D. Alfonso Rodríguez Castelao».

Os restos mortais de Virxina, que estaban no cemiterio da Al mudena en Madrid, e os do seu fillo, foron inhumados e trasladados ao cemiterio da Estrada, onde foron soterrados xuntos o 19 de outubro de 1986. Coincidindo con eses actos, o concello da Estrada nomeou a Castelao fillo adoptivo da vila.

A ascendencia de Alfonso Rodríguez Castelao podémola retrotraer ata seu pai:

*Mariano Rodríguez Dios*, nado en Rianxo ás 12 horas do día 17 de febreiro de 1859 e bautizado na igrexa parroquial de Santa Columba ao día seguinte. Era fillo de Manuel Rodríguez e de Ventura de Dios, e neto por liña paterna de Luís Rodríguez e Ana María García e pola materna de José de Dios e María de Figueira.

De profesión, mariñeiro, contraeu matrimonio na igrexa de Santa Columba de Rianxo o día 13 de xullo de 1885 con Joaquina Castelao

Genme, nada ás 6 da mañá do día 14 de maio de 1858 e bautizada o mesmo día na igrexa de Santa Columba, filla de Ramón Castelao Vidal e Teresa Genme, veciños de Rianxo, neta por liña paterna de Francisco Castelao Balado e de María Rosa Vidal Figueira, e neta por liña materna de Bartolomé Genme e Joaquina Fuentes.

O matrimonio de Mariano e Joaquina emigrou para Arxentina e grazas a moitos sacrificios fíxose cunha situación económica que lle permitiu pagarlle os estudos de medicina ao seu fillo. Mariano, que chegou a ser alcalde de Rianxo, finou en novembro de 1932 e a súa dona Joaquina finou en Rianxo o día 24 de xaneiro de 1945.

Foron pais de:

1. *Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao* (que segue).
2. *Joaquina Teresa Rodríguez Castelao*. Nada en Bos Aires o día 15 de maio de 1899, o seu pasamento aconteceu o día 23 de marzo de 2000 en Rianxo, rúa de Baixo, núm. 42. Finou solteira.
3. *Josefina Rodríguez Castelao*. Naceu en Bos Aires e finou célibe en Rianxo o día 15 de outubro de 1974.

### **Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao**

Naceu en Rianxo na casa dos avós maternos sita en Cabo da Vila o 29 de xaneiro de 1886 ás 10 da mañá.

De profesión médico, funcionario, mestre de debuxo, deseñador e ilustrador, tamén foi político chegando a ser deputado nacional.

Porén, ao parecer Castelao namorouse primeiro de Eva Pereira, a irmá de Virxinia, pero Eva por vontade do seu pai casou co seu cuñado Jesús González, trala morte de parto da súa irmá Emma, para que a criatura tivese unha nai. Logo, tras varios anos de relación con Virxinia, Castelao casou con esta.

No momento de casar Alfonso residía na rúa Principal de Rianxo, nº 7. Contraeu esponsais na igrexa parroquial de San Paio de A Estrada, ás 10 da mañá do día 19 de outubro de 1912, con dita *Virginia Nicolasa María de Gracia Tomasa Pereira Renda*.

Castelao foi cabeza de lista do «Frente Popular» en 1936 e o candidato máis votado. Chegado o «Alzamiento», Castelao tivo que partir ao exilio, mentres que seus cuñados Pérez Viondi e Ángel Pereira tomaban partido polo bando franquista.

REPÚBLICA DOS ESTADOS UNIDOS DO BRASIL

FICHA CONSULAR DE QUALIFICAÇÃO

MODELO S.C. 189  
**310180**

Esta ficha, expedida em duas vias, será entregue à Polícia Marítima e à Imigração no porto de destino

Nome por extenso Alfonso Rodriguez Castelao

Admitido em território nacional em caráter **TEMPORÁRIO**

Nos termos do art. **25** letra **A** do dec. n. 5.010-20-8 de 1938

Lugar e data de nascimento Rianjo. 30-1-1886.

Nacionalidade Espanhola Estado civil Casado

Filiação (nome do Pai e da Mãe) Mariano e Joaquina Castelao

Profissão Desenhista

Residência no país de origem Belgrano 2605, nesta.

NOME IDADE SEXO

Autorizado por telegrama do Ministério das Relações Exteriores. - Viaja em transito para o México.

FILHOS MENORES DE 18 ANOS

Passaporte n. -100- expedido Consulado da Espanha em Nova York na data 1-5-1939.

visado sob n. 4611

ASSINATURA DO PORTADOR:  
*ay R. Castelao*

SEL. CON.  
  
Consulado Geral do Brasil em Buenos Aires, **28 SET 1945**  
VLO CONSUL GERAL  
S. F. GARCIA DE SOUSA  
CONSUL AGUANTO

.NOTA - Esta ficha deve ser apresentada a qualquer polo autoridade consular, sendo as duas vias em original.



Sarcófago de Castelao. Santiago.

Castelao e Virxina foron ao exilio xuntos, primeiro a EEUU e Cuba, antes de chegar a Arxentina, que era o seu destino e onde foron recibidos cos brazos abertos.

O seu óbito sucedeu no sanatorio do Centro Gallego en Bos Aires o día 7 de xaneiro de 1950, tras ser tratado na súa longa enfermidade no *Centro Gallego* en Bos Aires, aínda que daquela pouco

se podía facer, mesmo en EEUU, onde algúns estradenses, como José Fernández Caramés, pensaron en trasladalo aportando os recursos necesarios.

Os seus restos foron inhumados no mausoleo que o Centro Gallego ten no cemiterio bonaerense de Chacarita, onde estiveron ata 1984 cando foron traídos a Galicia e depositados no Panteón de Galegos Ilustres na igrexa do convento de Santo Domingo de Bonaval en Santiago.

Actualmente na Estrada os nomes de Virxinia Pereira, Alfonso R. Castelao e Pérez Viondi dan nome a cadansúa rúa.



Rúa de Virxinia na Estrada.

## Fontes documentais

Libros sacramentais das parroquias de Santa Columba de Rianxo e de Trobe (Vedra), depositados no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela.

Libro de casados e bautizados da parroquia de San Paio de A Estrada, depositados no arquivo parroquial da Estrada.

Libros de matrimonios, nacementos e defuncións do Rexistro Civil da Estrada.

Arquivo Municipal da Estrada. Libros de Sesións, Pleno 9 de novembro 1925 do concello da Estrada.





# Ampliación da alameda e praza da Constitución da Estrada

Román Sanín Cortizo  
romasanincortizo@gmail.com

Durante o ano 2019 a praza e alameda do Concello, no corazón da vila da Estrada, acometeu a maior transformación da súa historia. Uns 12.000 m de área de actuación dos cales 7.000 son zonas verdes.


Grazas á financiación de EDUSI cofinanciada polo FEDER nun 80% mediante o Programa Operativo Plurirrexional de España (POPE), e tras varias fases, púidose finalizar o proxecto de ampliación deste núcleo central da vila incorporando os terreos situados entre a antiga alameda e a rúa Alfonso R. Castelao.

O proceso necesario para esta transformación poderase ver no video que, no seu momento, se aloxará na pestana de Arquivos Audiovisuais da web do Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimón-dez Portela» co título Evolución e ampliación da Praza e Alameda Municipal realizado e dirixido por J. Pedro Pérez Pérez.

<http://www.museo.aestrada.gal/index.php/2-uncategorised/11-videos>


O operador de drone, Román Sanín Cortizo, aproveitando a filmación levada a cabo o 22 de agosto de 2022, realizou unha serie de fotografías que mostran unha visión do resultado final da transformación da praza e alameda do Concello da Estrada.





Pista multideporte.






Palco e fonte.




Praza.



Parque tirolina.



Parque infantil.



Vista cenital do concello.








# A Estrada de postal

Juan Andrés Fernández Castro  
juanandresfc@yahoo.es

Ata non hai moitos anos eran frecuentes nas librarías e incluso comercios ordinarios uns expositores de fotografías con vistas dos rincóns, prazas, edificios, monumentos e rúas máis característicos da vila ou cidade onde se encontraban. O reverso estaba acondicionado para escribir un breve texto, xeralmente de saúdo, e espazo para o enderezo e o selo. A postal diferenciábase do correo ordinario ou carta en que aquela enviábase aberta e, con frecuencia, escribíase no lugar onde se compraba. Os seus usuarios adoitaban ser persoas en tránsito, viaxeiros, veraneantes e turistas que querían deixar constancia, ante familiares e amigos, da súa estancia nun lugar.

Hoxe os modernos medios de comunicación relegaron aquelas entrañables postais, escritas a correr no mostrador da librería, ao baúl das lembranzas, aos álbumes dos coleccionistas e incluso aos museos, como o noso Manuel Reimóndez Portela, onde conservamos unha ampla colección de vistas estradenses da que se ofrece neste traballo unha breve escolma.



Librería "LA ARTÍSTICA", -La Estrada.

LA ESTRADA (Pontevedra).-Calle de La Peregrina.







LA ESTRADA (Pontevedra).-Plaza Principal o de! Generalísimo Franco.




LA ESTRADA (Pontevedra).-Detalle de los Jardines.
































LA ESTRADA (Pontevedra).—Calle de Calvo Sotelo y Plaza del Generalísimo, que dan a la villa un aspecto de gran población.

(Foto Otero)

TARJETA P



Dña Emilia Gómens

Rafael Casanova 15

Badalona

Barcelona













*Querida tía Emilia; desde esta hermosa villa y ante la proximidad de tu fiesta, te deseo un sin fin de felicidades y años de vida, rodeada de los seres para tí más queridos.*

*Fu sabrino que no te olvida*

*Juan*

*3/4/40 - La Estrada.*

La villa de La Estrada es, sin disputa, la más moderna de Galicia, y una de las más hermosas y sanas. Cuenta con péñoles y plazas amplias, asfaltadas y limpias; sus edificios elegantes y bien alhajados, dotados de buenos servicios sanitarios con froids de aguas, alcantarillado, etc.; así como sus excelentes servicios públicos, y demás, le dan cierto aire de gran ciudad. Lindo lo cual a su inmejorable situación sobre una suave colina cubierta de extensas robedas y pinaras y desde la que se dominan los panoramas más bellos de la comarca, hacen que dicha villa sea la pretendida por los veraneantes del litoral.

IMP. LA ARTÍSTICA.-LA ESTRADA

TARJETA POSTAL

*Huendo afectuado un viaje temporario. Incredibly porque que familia voy para un viaje tan largo sin un peso de una clase de un momento. Y lo voy a escribir muy extensamente. Que poner buen veras. un abraço extenso a toda familia*

LA ESTRADA.—Plaza del Generalísimo.

70 CS  
ESTRADA  
ESPANA  
CORREOS  
1940

Sr. Sr.  
*José María Guzmán*  
*Plaza Cataluña 5*

*Rous*

Edic. Foto Madrid.





# Vida, obra e fazañas de Manuel Blanco Garea, o único ciclista estradense que correu dúas voltas a España e que durmiu baixo as estrelas

Fernando Cabeza Quiles

fecabezaquiles@edu.xunta.es

**Resumo.** Neste traballo, o autor, que no seu día tamén foi corredor ciclista de competición, fai unha descrición biográfica do ciclista estradense, nado na aldea estradense da Brea, da parroquia de Santa Baía de Matalobos, Manuel Blanco Garea, quen, desenvolvendo a súa carreira deportiva como corredor *amateur* en Barcelona, pasou no ano 1972 ao campo profesional, primeiro co equipo Werner e despois, en 1973, co Monteverde. No seu periplo como *amateur* ganou máis de 150 carreiras, mentres que na categoría de profesionais, conseguiu, entre outras moitas clasificacións de honra e mérito, ganar unha etapa da Vuelta al País Vasco e outra na Vuelta a Colombia mais un meritorio 14º posto en La Vuelta a España de 1972, ano no que foi considerado pola prensa deportiva especializada un dos 10 mellores corredores ciclistas de España. Ao final do artigo ofrécese un apéndice fotográfico no que se resume en imaxes a vida e as fazañas deportivas do gran corredor estradense, quen lle proporcionou ao autor o relato de loita, superación, dificultades e esforzo que se ofrece de seguido.

**Abstract.** In this article, the author, who was also a professional cyclist in his day, gives a biographical description of Manuel Blanco Garea, a cyclist from A Estrada, born in Brea, a small village in the parish of Santa Baía de Matalobos. As an amateur cyclist, he developed his sports career in Barcelona and became professional in 1972, first with the Werner team and then, in 1973, with the Monteverde team. He won more than 150 races as an amateur, while in the professional category, he managed to win a stage of the Tour of País Vasco and another of the Tour of Colombia, among many other honour and merit awards. He also got a meritorious 14th place in the Tour of Spain in 1972, having been considered one of the 10 best cyclists in Spain by the sports press. At the end of the article, there is a photographic appendix which summarizes in images the life and achievements of this great cyclist from A Estrada, who provided the author with this story about struggle, overcoming, difficulties and effort.

Son as tres da tarde e Manuel Blanco Garea estame a esperar na súa atalaia da parroquia estradense de Calobre, dende a cal se divisa unha magnífica panorámica na que destacan, ao lonxe, as alturas do monte padronés chamado Meda, o máis próximo Cabalar ou da Pedra Alba, coa freguesía estradense da Somoza aos seus pés e, máis alá, a mole do monte Cádavo, que fai de límite natural entre os concellos de Campo Lameiro, Cuntis e A Estrada.

Devólvolle a Manuel Blanco a visita que este me fixo haberá 55 anos, cando el, xa ciclista consagrado no lendario equipo Picadero Damm de Barcelona, petou na porta do piso da rúa estradense de Pérez Viondi, onde un servidor vivía cos seus pais pouco tempo antes de abandonar A Estrada.

Blanco, sabedor por terceiros da miña afección e paixón polo ciclismo, viña, bo e xeneroso, interesarse por min e invitarme a saír con el na bici para darme ánimos e consellos sobre o duro, difícil e esforzado deporte das dúas rodas. Eu, daquela un entusiasta ciclista sen facer, tería 14 anos, e Manuel Blanco, un ciclista feito e dereito, 22. Desgraciadamente a nosa relación deportiva, moi proveitosa e ilusionante para min, durou pouco, porque Manuel, que pasaba uns días de descanso cos seus pais e irmáns no daquela arrabalde estradense da Decoita, tivo que volver para Barcelona, onde lle esperaban moitas carreiras por ganar.

Algúns anos máis tarde, estando un servidor vivindo en Santa Uxía de Ribeira, a onde me trasladei coa miña familia dende A Estrada, Manuel Blanco volveu entrar na miña vida, o que me fixo moita ilusión. O ciclista estaba pasando uns días na vila mariñeira na compañía do seu irmán, este por motivos de traballo, e acordouse de min. Paraban na *Carreirana* e Manuel, sabedor de que eu vivía en Ribeira, mandoume recado para que fose xantar con el. Invitación á que accedín moi gustoso. Creo que aquel día batín o récord dos 900 metros lisos da carreira a pé, porque coa ilusión e as ganas de reencontrarme co ídolo deportivo da miña nenez e preadolescencia, voei dende o meu domicilio ribeirense das Carolinas ata a zona do Rueiro, chegando nun santiamén.

Recordo que aquel día na *Carreirana* falamos animadamente degustando uns estupendos callos, cociñados maxistralmente pola *carreirana* ou, o que é o mesmo, por dona Carmen Ayaso Reiriz, que daquela rexentaba o seu mítico establecemento, hoxe desaparecido. Cómpre dicir que dona Carmen, alcumada a *carreirana*, por ser oriúnda da parroquia ribeirense de Carreira, era a nai do director de teatro, actor e humorista Quico Cadaval, que seguramente aquel día xogaríase e correríase, coma todos os nenos, polo establecemento adiante, mentres un servidor charlaba animadamente con Manuel Blanco e co seu irmán.

Sexa como for, hoxe, día 28 de abril de 2022 (este artigo sairá á luz nos últimos días do ano) volvo, cal fillo pródigo, ás terras da miña querida A Estrada (xa dixo o poeta Rilke, e dixo ben, que a patria do home é a nenez), onde ganei de rapaz todas as voltas ciclistas ao meu barrio. Estou de fronte do meu amigo Manuel na cociña da súa casa, rodeada de carballos, maceiras en flor, bilitroques e montañas. Manuel enche dous vasos de sidra fresca da súa colleita e comeza o seu interesante relato de loita, superación, dificultades e esforzo.

Non sei se foi unha premonición, pero Manuel Blanco Garea naceu un día 4 de abril do ano 1945 na aldea estradense da Brea, nunha casa campesiña situada á beira dun antigo camiño ou vereas (hoxe nomeada no topónimo A Brea), que Manuel recorda de neno de pedra e terra (na actualidade é a estrada N-640). Digo premonición porque Manuel abriuse camiño na vida precisamente grazas aos camiños e ás estradas a golpe de sol, de auga e de pedaladas no duro e esixente deporte do ciclismo.

Todo empezou, para este auténtico *esforzado de la ruta*, e da vida, cunha bicicleta que os pais de Manuel lle compraron cando tiña 14 anos para que se desprazase ao seu traballo, naqueles tempos de escaseza, cando todos estabamos, por razóns de dietas impostas, bastante máis delgados e tiñamos, tamén por razóns obvias, *sabañóns*, ao coar-se sen permiso nas nosas casas, daquela moi mal acondicionadas, os fríos e crus invernos estradenses.

Montado na súa bicicleta o noso protagonista decátase de que, malia ser moi pesada, deixa atrás con suma facilidade todos os ciclistas cos que se atopa, polo que albisca que quizais fose favorecido polos astros ou por algún nume para a práctica do ciclismo. «Eu corría moito!», exclama Manuel con naturalidade e sen pompa, á vez que me comenta que a súa afección ao duro e esixente deporte do ciclismo empezou cando entrou a traballar no taller de bicicletas dos irmáns Constenla, situado a carón do antigo e lúgubre cuartel da garda civil estradense, preto de onde un servidor comprou anos máis tarde a súa primeira e rudimentaria bicicleta de carreiras de cor verde con só un piñón de dezaioito dentes en, creo recordar ben o nome, «Bicicletas Prieto».



Os irmáns Constenla chamábanse Albino, Manolo e Pepe. Eran todos ciclistas e Pepe –infórmame Blanco– competía co que logo sería o competente e loitador corredor ciclista profesional galego Raúl Rey, vencedor no ano 1962 na Subida ao Naranco e participante varias veces en La Vuelta a España e no Tour de Francia nos primeiros anos sesenta do século pasado, cando un servidor, neno moi ilusionadísimo co ciclismo, consultaba as clasificacións de La Vuelta no diario deportivo *Marca*, buscando os nomes de Raúl Rey e de José Bernárdez, quen chegou a quedar cuarto no Campionato do Mundo do ano 1961 celebrado en Berna, despois de se formar nos seus comezos como ciclista ao abeiro do taller de bicicletas que tiña na rúa Morgadán de Padrón o noso antigo amigo, tamén ciclista das xa afastadas épocas heroicas, Julio Vázquez Angueira, O Saleiro.

No tempo do seu contacto cos irmáns Constenla, Manuel corre a súa primeira carreira como xuvenil na súa A Estrada natal e queda segundo; posición que repetirá pouco despois noutra proba en Santiago. Ao ano seguinte, ao cumprir os 18 anos, ten que ascender, por imperativo legal, á máis esixente categoría de afeccionados, o que non é obstáculo para que o noso ciclista gane, malia á súa xuventude, o Campionato Galego de fondo en estrada en Padrón o ano 1963. En segunda posición queda o ciclista de Cuntis, co que logo terá moita relación, Manuel Liñeira. En terceira, Víctor Blanco, tío do que logo foi exitoso ciclista profesional Suso Blanco Villar. De cuarto quedou o padronés José Angueira, quen, poucos anos despois, en 1966, foi campión de España de persecución na categoría de *amateur* no velódromo donostiarra de Anoeta, título que repetiu noutras dúas ocasións, sendo preseleccionado olímpico, o mesmo ca Manuel Blanco.

O temperán triunfo de Blanco no Campeonato de fondo en estrada é demostrativo de que o corredor estradense naceu cunhas calidades innatas para a práctica do ciclismo, deporte no que non tivo que sufrir un período de aprendizaxe previo, conseguindo vitorias en carreiras nas que participaban ciclistas de máis idade, en teoría máis curtidos e experimentados. Como consecuencia deste seu triunfo como campión galego en Padrón, Manuel Blanco é seleccionado para correr, formando parte do equipo galego, o ano seguinte,



o Campeonato de España contra reloxo por equipos que se celebrou en Cataluña. Entre os compañeiros do noso protagonista naquela selección galega figuraba, á parte de Blanco, Liñeira e Angueira, un corredor ciclista ben singular. Tratábase do *Gitano*, así alcumado por ser desa etnia. Blanco recórdao deambular pola Estrada adiante e arredores levando as rendas dun seu carro tirado por un cabalo e atado, na parte traseira da carruaxe, un cadelo.

Segundo nos relata o noso reencontrado amigo Manuel despois de tantos anos, *O Gitano* (o único ciclista desa etnia e cultura do que nós temos constancia) ten a desgraza de caer no percorrido da carreira e, magoado e dorido, é inquirido polo resto dos compañeiros do equipo para que trate de sobrepoñerse e acabar a contrarreloxo, pero *O Gitano*, meu pobre, no pode coa alma e os seus acompañantes teñen que esperar por el e afrouxar o seu enérxico pedaleo, entrando finalmente na meta nunha digna cuarta posición, que puido ser a primeira, pois, antes do contratempo sufrido polo ciclista xitano, fan nese posto.

Aquel campionato celebrouse na cidade de Mataró e, mentres o resto do equipo regresa a Galicia, Blanco e Liñeira, abraiados pola opulencia industrial e comercial de Cataluña, en comparación coa daquela paupérrima Galicia, deciden quedar cunha man diante e outra detrás (Blanco dime que non levaban nin tan sequera maleta) e moitas ganas de loitar e triunfar no país das fábricas, dos comercios e da sardana. Ao principio os dous ousados aventureiros, perante a penuria dos seus fondos monetarios, teñen que durmir algunha noite baixo as estrelas dun ceo raso no monte de Montjuic. «Dende alí viamos as luces do porto de Barcelona e eramos mordidos polas formigas», relátame Manuel Blanco con bo sentido humor na cociña da súa casa de Callobre, onde me serve, xeneroso, unha opípara e abundante merenda, regada cuns vasos de sidra, que volve encher. A merendola consiste nunhas boas talladas de xamón, adoçadas por unhas tamén gorentosas racións de queixo con marmelo, que me retraen á miña gozosa infancia estradense, cando, todo eran risas, porque aínda non morrera ninguén e todo eran días azuis e tempo de cereixas.

Proseguimos a nosa animada charla e o meu interlocutor dime que el, malia os seus difíciles comezos en Barcelona, optou, confiando nas súas magníficas dotes para a practica do ciclismo, por dedicarse por enteiro en corpo e alma a esta actividade, mentres que o seu compañeiro de peripecias e fazañas na cidade condal simultaneou a practica ciclista cun traballo nun taller de motos.

Pronto chega o primeiro triunfo ciclista para o noso biografado, aínda que antes da partida da carreira só pode tomar como almorzo nun bar un café con leite e apenas unhas migallas de pan e unha pouquiña marmelada deixados por outro ciclista que almorzara nunha mesa próxima. Con cartos ganados por Blanco, este e o seu amigo Liñeira, que aínda non traballa no taller, deciden, para celebrar aquela vitoria e evadirse das súas preocupacións e penalidades, coller un tranvía urbano, que só abandonan, despois de atravesar boa parte do casco urbano da cidade de Barcelona, cando o vehículo chega ao seu destino final. Episodio para nós moi entrañable e mesmo literario, que nos recorda a magnífica película española *Un viaje a ninguna parte*, baseada na novela homónima do gran Fernando Fernán Gómez, na que se conta a historia, as andanzas e os problemas económicos dun grupo de cómicos ambulantes, dificultades que no caso dos comezos de Manuel Blanco en Barcelona tamén foron grandes. Ao respecto Blanco dime que, á parte de permitirse a viaxe en tranvía a *ninguna parte*, con cartos do premio «comprei unha camisetaña».

As vitorias ciclistas en Cataluña de Manuel Blanco, nunha categoría que máis ca de *amateur* pode ser considerada, pola súa esixencia e nivel, como neoprofesional, vanse sucedendo como restras de cereixas ensarilladas nunha cesta e o laureado ciclista estradense, ao que xa non lle pican as formigas de noite cando durmía baixo un ceo estrelado, ficha polo potente equipo Vanguard TV, primeiro ao que pertenceu, cuxo vicepresidente tiña unha vaquería en Collblanc, barrio de Hospitalet de Llobregat e leva a Blanco para a súa casa, tratando o noso ciclista «coma un fillo», segundo as palabras textuais do corredor. Neste equipo Manuel proclámase campión de Cataluña. Aínda que este triunfo foi o de máis sona, o enérxico e voluntarioso ciclista estradense logrou moitos máis.

Despois o activo Manuel decide cambiar de póla e ficha polo lendario equipo Picadero Damm, onde colleitou unha chea de vitorias como ciclista *amateur-neoprofesional* no equipo cervexeiro, chamado Picadero por ter nun principio, segundo me ilustra Manuel, a súa sede nunha zona ou lugar onde houbera un picadeiro de cabalos, no daquela barrio barcelonés de Sarriá

No Picadero Damm, onde ten de compañeiros a corredores como Rafael Carrasco, (despois gran director deportivo), e a Pedro Torres e José Pesadorrona, os cales logo tamén brillarán como ciclistas profesionais, a Manuel Blanco chóvenlle os triunfos, entre os que destacan, outra vez o Campeonato de Cataluña de fondo en estrada e o de montaña de Barcelona. Cando está no momento máis doce e inspirado da súa carreira deportiva, tócalle ir á mili, o que lle rompe, segundo me comenta con cara de contrariedade, a súa forma, os seus plans e os seus esquemas. *La patria lo llama* –antes tivo que buscar os garavanzos el soño– e vísteno de soldado no campamento de Figueirido.

Como consegue sacar o daquela chamado *pase pernocta*, Blanco pode continuar cabalgando, pero menos, na súa bicicleta. Trasládase cada día no seu cabalo de aceiro, en viaxe de ida e volta, dende o campamento militar, empoleirado no alto do monte de Figueirido, a carón da cidade de Pontevedra, ao seu fogar, situado daquela na aldea estradense da Brea, na parroquia estradense de Matalobos.

Supoño que as madrugadas de volta serían monumentais para salvar os case 50 quilómetros que tiña que percorrer para chegar sobre as 8 da mañá ao campamento e non sei como se arranxaría en tempo de inverno loitando contra a chuvia, a escuridade, o frío e o vento. Sinto interese, preocupación e curiosidade e pregúntolle a Blanco sobre esta a súa nova dificultade. El coméntame que saía cara ás 6 da mañá da Brea e que na dura invernia pasou, mal equipado e abrigado, moito frío, chegando a coller unha bronquite da que tardou varios anos en repoñerse completamente. Blanco tamén me relata que para poder asir o guiador da súa bicicleta colocaba, ante a falta dunhas luvas minimamente cómodas e quentes, un vellos calcetíns nas mans. Nas costas arriba, púñase á roda dos camións, o que lle permitía certo grao de confort, ao cortarlle os mastodónticos

vehículos o vento e proporcionarlle a «calefacción» que saía dos seus motores.

Así e todo, o loitador, voluntarioso e temperamental Manuel vence unha vez máis o dragón e rematado o seu servizo militar en Figuerido, que debeu ser épico e que o amolou ben, volve a Barcelona, onde o está a esperar o Picadero Damm, no que segue colleitando máis triunfos no campo neoprofesional. Entre eles destacamos, por celebriase en Galicia, o IV Gran Premio de Primavera do ano 1967, cuxo percorrido foi Vigo-Pontevedra-Vigo, con triunfo do corredor estradense seguido de José Luis López Colmeiro, Víctor Blanco, Luis Angueira e José Luis Seoane.

Máis tarde o noso intrépido protagonista pasa ao equipo, tamén patrocinado por unha marca de cervexa, Deporte Ciclista Barcelona Moritz, un dos referentes, xunto ao Picadero Damm, do ciclismo *amateur* español, tanto polo número de vitorias conseguidas como polo número de socios e seareiros que tiña. Nas súas filas, á parte do estradense Manuel Blanco, destacaban ciclistas como Manuel Rodríguez Ayora, pai do celeberrimo Purito Rodríguez e Josep Tena, que posteriormente pasaría, como lle sucedeu ao ciclista estradense, ao campo profesional, no caso de Tena como compoñente do equipo vasco KAS.

Manuel Blanco que agora coída e colleita con mimo as maceiras do seu pomar, e patacas, tomates e leitugas en Callobre, colleitou, antes de pasar ao profesionalismo con final no Barcelona Moritz, á parte dos seus múltiples primeiros postos, máis de 150, unha chea de, como se di agora no ámbito deportivo, *top ten* (entre os dez mellores) como *amateur*. Algúns deles, son (resultaría tedioso e gastaríamos moita tinta e papel se os citásemos todos): noveno no ano 1966 no Campeonato de España de fondo en estrada. Terceiro no premio da montaña no Cinturón Ciclista Internacional de Cataluña no ano 1968. Cuarto en 1969 no citado Campeonato de España de fondo en estrada e sétimo, un ano despois, no Trofeo José María Sentís.

En 1970 tamén se fixo, entre outras vitorias, cunha etapa do devandito Cinturón Ciclista Internacional de Cataluña, que rematou en Berga e co Trofeo Excma. Diputación Provincial de Barcelona,

XXI Gran Premio Ciclista de Ódena (en catalán Òdena), Ciudad de Igualada. Para estimular a participación de corredores recoñecidos, os organizadores deste premio estipularon nos estatutos da carreira que o ciclista que o ganase tres veces en cinco anos conseguiría un trofeo de prata. Como Manuel Blanco o ganou tres veces seguidas, conseguiu o prezado trofeo arxénteo, que regalou, outra vez bo e xeneroso, a unha das súas irmás.

«Daquela –coméntame con naturalidade o meu amigo Manuel Blanco– ganaba carreiras hasta co zoco», momento no que era moi coñecido en Barcelona (dime que moito máis ca en Galicia), cando, ao pasear pola Gran Vía de Barcelona e O Paralelo, coñecía e saudábao «todo Cristo», engade Manuel. En 1971, no seu último ano como corredor *amateur*, Blanco fai o posto noveno no Campeonato de España de fondo en estrada.

Unha actuación memorable de Blanco Garea no campo afeccionado ou *amateur* foi a protagonizada, cando militaba no Barcelona Moritz, no Tour do Rosillon de 1971, onde o preclaro estradense ganou, dadas as súas extraordinarias dotes como escalador («subía rindo, dime»), unha etapa que rematou no coloso de Envalira, o porto de montaña con estrada máis alto (2.408 metros) dos Pireneos. Ese ano tamén ganou, antes de pasar ao campo profesional, a Subida a Montjuic de afeccionados (onde poucos anos antes tivera que durmir baixo un teito de estrelas). En 1971 tamén conseguiu ganar a Vuelta al Ampurdán, con dúas etapas disputadas en Cataluña e as outras dúas en Francia, así como, unha vez máis, o Campeonato de Cataluña. Gran Premio Hostal Coll de Lilla. Obsérvase que daquela, debido á represión lingüística exercida polo franquismo, os nomes das competicións deportivas estaban, agás algún topónimo que se lle debeu escapar á censura, en rigoroso castelán.

A pesar de que en afeccionados xa podía ganar unhas 500.000 pesetas ao ano (o que custaba daquela un piso), máis gastos de manutención é hospedaxe, o ano 1972 o gran ciclista estradense decide dar o salto á categoría profesional e ingresa nas filas do equipo *Werner* (antiga marca de televisores desaparecida). Consideramos que esa tempada debeu ser o ano de graza en profesionais do noso biografiado, o cal, malia que ten que traballar como auxiliar ou gre-

gario para os seus xefes de equipo (daquela era considerado o mellor gregario de España), conseguiu moi bos postos, entre os que destaca, a principio de tempada, unha etapa da Vuelta al País Vasco corrida entre as localidades de Logroño e Vitoria. Este triunfo, no que Blanco se atreve a ganar nada menos que na cidade onde ten a súa sede o todopoderoso daquela equipo ciclista Kas, senta moi mal aos corredores e a afección vasca, que ve, incrédula, como o ciclista estradense se escapa baixando cara á meta un día de chuvia co solo esvaradío, relegando a un segundo posto ao idolatrado polos afeccionados vascos Domingo Perurena, quen só pode facer segundo ao ganar o sprint do pelotón. Aínda que non aparece nin na letra pequena das hemerotecas, Blanco coméntame que aquel día non subiu ao podio, nin recibiu trofeo ningún, *cosas veredes, Sancho*. Esta sorprendente e ousada actuación de Blanco complétase cun oitavo posto na clasificación xeral da volta, sendo terceiro na do premio da montaña.

A magnífica participación de Blanco na ronda vasca válelle a súa inclusión como participante na súa primeira Vuelta a España na que consegue un excelente 14 posto na clasificación xeral final, malia ser debutante na gran carreira española e ser parado polo director deportivo do equipo, cando Manuel subía coma un foguete o porto do Formigal (outro coloso pirenaico), para que esperase e axudase ao seu xefe de equipo, Agustín Tamames. Malia esta circunstancia, o ciclista da Estrada quedou en cuarta posición naquela dura etapa de montaña, só por detrás do escalador de escaladores José Manuel Fuente, que aquel ano ganou finalmente a ronda española, e doutros dous corredores, un dos cales era o vasco Francisco Galdós, outro gran escalador ou *grimpeur*, que foi segundo na clasificación xeral do Giro de Italia, carreira na que ganou nunha ocasión o premio da montaña. Como quedou dito anteriormente, o vencedor daquela Vuelta A España, na que Blanco quedou decimocuarto, foi o citado corredor asturiano José Manuel Fuente, alias *El Tarangu*, segundo Miguel María Lasa e terceiro (axudado por Manuel) Agustín Tamames.

Tal como comentamos antes, pensamos que ese ano foi o mellor en profesionais do noso personaxe, o cal, malia ter que traballar

como auxiliar ou gregario para os seus xefes de equipo, especialmente para Agustín Tamames, logrou moi bos postos, pois ese ano de 1972 tamén fixo cuarto na esixente clásica internacional Zaragoza-Sabiñánigo, despois de máis 200 quilómetros de duro percorrido. Antes que el só entraron na meta Goicoechea, José Manuel López e Pedro Torres, corredor co que Blanco coincidira uns anos antes no Picadero Damm.

Esa tempada Blanco tamén se clasifica en quinta posición no *Gran Premio de Vizcaya*, que ganou Domingo Perurena. Quedou de segundo, co seu equipo o *Werner* no prólogo da Vuelta a Cataluña disputado nun circuíto urbano da localidade leridana de Tremp. Así mesmo, aquel agraciado ano é segundo na clasificación xeral da Vuelta a Lérida, ronda na que gana a camisola verde á regularidade.

Por se non abondase, tamén en 1972, Manuel Blanco clasifícase en sétima posición no Campeonato de España de Ciclismo en fondo en estrada celebrado, baixo unha calor abafante, en Segovia, sobre un esixente circuíto ao que había que dar vinte voltas totalizando 220 quilómetros de percorrido no que destacaba, como gran dificultade, a dura costa que leva dende o Santuario de La Fuencisla a Segovia. Ao final, despois dunha disputada pugna, resulta vencedor Luis Ocaña, que chega en solitario á meta, seguido dun pequeno pelotón no que se impón ao sprint Domingo Perurena, con Agustín Tamames en terceira posición. De sétimo, no mesmo grupo, chega Manuel Blanco ata 22 clasificados dos 60 corredores que participaron no campionato, moitos dos cales tiveron que abandonar a carreira pola calor e a dureza do percorrido.

Ao final da frutífera tempada de 1972 Manuel Blanco segue en plena forma e acode á selectiva Subida a Montjuit na cal se daban cita os mellores corredores do ciclismo mundial. Esta carreira disputábase en dous sectores. Na contrarreloxo individual cae preto da meta, ao tropezar co ciclista madrileño José Luis Abilleira, cando levaba un dos mellores tempos. No sector en liña queda en cuarta posición só superado polo grandísimo Eddy Merckx, José Manuel Fuente e Antonio Martos. Ese ano o noso ciclista foi considerado como un dos dez mellores ciclistas de España.

Na seguinte tempada 1973 desaparece o *Werner* e Blanco ficha polo equipo ciclista *Monteverde*, que nace co nome de *Grupo Deportivo Monteverde* no que milita como un dos líderes do equipo, quedando no posto 22 na súa segunda e derradeira Vuelta a España na que consegue o cuarto posto na etapa Puebla de Farnáls-Castellón, ganando a ronda española Eddy Merckx, seguido de Luis Ocaña e de Bernard Thévenet. Ese mesmo ano, entre outras clasificacións de prestixio e honra, Blanco gana a décima etapa da Vuelta a Colombia entre Pereira e o Circuito de Manizales o 28 de xuño, despois de subir un interminable porto de montaña da Cordilleira Central dos Andes. Tamén resulta vencedor dun *criterium* en circuito pechado celebrado polas rúas da cidade Vigo. Nesta carreira fixo segundo o ciclista Luis Zubero, que chegou a quedar no posto 15 no Tour de Francia do ano 1970. Terceiro foi Jaime Huélamo, que logrou a medalla de bronce no Campeonato de España de Ciclismo en Ruta o ano 1973. Se algo caracterizou a Blanco, á parte das súas facultades para a práctica do ciclismo, foi a súa teimosía e bravura. Froito deste seu temperamento ganou varios premios á combatividade, como o que conseguiu na Vuelta a Asturias do ano 1973, cando, sobrepoñéndose a varios contratempos, coroou en primeira posición o Alto del Padrún.

Finalizada a súa tempada como profesional no equipo *Monteverde*, Manuel Blanco, que ganaba máis cartos na categoría *amateur* que na profesional, recapitula e, ao ver que non fora recompensado economicamente como a súa clase e o seu esforzo merecían, decide recalificarse como ciclista afeccionado con só 28 anos, cando estaba na flor das súas capacidades como ciclista. Nese período coincide como corredor con quen isto escribe nun Gran Premio Ciclista San Barlomeu de Noia en 1974 ou 1975. Durante eses anos gana na súa recuperada categoría (antes de casar) case todas as carreiras nas que participa, entre as que destaca –a Blanco íalle ben a calor– a Volta ao Ribeiro do ano 1974, seguido do ciclista ponferradino Emilio Villanueva, quen dicía que Blanco non corría, senón que máis ben voaba. Nesa carreira completa o podio, en terceira posición, Faustino Fernández, que anos despois resultará vencedor, como ciclista profesional, do Premio da Montaña no Giro de Italia do ano 1977.



En 1974 Blanco tamén triunfa, entre outras carreiras, no Trofeo Cervezas Estrella de Galicia.

«Arrasaba» –infórmame Manuel– quen me comenta que nas carreiras celebradas na provincia de Ourense, o exciclista profesional ourensán Raúl Rei pedíalle dende o coche de director de carreira, cando Blanco ía escapado cara á meta, que levantase o pé para que non se notase tanto a diferenza cos outros corredores. Ao ganar case todas as probas ciclistas ás que se presentaba en Galicia, é instado por parte da federación a que saque a licencia de independente, categoría na que compite nalgunhas carreiras con ciclistas moito máis novos ca el, como poden ser Álvaro Pino e José Teixeira (daquela afeccionados de segunda), cos que coincide no ano 1975 nunha carreira celebrada na localidade rianxeira de Taragoña, na cal os tres primeiros postos foron copados, por esta orde, por: Álvaro Pino, Manuel Blanco e José Teixeira. Ese ano, ou o anterior, corre a chamada daquela Vuelta a Lérida, na que, son palabras textuais do ciclista estradense, «rebentei o paquete», colaborando despois para que aquela volta a ganase un seu antigo compañeiro do equipo Moritz de Barcelona.

Perante e ambigüidade da categoría de independente onde os organizadores das carreiras lle poñen cada vez máis atrancos e dificultades para competir cos *amateurs* ou afeccionados, Blanco decide deixar de participar con só trinta *abril*s, o que non lle impide seguir practicando nos anos seguintes, e ata hoxe, o deporte para o que foi tocado polas musas, facendo grandes cabalgadas sobre seu cabalo con rodas.

Retrocedendo ao ano 1971, o seu último equipo *amateur*, o Barcelona-Moritz, no que lograra tan bos resultados, ofrécelle a Blanco, no caso de que se quixese retirar como ciclista, o cargo de director deportivo. Aínda que Manuel non acepta, porque tiña pensado seguir como corredor profesional, propón para ocupar ese posto o seu antigo compañeiro no Picadero Damm Rafael Carrasco, quen, grazas a mediación e a recomendación do ciclista estradense, obtén ese cargo. Do olfacto e bo oído de Manuel Blanco para o ciclismo fala o feito de que algúns anos máis tarde o toledano Rafa Carrasco, levado nos seus inicios a Barcelona polo seu ilustre veciño Federico Martín

Bahamontes, foi durante 12 anos, despois de abandonar a dirección do Barcelona Moritz, director do equipo ciclista profesional Kelme, onde colleitou unha chea de excelentes resultados nas grandes Voltas, dirixindo con tacto e éxito a corredores da talla de Francisco Galdos, Pedro Torres, Vicente Belda, Álvaro Pino (con este coincidiu o autor desta crónica en moitas carreiras galegas na categoría de *amateurs*), Laudelino Cubino, Fernando Escartín, Roberto Heras ou Felipez Yáñez. Con este último tamén rodou durante moito tempo nunha carreira da Pascua de Padrón quen isto escribe, cando os dous íamos descolgados debido a senllas avarías que sufrimos.

Deixado definitivamente o ciclismo de competición, Manuel Blanco, mecánico de bicicletas nos seus comezos, malia que non quixo ser director deportivo, convértese en experto técnico en vehículos a motor, primeiro montando na Estrada cun socio unha pequena empresa de compravenda de coches. Non sen dedicación, esforzo e traballo, esta vaise agrandando, á vez que Blanco, vai descubrindo aos poucos, de maneira case autodidacta (á parte de ciclista, o noso interesante protagonista tamén foi albanel, chapista e carpinteiro) os segredos dos motores de combustión. Froito desta aprendizaxe o outrora ciclista segue a mesma folla de ruta que percorreron antes outros campións ciclistas. Así, se o grande velocista ou *sprinter* compostelán Manuel Neira, campión de España dende o ano 1904 ao 1908, logo foi concesionario en Vigo da marca Fiat, o ciclista estradense, acadou con moitas dificultades ao principio, a representación da marca de coches Ford na Estrada, firma, na que seguen os seus familiares e descendentes, atenta non só aos aconteceres comerciais que lle son propios, xa que tamén se preocupa e axuda no ámbito deportivo e social, patrocinando equipos de ciclismo e de fútbol como o Sporting A Estrada, do que Blanco foi presidente.

Malia os anos transcorridos, Manuel Blanco Garea segue unido á súa querida bicicleta, o humilde e interesantísimo vehículo que tanto lle axudou na vida, sobre o que segue practicando en ruta. Hoxe, con 77 anos e montado na súa cabalgadura de lixeirísima fibra de carbono (pesa menos que a miña), non son quen de deixalo de roda, subindo dende o empalme de Novás ata o Alto da Cruz, ciclistas que pola súa idade poderían ser os seus netos, cumpríndose o sabio e certo refrán castelán que di que *el que tuvo, retuvo*.

Manuel ensinámeme a sala de ximnasia que habilitou na súa casa e a súa liviá bicicleta duns sete quilos de peso. Miro para o *cassette* de piñóns da máquina e o ciclista coméntame que ata hai moi pouco tempo os seus *desarrollos* eran moi duros e esixentes co piñón máis grande traseiro de só 22 ou 23 dentes, moi difícil ou imposible de mover nas costas máis pinas, de acordo co ciclismo heroico e sufrido que lle tocou vivir ao ciclista estradense, quen na súa madurez, non querendo renegar das súas duras orixes ciclistas, non quixo optar (ata haberá uns catro anos) por *desarrollos* máis cómodos (un servidor si o fixo xa hai tempo) con pratos (na nosa época chamábanse *catalinas*) máis pequenos e piñóns máis grandes.

Por se non abundase, o noso protagonista, á parte de rodar en estrada, fai na súa casa longas sesións de *rodillos*, actividades deportivas saudables que completa dando longos paseos a pé polas fermosas paisaxes da contorna da súa parroquia de adopción Callobre, na que o ciclista (non hai exciclistas) tamén practica a vida ecolóxica en íntima comunión coa natureza, coidando con amor as súas maceiras e fabricando de maneira artesanal a súa sidra, que escancia de maneira xenerosa aos amigos, que coma un servidor, o visitan.

Despois de falarmos longo e tendido de bicicletas, ciclistas e de carreiras, incluída a dura carreira de obstáculos que é a vida, toca marchar e despídome do meu amigo Manuel Blanco Garea. Como me acompaña ata o coche, pregúntolle, mentres me poño ao volante, sobre o froito que puido deixar a súa semente ciclista na Estrada, patria e matria de corredores tan excelentes e recentes como o acabado de retirarse Álex Marque. Blanco non me responde e abandono as miñas queridas terras da Estrada, unha das miñas Ítacas queridas.

Viaxo cara ao norte e comezo a baixar a costa de Baloira, que tantas veces subín na miña querida bicicleta, algunha vez na compañía de Blanco e outras na do tamén ciclista estradense, residente en Madrid, José Simaes. Mentres penso en Simaes sinto un tintineo. Procede do maleteiro do meu coche que a esplendidez de Manuel encheu de botellas de sidra para que me lembre del.

Paro uns minutos na beira da estrada onda as ruínas do vello muíño de Montoiro e trato de localizar o antigo estanque, que eu vía

hai moitos anos a carón do muíño, cando subía a costa nas tardes de verán, todo suorento, entre picadas de tabáns, na miña bicicleta. Os meus esforzos por atopar aquel gran pozo de rego resultan inútiles. O trazado da nova estrada PO-841 mudou completamente a paisaxe e eu sinto unha forte punzada de nostalgia.

Volvo montar no coche cara ao meu destino. Paso pola parroquia de San Xurxo de Veá e penso con saudade, mirando para o intenso verdor dos prados estradenses da miña infancia, na frase latina *tempus fugit* ou, o que é o mesmo, o tempo escapa ou foxe. Abofé que non esperarei outros 55 anos para reencontrarme co meu amigo o gran ciclista e persoa Manuel Blanco Garea, quen aos seus 77 anos de idade segue pedaleando e cultivando os seus propios alimentos (nunca probei uns tomates tan frescos a tan saborosos como os da súa horta).



Fachada do establecemento ribeirense de hostalería chamado *A Carreirana*, hoxe pechado, onde o autor deste traballo xantou con Manuel Blanco poucos anos despois de marchar da Estrada.



Casa na que naceu Manuel Blanco Garea, situada no lugar estradense da Brea, á beira, seguramente, da antiga verea nomeada no topónimo, hoxe convertida na moderna estrada N-640. O gran ciclista estradense veu ao mundo no cuarto correspondente á venta dereita da planta baixa.



Foto de Pepe Constenla de moi mozo. Este pioneiro do ciclismo estradense, gran *sprinter*, quedou, con 19 anos, xa profesional, de cuarto na clasificación da Volta a Galicia do ano 1955, na que ganou unha etapa. Competía co ciclista ourensán Raúl Rey, participante de La Vuelta a España e do Tour de Francia (foto cedida por Ricardo Terceiro, gran afeccionado e practicante do ciclismo, así como Director Deportivo e Xerente da Federación Galega de Ciclismo no período 2011-2014).




Un novísimo Manuel Blanco Garea acompañado do tamén gran ciclista estradense, uns poucos anos maior ca el, David Vence, quen foi, coma Blanco, campión galego de fondo en estrada (foto cedida polo estradense Ricardo Terceiro).

Manuel Blanco entrando en meta nunha das súas numerosas vitorias como afeccionado en Barcelona, cando corría como *amateur* no equipo Vanguard (foto cedida por Ricardo Terceiro).



Blanco recollendo un trofeo cando militaba no equipo Vanguard (foto cedida por Ricardo Terceiro).

Blanco Garea cando corría no Picadero Damm (foto cedida por Ricardo Terceiro).



Manuel recibindo un trofeo cando corría no Picadero Damm e ganou o ano 1967 o IV Gran Premio de Primavera con final en Vigo (foto cedida polo ciclista estradense José Simaes Dios).





Trofeo que acredita a Manuel Blanco como ganador do Trofeo Excma Diputación Provincial de Barcelona, XXI Gran Premio de Ódena, Ciudad de Igualada.



Trofeo ganado por Manuel Blanco como vencedor absoluto da x Vuelta Ciclista al Ampurdán, en Figueres no ano 1971.




O cume do porto pirenaico de Envalira, onde Manuel Blanco protagonizou unhas das súas xestas deportivas.





Trofeo correspondente á vitoria no ano 1971 (esta competición Blanco ganouna máis veces) do Campeonato de Cataluña. Gran premio Hostal Coll de Lilla.




O ano 1972, Blanco deixa a categoría de *amateur* e ficha polo equipo profesional Werner.



Chegada (Blanco aparece no extremo esquerdo da foto) dunha contrarreloxo por equipos (Werner) de La Vuelta a España de 1972, primeiro ano do corredor estradense como profesional, o mellor da súa carreira deportiva.




Manuel Blanco saíndo co pelotón nunha etapa de La Vuelta a España do ano 1972 na que conseguiu un moi meritorio 14º posto na clasificación xeral, ganada por José Manuel Fuente, El Tarangu.



O Santuario de La Fuencisla, é outra xeografía ligada á carreira deportiva de Manuel Blanco, quen logrou na contigua cidade de Segovia, con paso pola Fuencisla, o sétimo posto no Campeonato de España de fondo en estrada o ano 1972, que aquel ano ganou Luís Ocaña.



A montaña barcelonesa de Montjuïc, escenario doutra vitoria de Blanco, quen ganou a súa célebre subida ciclista no campo *amateur*, quedando de cuarto o ano 1972 nun sector en liña na categoría de profesionais ganado por Eddy Merckx



Manuel Blanco Gara co equipamento deportivo do Grupo Ciclista Monteverde en 1973, ano no que ficha por este equipo, ao desaparecer o Werner. Obsérvese a poderosa anatomía do corredor estradense.




Presentación do equipo ciclista Monteverde en 1973. Manuel Blanco é o segundo pola esquerda. De cuarto figura Juan Manuel Santisteban, falecido o ano 1976 na primeira etapa do Giro de Italia, vítima dun fatal accidente.



Manuel Blanco concentradísimo, na primeira etapa (unha contrarreloxo por equipos) da Vuelta a Levante do ano 1973. Xunto a el Pontón e Salvador Cunillera, quen, de ciclista veterano, morreu na estrada, arrolado por un camión (26-2-73).



Manuel Blanco na segunda tirada da Vuelta a Levante de 1973. Esta carreira tamén se chamou Vuelta a Valencia e Vuelta a las Tres Provincias. Hoxe recibe o nome de Volta a la Comunitat Valenciana (27-2-73).



Blanco cun estupendo estilo ciclista na terceira etapa da devandita Vuelta a Levante (28-2-73).



Manuel Blanco na penúltima etapa da Vuelta a Levante (3-3-73).



Blanco na saída da última tirada da Vuelta a Levante do ano 1973. O ciclista estradense aparece, cóbado con cóbado, con, entre outros, os notables ciclistas Pedro Torres, José Manuel Fuente e González Linares (4-3-73).



Manuel Blanco salvando co pelotón unha rotonda na etapa final da Vuelta a Levante de 1973 (4-3-73).



Tres Manueles, Manuel Blanco en plena faena ciclista, xunto a Manuel Santisteban e Manuel Torres disputando unha contrarreloxo por equipos (Monteverde) o 2-5-73



Monumental trofeo que acredita a Manuel Blanco Garea como vencedor da décima etapa de La Vuelta a Colombia no andino ambiente de Manizales, disputada o 28-6-73.



O Trofeo Estrella de Galicia do ano 1974 foi un dos últimos ganados por Blanco.



Manuel Blanco no ano 1973 a carón dun elegante e traxado Federico Martín Bahamontes (Fede). Co salmantino Luengo, que tamén aparece na foto, correu quen isto escribe varias carreiras en Santiago na categoría de afeccionados.





Cromo coleccionable de Manuel Blanco cando militaba, no ano 1973, no equipo ciclista Monteverde.

Malia a diferenza de idade, o redactor deste artigo (na foto), gran afeccionado e practicante de ciclismo, coincidiu polo menos unha vez nunha carreira en Noia con Manuel Blanco.



O autor de todo o aquí escrito o día que correu o Gran Premio Ciclista San Bartolomeu de Noia, o ano 1974 ou 1975, con Manuel, cando este estaba próximo á súa retirada.




Un feliz Manuel Blanco o día da súa voda coa súa guapa desposada nos outrora frondosos xardíns municipais da Estrada.



Foto do ximnasio que Manuel Blanco instalou na súa casa.



A actual bicicleta de Manuel Blanco Garea, colocada sobre os rodillos, permítelle facer longas sesións de pedaleo no seu fogar.



Tipo de catalina ou prato grande con moitos dentes, moi difícil de mover, do tempo do ciclismo heroico que lle tocou vivir e correr ao ciclista estradense.

Manuel Blanco na súa maturidade ou madurez como ciclista hai uns anos.



Maillot ou camisola do equipo ciclista que patrocinou a empresa de Manuel Blanco Garea.

O ciclista estradense preparado para facer 70 ou 80 quilómetros en estrada.




Non hai exciclistas, quen isto redacta (na foto) segue, como tamén fai Manuel, rodando á par da xente moza.



Manuel Blanco Gara fronte ao seu gran logro, a empresa de automóviles Blanco Motor.





Manuel Blanco e señora nunha celebración recente.



A semente ciclista de Blanco callou nas xeracións de ciclistas que se sucederon e na sociedade estradense, como o proba, entre outras manifestacións, a 18ª etapa de La Vuelta a España do ano 2014 con saída na Estrada e a aparición doutros grandes ciclistas estradenses entre os que destacou Álex Marque.



Álex Marque nunha artística foto de Emilio Lavandeira Xr. Non cremos equivocarnos ao asegurar que Álex posa sobre o lastrado da fermosa ponte medieval de Pontevea.



Ao baixarmos no coche, de volta cara ao noso destino, a costa de Baloira acordámonos do tamén ciclista estradense José Simaes Dios. A foto é do ano 1967 no paseo compostelán da Ferradura con motivo dunha carreira de ciclocrós. Obsérvese, ás costas do ciclista, a magnífica e imponente catedral de Santiago (foto cedida polo propio corredor).



Manuel Blanco cos 77 anos cumpridos (quen o diría) está en plena forma.



Manuel Blanco subindo cun elegante pedaleo.





Manuel Branco no seu Callobre de adopción, onde segue pedaleando e cultivando os seus propios alimentos.





# Palabras da hucha da memoria comunal

Manuel Cabada Castro  
m.cabada@comillas.edu

**Resumo.** Neste artigo informo sobre unha actividade que en tempos soltos fun realizando ó servizo da recuperación de expresións galegas que, debido ás especiais circunstancias da lingua galega en dependencia do castelán, foron perdendo uso ata o punto de non figuraren xa en ningún dos dicionarios existentes. Este labor foi realizado no contexto da sección de «Palabras con memoria» (da «Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega», A.E.L.G.), competentemente xestionada inicialmente por Isidro Novo (+2018) e na actualidade por Ramiro Torres.

**Abstract.** This article is about the recovery of Galician expressions which were falling into disuse due to the dependence of Galician on Spanish language, having already disappeared from current dictionaries. This work was carried out for the section Palabras con memoria (Words with memory), belonging to AELG (Galician Writers Association), which was initially and competently run by Isidro Novo (died in 2018), and nowadays by Ramiro Torres.

Máis ou menos desde que hai agora unha ducia de anos me asentei por Vigo tras case medio século de estancia en Madrid, entre os meus variados intereses estaba tamén –a xeito de persoal hobby ou afección– o de intentar recoller circunstancialmente palabras ou expresións esquecidas da nosa lingua que desde diversos e casuais contactos ou instancias puideran chegarme.

O río do tempo e dos nada suaves temporais ós que estivo e aínda está sometida a nosa lingua facían necesario atender dalgunha maneira a salvar do seu naufraxio usos e expresións lingüísticas nosas que en tempos anteriores ou aínda relativamente próximos eran de uso corrente.

Para en tal sentido dar a coñecer a un público máis amplo o que se pretendía con «Palabras con memoria», a intelixente iniciativa da «Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega» (A.E.L.G.), publiquéi un modesto artigo co título de «Palabras náufragas» no *Faro de Vigo* do 27 de abril de 2015. Nel insistía na importancia dese

traballo de recollida de palabras e expresións que non figuran nos diversos dicionarios da lingua galega. O artigo remataba deste xeito:

Que estas liñas poidan servir para que novos xenerosos socorristas de palabras náufragas a punto de afogaren informen debidamente sobre elas, contribuíndo así a fortalecer a nosa lingua.

Así pois, nos primeiros tempos estiven en cálido e amigábel contacto (aínda que a física distancia case sempre) con Isidro Novo, alma e vida da mencionada iniciativa lingüística, ata que por desgraza a imprevista morte o visitou. Case sempre, despois da «inspección de rigor», acostumaba comunicarme que introducía os novos achados que lle anunciaba –tal como xocosamente se expresaba– «no saqueto» ou que ían «para o pote a axudar a engordar o caldo»...

Cando no mes de outubro do 2015 lle comentaba, baseado na información que aparece no libro *O val de Quireza* de que nesa parroquia cerdedense chamaban «gloria» a «boliña de carne entre chourizo e chourizo, por onde cortalos»<sup>1</sup>, así me respondía: «Moi interesante, Manuel, a túa “gloria”, mirarei se aparece e senón métoa no saqueto, porque ademais é gorentosa»...

De feito teño que engadir aquí que xa o propio Eladio Rodríguez González recolleu no seu coñecido dicionario a expresión «gloria» como «cada una de las cuentas más gruesas del rosario», aínda que el non a relacionase coa restrá dos chourizos. Pois é ben sabido que entre cada grupo de dez doas relativas ás dez avemarías do rosario hai sempre unha que separa entre si os misterios sinalando así o preciso intre de recitar «Gloria al Padre y al Hijo...».

É doado supoñer tamén que a semellanza desta doa solitaria coa aludida boliña de carne da restrá dos chourizos opera aquí como base obvia desa rechamante expresión popular. Unha mostra máis da notoria inventiva das nosas xentes.

Tralo inesperado pasamento en 2018 do escritor Isidro Novo, o seu sucesor e tamén escritor Ramiro Torres continúa a dar felizmente continuidade á importante tarefa iniciada por Isidro Novo.

1 Ver Asunción Álvarez Touriño, «A vella Quireza na memoria de Elisea de Fondós». En Carlos A. Baliñas Fernández (Coord.), *O val de Quireza. Un recanto da provincia de Pontevedra* (Ed. Deputación de Pontevedra, 2015), p. 118.

Indicarei, pois, seguidamente en orde alfabética as palabras ou expresións que pola miña parte fun remitindo a «Palabras con memoria» ben sexa directamente ou tralas distintas informacións recibidas de persoas coñecidas. Tódalas aquí sinaladas foron aceptadas e incluídas entre «Palabras con memoria». A meirande parte delas teñen a súa orixe en lugares pertencentes ó concello da Estrada (especialmente na parroquia estradense de Sabucedo) ou próximos ó mesmo.

Queda así agora constancia escrita (en papel) das mesmas aparte da consulta directa e máis ampla que se pode sempre realizar das mesmas na páxina dixital de «Palabras con memoria»: Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (aelg.gal):

*abichar*: verbo usado para nomear o cortexo de parellas que xa teñen unha relación estábel coñecida publicamente e con vistas a unha vida en común.

*acelindrar, acelindrar*: poñer dereito, endereitar.

*acuanar*: amañar, arranxar, achanzar (aplicábel tamén ás persoas).

*afoute*: alegre, contento.

*agarrador*: persoa que axuda ós aloitadores a manter inmóbil a besta no curro durante a acción da rapa.

*alacoto*: pau grande e basto que se leva na man.

*alba non alba*: expresión utilizada para marcar unha puntualidade matinal taxativa e que quizais puidese ser traducida por «non ben raie o día».

*alcarraballeiro/a*: dise da persoa que ten que levar sempre alguén consigo para facer algún labor ou ir a algún sitio.

*aloitador/a*: persoa que na rapa se enfronta coa besta para suxeitala (na Rapa de Sabucedo, ao non usar cordas nin instrumentos de ningún tipo, son tres os aloitadores que domean a besta).

*aloitar*: acción de tentar domear a besta na rapa.

*anguear*: expresión utilizada cando un can foxe laiándose dun ataque, ou cando ten fame, frío etc.

*axoar*: afalarlles, berrarlles ás bestas para que vaian rápido; tamén se di en relación coas galiñas, para que se vaian.

*barracallazo*: flatulencia ruidosa ou escandalosa.

*bicho*: cría nova cabalar, sexa macho ou femia, ata que ten máis ou menos un ano, que é cando empeza a ser denominada/o poldra/o.

*cabañón*: cada pau longo que se lle pendura ao palleiro de arriba a abaixo co fin de que a palla aguante os embates do vento. Adoitan utilizarse unha ducia máis ou menos (de carballo normalmente) que se atan ao palleiro despois de lle colocar a este unha capa de palla enriba para que defenda da chuvia a herba e esta non podreza.

*camborca*: muller mal amañada, estrafalaria, medio parva (quizais sexa unha variante de zamborca que algúns autores recollen con este significado, ademais doutros relacionados coa fauna mariña e a flora terrestre).

*camborcia*: planta umbelífera que pode producir inflamacións e bochas na pel. Segundo o experto en flora galega Manuel Laínz, estase a falar da *Heracleum sphondylium*, moi presente en veigas de herba e lugares húmidos.

*carballo cerqueiro (ou cerquiño)*: o que nace a carón dun carballo adulto e que, se ten un avultamento onda a raíz, pode valer para «pau de moca».

*cascarota*: alguén que é inconsciente, irreflexiva/o, con pouco sentidiño.

*catro pés (a)*: a toda velocidade, a todo meter, liscando, bulindo.

*chía escribideira*: o nome científico deste paxaro sería o do *Emberiza cirulus*. Escribenta.

*chourizos de masa*: tipo de chourizos algo gordos, feitos cunha masa de faría con sangue cocida do porco con algunhas uvas pasas mesturadas coa masa; tomábanse despois de fritos na tixola en pequenas rebandas e sabían doces e agradábeis.

*cirafollas*: o paxaro denominado tamén virafollas, picafollas ou furafollas.

*cirilloto*: excremento animal ou humano, cando ten forma cilíndrica

*cloco*: planta moi coñecida nos nosos montes que recibe ademais outros nomes, como dedaleira, dixital, alcroque, alicroque, estraloque, herba de san Xoán, seoane etc. (*Digitalis purpurea*).

*corvello*: variante de cornello ou cornecho.

*cruzar*: ademais dos significados obvios e comúns, no argot da rapa, acción pola que dous aloitadores suxeitan a besta pola cabeza, a ámbolos dous lados dela, facendo «cruz» cos seus brazos -dereito e esquerdo respectivamente - arredor dela, tapándolle así ó tempo a visión.

*curripia*: moza presumida e festeira que non perdía unha na redonda; tamén se di da persoa nerviosa, que non ten acougo, que anda sempre dun lado para outro.

*demo marelo*: denominación festiva que se lle daba a rapaces e mozos que se comportaban picaramente.

*doqueante*: refírese a alguén que «ten doca» (preguiza), que é unha nugallán/á, lacazán/á etc.

*e vía!*: ten un sentido semellante a «e asunto concluído!», «e acabouse o problema!».

*escambroto*: espiña grande e dura dunha planta.

*espenecho (en)*: ten o significado de dicirlle a unha persoa que non leve a cabeza descuberta, que se poña un sombreiro.

*estar de días*: estar de aniversario ou de santo.

*fachado/a*: Dise do cabalo ou da egua que ten na fronte un sinal máis ou menos ancho ou alongado de cor branca.

*froncia*: variante de fronza, folla miúda, pequena rama de xesta ou planta semellante.

*gacheiro*: dise do sitio, entre unhas raíces ou debaixo dunha pedra grande no río, onde se esconde a troita.

*gloria*: nunha restrá de chourizos, boliña de carne entre un e outro.

*herba segueda*: herba tenra e vizosa.

*laugarrido*: ouriolo.

*mariñota*: tripa máis gorda do porco.

*meterlle a un unha entrega*: producirlle unha perda ou prexuízo importante.

*meterse nunha debullada*: meterse nun problema, nunha lea.

*mica*: en determinadas expresións e con sentido figurado parte esencial e íntima dunha persoa.

*muque (a)*: á forza, por obriga.

*palió*: pailán, paduán, parvo.



- patexo*: cangrexo de río (ademais de cangrexo do mar).
- patreneostar (deixar de)*: cando alguén di cousas sen sentido, falar por falar, perda de tempo.
- penquear*: ter un pequeno defecto físico ou psíquico.
- pera de San Lourenzo*: variedade de pera bastante saborosa, de tamaño medio, redondeira e de polpa algo granulada sobre todo cara ó centro e tamén un chisco seca (non con moita auga).
- por iso*: expresión que pode ter o significado de «hai que ver» ou «desde logo».
- porcapreña*: terreo moi húmido no que, se te metes, te enterras polo menos ata os xeonllos.
- puldurú*: insignificante, pouca cousa, sen importancia.
- raio (de)*: forte, moito.
- rau!*: exclamación utilizada para incitar á rapidez nunha acción.
- rumeiro*: faixa de terreo sen cultivar arredor dunha leira, comareiro, cómaro, cómbaro.
- seguir/siguir*: atopar, conseguir.
- tafarros*: solapas da chaqueta.
- ter boa saia*: saber falar con retranca e bo humor.
- torrón/torróna*: testá/n, pechada/o no seu parecer.
- trainaninas*: persoa pouco seria ou badanas.
- traquelo*: persoa locuaz.
- último tornillo (cagarse no)*: expresión usada co sentido de «Vas ter un bo desgusto!». Parece ter tamén o sentido dunha blasfemia máis ou menos disimulada.
- xalvaraxón*: dise do que fai as cousas descoidadamente, de calquera maneira.
- xareleiro/a*: persoa inquieta.
- xubixigueiro*: aro dobrado que vai no centro do xugo e serve para suxeitar este ó temón do arado ou á cabezalla do carro, por medio da chavella.- Podería tratarse dunha variante de «saxugueiro» (con igual significado).

Finalmente, e a xeito de coda e dando unha volta case de pincharcarneiro cara a atrás de case oitenta anos, velaquí vai algo aínda sobre a relevancia da palabra dita, comentada ou berrada, en tempos de poucos adiantos técnicos mais de poderosas emocións comunais e culturais de moi diverso tipo.

En certas ocasións algúns dos non poucos rapaces que eramos iamos xuntos facer as nosas necesidades «entre o millo», ou sexa, no interior da nosa extensa veiga de millo situada á mesma beira da casa de Sabucedo pola parte de abaixo, chamada por iso «Su a casa» (é dicir, «debaixo da casa»). Eran tamén intres de conversa comunal e de compañeirismo compartido. Estando nesas, oímos unha voz masculina de alguén dos da casa que desde a parte de arriba da veiga nos instaba a concluír dunha vez a faena deste gráfico xeito: «Rematade xa dunha vez! Ou é que estades cagando un adival?»...

Mais outras veces era a nidia, alta e aguda voz da nosa nai a que xurdía dende a fiestra máis alta da casa chamando por algún de nós que estaría máis alá da «Su a casa», polo Cagallal, en Vesacarballa ou quizais Piquite ou onde fose para nos transmitir algunha curta mensaxe: «Manuel! Ai Manuel», etc. A voz cruzaba no ar, case sen interferencias, podendo chegar así case limpamente ó ouvido de nós, os interpelados, e respondermos.

Ogallá poida algún día a ciencia nos vindeiros tempos rescatarnos do esquecemento tales conversas. Descubriríamos quizais a riqueza dun galego que aínda entón era como cómpre!

En vésperas do Día das Letras Galegas do 2022





# Canteiros, quintos e mozos de cordel. Unha visión da emigración de Tabeirós e Montes entre 1741 e 1816 a través dos expedientes de liberdade e solteiría

Damián Porto Rico

damian.portorico@hotmail.com

**Resumo.** Os expedientes de liberdade e solteiría son instrumentos elaborados pola Igrexa Católica, tramitados polo común ante os Provisores Diocesanos e encamiñados a averiguar o estado matrimonial ou previo ao mesmo daqueles que mudaron a súa residencia; habitualmente refírense a emigrantes, aínda que comprenden outras categorías tales que viúvas, criados ou militares<sup>1</sup>. Constitúen unha fonte documental de gran interese para o estudo, por exemplo, da emigración e a súa casuística ao longo da Idade Moderna.

**Abstract.** Records of freedom and singleness are documents issued by the Catholic Church, processed before the diocesan providers and aimed to find out the marital status of those who have changed their residence. They usually refer to emigrants, although they include other categories such as widows, servants or military personnel. They are a documentary source of great interest for the study, for example, of emigration and its casuistry in the modern age.

## Tipoloxía documental e ámbito xeográfico

Trátase dunha serie documental arquivística estreitamente vencellada ás regulamentacións impostas pola Igrexa ás relacións de parella tras o Concilio de Trento (1545-1563), que incluían a elaboración de rexistros sacramentais e expedientes previos ao matrimonio que asegurasen –por exemplo– a viuvez dalgunha das partes. Eran trámites de preceptivo cumprimento, pois sen eles a convivencia pasaba a ser amancebamento e a prole non era considerada lexítima. Ademais, as autoridades eclesiásticas e civís eran conscientes da potencial problemática de bigamia orixinada polos individuos que, logo de emigrar, podían contraer matrimonio noutros lugares nos que se descoñecía o seu estado e vida. De aí que, á hora de casar, se esixa o consentimento mutuo por escrito, as proclamas ou amonestacións

1 Tamén aparecen mencionados en diversos arquivos diocesanos como «Expedientes de liberdade», «Expedientes de solteirías e viuveces», etc. Ou mesmo, nalgúns cadros de clasificación arquivística, como subserie dos «Expedientes de dispensas matrimoniais» baixo o epígrafe «Solteirías e viuveces».

asimismo públicas na igrexa, a presenza de sacerdote e testemuñas na celebración, etc. Así, os expedientes –ou informacións– de liberdade formaban parte da tramitación previa ao matrimonio tendente a cercionarse da solteiría ou viuvez das partes; sobre todo cando algunha delas estivera fóra da súa parroquia máis tempo do que o reitor podía certificar, facéndose preciso o dictame do Provisor do Arcebispado. O que orixina a súa presenza nos arquivos diocesanos, formando parte da documentación do Tribunal do Provisorato.

Ao mesmo tempo procuraban limitar o fenómeno da endogamia, presente sobre todo nas pequenas aldeas illadas do interior de Galicia e que se podía dar por diversas vías: por exemplo, en 1816, ao pretender casar o veciño de Santa Mariña de Castrelo Santiago Rei coa veciña de Santo Estevo de Lagartóns María Manuela Rei e sendo ambos expósitos do Hospital Real de Santiago, o cura poñía o reparo de que poderían incluso resultar irmáns<sup>2</sup>.

Os plantexamentos do Concilio de Trento tiveron a súa plasmación nas diversas dioceses mediante as constitucións sinodais: nas primeiras editadas en Compostela no 1576, dispuxo o arcebispo Francisco Blanco sobre os matrimonios a esixencia da acreditación da liberdade dos contraentes: velaí a orixe desta serie documental de longa pervivencia<sup>3</sup>. Con posterioridade a lexislación civil dispuxo tamén normativa sobre a formalización de esponsais<sup>4</sup> e os expedientes de liberdade proseguiron até a actualidade, posto que aínda en 1972 se tramitaban, por exemplo, para varios albaneis de Rubín ou Lamas que traballaran en San Sebastián e que querían casar nas igrexas da nosa veciñanza.

A súa estrutura documental iníciase coa solicitude do interesado (habitualmente por medio de procurador con poder outorgado ao efecto), seguida pola autorización eclesiástica para dar fe das declaracións, os interrogatorios das testemuñas presentadas (entre tres e cinco) ante o párroco ou notario, a declaración do solicitante, o informe do párroco e a resolución, mandato ou auto final. A maio-

2 A. H. D. S. Fondo do Provisorato. Serie: expedientes de liberdade e solteiría. Unidade de instalación PR48723.

3 Pedret Casado, Paulino. El matrimonio en las constituciones sinodales de Galicia desde el Concilio de Trento, especialmente en las del arzobispo de Santiago, don Francisco Blanco. Santiago de Compostela: Imprenta Paredes, 1943.

4 Vid. Real Decreto de 23 de marzo de 1776.

res poden conter outra documentación cando se considere precisa, como actas de defunción (por exemplo) no caso de pretender a declaración de viuvez: este tipo de expedientes adoitan tramitarse por mulleres de emigrantes que viron embarcar aos seus maridos cara a outras nacións para non retornar; quedaban así nunha situación de extrema indefensión, sen poder voltar a casar por perigo a incurrir no delito de bigamia nin ter parella por poder ser declaradas amancebadas.

Por suposto, os interrogatorios e declaracións que conteñen son as partes máis interesantes, xa que nos permiten coñecer polo miúdo a natureza, orixen, idade, oficios, viaxes, estancias, peripecias e ausencias dos interesados.

Malia o relevante desta documentación para o estudo de aspectos tan complexos como a emigración, presenta limitacións evidentes: a primeira delas é que unicamente atinxen ou comprenden estes expedientes aos emigrantes que retornaron (ou ás viúvas e viúvos deles) e que pretenderon casar, excluindo ao resto: aos que permaneceron solteiros logo de retornar ou aos que morreron antes de poder facelo, por exemplo. De aí que nas estatísticas aparezan parte dos emigrados e non a totalidade deles: por exemplo, cóstanos que Xoán Mancebo, de Santa Mariña de Agar, saíu en marzo de 1809 a Cádiz pasando alí tres anos, acompañado por máis veciños e polo seu irmán Ramón. Mais só aparece Xoán reflectido neste traballo e non os outros emigrantes<sup>5</sup>.

Asimesmo teñen outras eivas, algunha predecible: os datos aos que aluden refírense a movementos e viaxes acontecidos, ás veces, anos antes da elaboración do expediente; polo que debemos retrotraer os datos. Un exemplo claro témolo na guerra de 1809-1814 contra os invasores franceses: o incremento no número de veciños chamados a filas patentízase nos datos de 1812, 1813, 1814, 1815... cando os que retornaron vivos ás súas parroquias pretenderon casar.

En total analizáronse 517 expedientes: 125 deles da zona de Montes e 392 das terras de Tabeirós, comprendidos entre os anos 1741 e 1816. Estes límites cronolóxicos derivan da propia dispoñibilidade

5 A. H. D. S. Fondo do Provisorato. Serie: expedientes de liberdade e solteiría. Unidade de instalación PR48032.

de documentación: malia a xa mencionada longa pervivencia da serie documental, polo de agora unicamente nos foi posible reunir –con certas garantías de continuidade– os expedientes que median entre estes anos, conservados no denominado Fondo do Provisorato do Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. De aí a precaución coa que deben ser interpretados os datos obtidos.

En canto ao ámbito xeográfico, circunscubímolo as terras de Tabeirós (entendidas como as 51 parroquias que forman o actual concello da Estrada) e Montes (comprendendo as 13 parroquias do concello de Forcarei e as 8 do desaparecido de Cerdedo).

### **Análise estatística dos expedientes**

Os solicitantes, se nos fixamos na súa distribución por sexos, son case todos eles varóns; malia que as diferencias entre o número de mulleres que desexaban ser declaradas viúvas e o de homes inclínanse a favor delas de xeito abrumador: o que é indicativo dun tipo de emigración case na súa totalidade masculina.

O 24,2% dos expedientes analizados corresponden a individuos da antiga xurisdición de Montes, fronte ao 75,8% que o son da de Tabeirós.

No tocante á distribución por parroquias, apreciamos (vid. Gráficas 1 e 2) que algunhas delas sobresaen da dinámica xeral en canto ao número de emigrantes no período obxecto de estudo. Velaí os casos de San Xurxo de Codeseda, Santa María de Rubín ou Santa Baia de Pardemarín nas terras da Estrada; ou o de Santo Amedio de Millerada na de Montes. Casos que poderían estar xustificadas polo tamaño, o pulo demográfico e/ou a extensión destas freguesías (Codeseda é a maior do concello da Estrada) ou polo sistema de explotación da terra; aínda que tamén pola especialización nalgúns delas de boa parte dos veciños nos traballos de cantería e que analizaremos máis adiante.

En canto á evolución no tempo (vid. Gráfica 3), e malia as posibles lagoas experimentadas pola documentación analizada, observamos nela dous picos pronunciados nos anos 1789 e 1816. Poderían estar motivados por diversas causas: ao longo de todo o século XVIII





Rubín. Unha das parroquias que contou con máis emigrantes nas terras de Tabeirós neste período.

proliferaron as queixas polas reclutas para o exército, até o extremo de que no 1775 o embaixador de España en Lisboa informaba do elevado número de desertores chegados desde Galicia ao país veciño<sup>6</sup>. Tendo presente que os expedientes estudados reflicten máis que o fenómeno da emigración o fenómeno do retorno dos emigrantes varios anos despois, os picos repostarían a causas acontecidas incluso décadas antes. O factor bélico da guerra contra Inglaterra de 1779-1783 podería explicar o descenso acusado de emigrantes nese intervalo e o incremento posterior á firma da paz (malia as levas de 1784 con destino ás guerras de Arxel<sup>7</sup>). Porque o temor ao servizo militar era moi claro entre as clases populares, que procuraban evitalo por todos os medios ao seu alcance: no 1794 o veciño de Santo Amedio de Seavía Antón Antelo retornou á súa parroquia, da que saíra para Granada con dezaseis anos, permanecendo alí «tra-

6 Rey Castelao, Ofelia. «Hombres y ejército en Galicia: la leva de 1762». En *Espacio, Tiempo y Forma*. Serie IV, Historia Moderna, T. 7 (1994), páxs. 199-224.

7 Estas levas para a guerra de Arxel aparecen documentadas, asimismo, nos expedientes de liberdade e solteiría do Fondo do Provisorato: unidades de instalación PR35136, PR35220, PR35483, PR40044, PR40324, PR40332, etc.

bajando en ranchos y otras faenas por espacio de dieciocho años sin empadronarse en ninguna de sus parroquias temeroso de que se le incluyese en quintas ni sorteos»<sup>8</sup>. Entra dentro do probable que o aumento de emigrados arredor do 1789 respooste ao medo a estas guerras e á situación revolucionaria que se espallaba por toda Europa. Aínda que cando máis se patentiza a influencia das situación bélicas é con posterioridade á invasión francesa de 1809, producíndose a maior alza no número de expedientes (nomeadamente de militares retornados) logo da firma da paz de 1814.

Do mesmo xeito aspectos demográficos e crises alimentarias, naturais ou climáticas son factores a ter moi en conta á hora de interpretar a evolución cronolóxica dos expedientes de liberdade e as gráficas resultantes, aínda que de difícil concreción ou que excedería os límites deste traballo. Son numerosos os testimonios recollidos por diversos párrocos nos libros de fábrica de todo o Arcebispado que relatan o extremo da situación nalgúns momentos: o de San Vicenzo de Burres anota *para eterna memoria de la posteridad* que

el año de 1768 se experimentó en este Reino de Galicia tal inundación de agua, que todo género de alimento preciso para la vida humana fue muy limitado, y escaso: tuvo esta inundación de agua principio en el mes de abril de dicho año casi sin cesar sino quatro días en el mes de mayo y junio, cinco en el de agosto, quatro en el de noviembre y quatro en el de diciembre; de tal manera que no pudiéndose majar el fruto, lo más se perdió; y habiendo aún el poco que se cogió, se experimentaba recia hambre por todas partes del Reino: las resultas de dicho año duraron en este País hasta el día 16 de julio de 1769. Y por junio de 1769 al principio llegó el ferrado de maíz en la Plaza de la Ciudad de Santiago a 34 reales vellón, el del trigo a 26 reales; y el de centeno a 22 reales; ayudó mucho el trigo que bajó de la Castilla a este Reino, algún centeno también, y cebada que llegaron a comer algunos naturales de este País; el ferrado de cebada se vendía a 12 reales; el del trigo de Castilla a 20 reales y aún más. El Illmo. Sr. Arzobispo de esta Diócesis de Santiago con su Cabildo mandó venir del Reino de Francia una grande porción de fruto así de maíz como de trigo y centeno. El cabildo lo vendía a los de la ciudad a trece reales el ferrado [...]. Suplió mucho a esta escasez algún fruto que vino al puerto de la Coruña y Ferrol y harina del Reino de Francia, donde concurrían las gentes a montones, que principió a venir en abril de dicho año de 1769, que a no ser este socorro perecieran aún más de los que perecieron; pues en el Hospital General y real de la ciudad de Santiago desde el mes de octubre de 1768 principiaron a morirse de tal manera que se tuvo por peste declarada: a 28 muertos cada día y aún más se verificó<sup>9</sup>.

8 A. H. D. S. Fondo do Provisorato. Serie: expedientes de liberdade e solteiría. Unidade de instalación PR41411.

9 A. H. D. S. Fondo Parroquial de San Vicenzo de Burres. Unidade de instalación P005030.

Tamén o párroco de Santa María de Cequeril anota en 1771, nunha liquidación de contas de caudais, a desesperada situación orixinada, xa que

teniendo presentes los calamitosos años próximos pasados de esterilidad de frutos, fallecimiento de los moradores, vecinos y naturales de ella, quedando muchas casas y lugares despoblados, como es constante en este reino, motivo porque quasi todos sus habitantes han venido a suma pobreza, unos desamparando sus casas y otros vendiendo todos sus bienes muebles, ganados maiores y menores y aún los raíces si hubiera quien se los comprara y éstos en poder de menores, viudas y personas de corto alcance que en lo sucesivo no darán razón de sus padres ni tampoco de sus empleos, oficios, maiordomías y demás que han tenido a su cargo en la República<sup>10</sup>.

Debemos ter en conta que, tal e como xa anotamos, os expedientes reflecten de forma directa (isto é, malia referencias que neles quedan a outras persoas veciñas) unicamente os casos de emigrantes que retornaron e, ademais, pretenderon casarse. Non resulta esaxerado considerar que o número dos que saíron a traballar ou á milicia pode –de forma doada– ser tres veces superior: xa que en cada expediente hai declaracións de tres, catro ou até cinco testemuñas; a miúdo veciños e que compartiron similares traballos, viaxes ou destinos co solicitante da declaración.

## A emigración e as ocupacións dos emigrantes

Copia de autores teñen tratado sobre as diversas causas para as migracións ao longo da historia: políticas, demográficas e/ou económicas, patrimoniais e psicosociolóxicas parecen ser os grandes grupos de motivacións que levan ao home a utilizar este recurso<sup>11</sup>. É evidente que a miseria e a precariedade do campo galego (unido a un crecemento da poboación manifesto no século XVIII), encadraría no ámbito das causas económicas e –secundariamente– demográficas á emigración do espazo de Tabeirós-Montes. Desde 1753, ademais, o sistema agrario baseado no millo e que foi –en boa medida– responsable do pulo demográfico, amosaba claros síntomas de esgotamen-

10 A. H. D. S. Fondo Parroquial de Santa María de Cequeril. U.i. P007384.

11 Nahoum Grappe, Véronique. «Ennui et migration: pourquoi partir?», en *France, terre de migrations internes, France, terre d'immigrants*. Actes du colloque d'Aurillac. Le Migrant, nº 5-7, xuño, 1985.

to. E nesa data Galicia contaba cunha densidade de 44 habitantes por kilómetro cadrado: o dobre que a española.

Na zona á que nos referimos é innegable a orixe rural dos emigrantes, dada a carencia de cidades; mais foron estas, habitualmente, os destinos preferidos para buscar mellores oportunidades no período estudado: en Galicia o núcleo de Ferrol, con gran pulo pola presenza de astaleiros da Real Armada e fábricas de fusilería que demandaban man de obra (calafates, carpinteiros de ribeira e canteiros). Tamén a cidade da Coruña (que acadara a condición privilexiada de porto de comercio con América) precisaba da chegada de emigrantes e militares, aínda que menos que Cádiz –no ámbito extragalego– co seu enorme arsenal da Carraca, ao que foron traballar multitude de homes. Así, constátanse numerosos casos de abandono de parroquias de montaña do interior galego para ir a urbes como Coruña ou Santiago: o ancarés Nicolás Rodríguez (do lugar de Balouta, parroquia de San Xoán de Texedo, diocese de Astorga) saíra con dez anos do seu fogar á cidade herculina; o traficante de xabón e aceite don Norberto Abella saíra de San Xurxo de Pereda con catorce anos; o mindoniense (casado na Estrada) Xoán Rodríguez aveciñárase en Compostela como torneiro...<sup>12</sup>.

As cidades foron, asimesmo, os lugares nos que se xuntaba o maior número de militares e continxentes navais, polo que tanto os milicianos e soldados reclutados nas parroquias do interior coma os matriculados do mar das da costa adoitaban pasar boa parte dos entre oito e doce anos de servizo militar nelas (principalmente na Coruña ou Ferrol).

Tamén podemos asentar que a emigración era case na súa totalidade masculina e de limitada cualificación. De feito, o único caso de ausencia constatado no período para acceder á formación superior é o de don Xosé Peiteado, natural de Santo Estevo de Oca, que permaneceu en Madrid entre 1782 e 1789 «a efecto de titularse de cirujano»<sup>13</sup>.

12 A. H. D. S. Fondo do Provisorato. Serie: expedientes de liberdade e solteiría. Unidades de instalación PR46313, PR47439 e PR46314.

13 A. H. D. S. Fondo do Provisorato. Serie: expedientes de liberdade e solteiría. Unidade de instalación PR42158.

Menos do 2,3% dos expedientes son de mulleres; que, paradoxalmente, non están involucradas na emigración, senón vencelladas a ela por causas familiares. E neles a súa posición é de completa subordinación respecto aos varóns: a veciña de Olives Francisca González declara en 1794

que habrá dos años poco más o menos, no teniendo aún [...] cumplidos doce, fue tratada para casar con Pedro Requeixo [...] a condición de que había de ir a vivir a su casa y compañía para el cuidado y labranza de bienes, atento se hallaba huérfana de padre<sup>14</sup>.

No 1807 Ana Muras, de Ribela, pretendeu a licenza de solteiría posto que desexaba casar con Antón Mosteiro

y aun tratádolo ambos, aunque ignorándolo los respectivos padres; deseando el de dicha mi parte, considerándose anciano y receloso de morirse sin dejarla acomodada, pasó a proponerlo al padre de Ramón Carbón para casarla con este y sin ciencia y consentimiento de estos dispusieron encargar al párroco la publicada de amonestaciones. Y [...] pasó a presentársele y requerir no continuase con ellas, pues ella no sabía de tal acuerdo de su padre ni había tenido intención ni voluntad ni le acomodaba tal matrimonio con dicho Ramón Carbón<sup>15</sup>.

E tamén estaban as que servían como criadas en casas: Rosa Feal, de Santa María de Paradela, que pretendía casar en 1815 con Francisco Recarei e da que non constaba a súa solteiría xa que seis anos atrás

salió de dicha feligresía de Paradela a servir como vino a servir a esta ciudad de Santiago a diversas casas y parroquias de ella, y últimamente lo hizo espacio de un año con el músico mayor del Cuerpo de Cadetes, cumpliendo con el Precepto Pascual en el propio Regimiento<sup>16</sup>.

Ou –cando non de subordinación– amosábanse as mulleres nunha situación de manifesta indefensión ante as circunstancias: en 1794 a veciña de Frades María Ferrín tentaba demostrar a súa viuvez logo de falecer o seu marido tres anos antes no Hospital do Real Arsenal da Carraca, en Cádiz, onde traballara como peón; asimesmo no 1797 Magdalena Rodríguez (de Calobre) refería a morte do seu home no gaditano Hospital de San Xoán de Deus en 1795; o mesmo que lle acontecera no 1804 ao esposo de Silvestra de Castro, de San

14 Íd. Unidade de instalación PR38354.

15 Íd. Unidade de instalación PR46330.

16 Íd. Unidade de instalación PR48047.

Pedro de Ancorados...<sup>17</sup>. Porque con frecuencia eran os emigrados, como teremos ocasión de ver máis polo miúdo, vítimas de condicións laborais nefastas; ou mesmo de epidemias que afectaban con virulencia ás cidades ás que acodían: velaí a de Cádiz de 1801 que levou por diante –entre outros– a Xacobe Barros, deixando viúva en Callobre, e sobre o que declara unha das testemuñas que

en la casa donde se ha muerto pareció uno de los carros que andaban recogiendo los difuntos, y de la casa en que así se ha muerto, que fue en la calle de la plazuela de San Martín, y junto con otros, sin asistencia de sacerdote alguno, le llevaron al camposanto de la Puerta de Tierra que se hizo además del que había, por la nueva mortandad y pestilencia, y se le ha dado sepultura en cementerio; no sabe se haya puesto partida de su muerte, pero se inclina a que no<sup>18</sup>.

Esta incertidume da morte provocaba a miúdo desacougos nas mulleres que ignoraban algo tan básico coma o seu estado: en 1810 a veciña de Lagartóns Rosa Moreiras descoñecía se o seu esposo, que saíra o ano anterior «para el ejército forzado en calidad de soldado», estaba vivo ou morto<sup>19</sup>.

Noutras ocasións presentábanse mesmo casos sospeitosos de criminais, cando menos a ollos dos coetáneos: no 1813 Vicenzo Peón, viúvo, pretendía casar en segundas nupcias con Francisca Suárez, que fora taberneira nunha baiuca que el tiña en Santa Cristina de Fecha. Mais presentábanse dúbidas e escrúpulos ao párroco, debido aos tratos ilícitos que tiveran en vida da súa defunta muller; e mesmo debido á morte desta: polo que «suspendiera leer las amonestaciones, por haber tenido noticia de que [...] siendo casado con Benita da Pena, tratara con aquella». E pretendía clarexar «si contra la vida de esta conspiraron de algún modo; si le ocasionaron la muerte o sucedió de enfermedad natural»<sup>20</sup>.

No caso das parroquias que compoñen o actual concello da Estrada e as antigas terras de Montes, a casuística migratoria xeral dista bastante do que acontecía nas freguesías da costa, por exemplo, nas que o servizo na Real Armada ou a implantación da chamada Ma-

17 Íd. Unidades de instalación PR38824, PR35085 e PR46676.

18 Íd. Unidade de instalación PR37154.

19 Íd. Unidade de instalación PR45868.

20 Íd. Unidade de instalación PR47378.

trícula do Mar desde 1737 afectaron á maioría dos emigrantes, que foron comprendidos en levas para atender os barcos da Coroa ou ben se enrolaron como mariñeiros ou corsarios: ao longo do século XVIII e boa parte do XIX a crise do comercio coas colonias de ultramar e as guerras con Inglaterra obrigaron á procura de alternativas para xenerar ingresos, polo que facerse corsario en España convertíuse nun lucrativo negocio. Comerciantes e empresarios da costa galega puxéronse á faena de capturar barcos mercantes de nacións inimigas amparados en patentes outorgadas pola Coroa: somentes en 1799 os corsarios galegos apreixaron 424 buques.

Velaí que durante a chamada Guerra do Asento ou Guerra da Orella de Jenkins (1739-1748) case un cento de barcos foron armados a corso nos portos galegos para combatir aos británicos logo de que o capitán inglés Robert Jenkins sufrise o corte dunha orella polo gardacostas Xoán León Fandiño. Na Coruña persoeiros da burguesía de apelidos tan lustrosos como Xoán Francisco Barrié, Antón Badía ou Mariano Elordui fixeron fortuna con estas prácticas: entre 1798 e 1818 foron solicitadas alí 171 patentes de corso. En Vigo exercían tamén como armadores consorcios de empresarios (un deles encabezado polo industrial Boaventura Marcó, que chegaría a alcalde<sup>21</sup>) e cando en 1788 pretenderon establecerse alí corsarios franceses e norteamericanos, denegouselles o permiso polo temor a que perxudicasen o negocio dos locais. Cómpre lembrar que o último pirata de renome do Atlántico foi o pontevedrés Bieito Souto Aboal, aforcado en Alxeciras en 1830 aos 24 anos de idade.

De feito na costa galega continuou o comercio florecente de escravos ben logo da abolición deste deleznable tráfico por nacións como a inglesa: no 1820 aínda consta a presenza na Coruña de Diego Manuel Rasella, natural da diocese de Braga, que viñera á cidade herculina dezasete anos antes e

se empleó a trabajar en los barcos mercantes que hay en su bahía, sin hacer más ausencia que un viaje en la fragata nombrada Mariquita procedente de este comercio a la costa de Guinea a la compra de negros, al que salieron hay unos catorce meses. Y desde dicho Guinea fueron con los negros que pudieron reco-

21 VV. AA. *Vigo en su historia*. Vigo: Caja de Ahorros Municipal de Vigo, 1980.



ger a beneficiarlos a la ciudad de La Habana, de la que hay unas tres semanas que acaba de regresarse<sup>22</sup>.

Comercio difícil de precisar ás veces, mais que se intúe polos porto aos que arriban malia o silencio premeditado: o veciño de San Xenxo de Padriñán Manuel Vidal embarcara en 1813 nun bergantín a Alacant e Málaga, saíndo de alí nunha fragata a Cuba,

y descargada saltaron [...] en tierra y volvieron a embarcar en una goleta que iba para la costa de África y puerto de Guinea, y cargada salió nuevamente para el mismo destino de La Habana, y descargada dio vuelta para el expuesto puerto de Guinea [...] volviendo a la misma situación dicha de La Habana<sup>23</sup>.

Mais son poucos os casos de mariñeiros procedentes das zonas de interior: menos do 2% do total dos nosos emigrados exerceron oficios relacionados co mar; a excepción dos que se viron obrigados a embarcar nalgún momento ocasional por estar a cumprir co servizo militar e así esixilo as circunstancias bélicas. Deste modo na década dos oitenta do século XVIII as guerras contra Inglaterra motivaron que varios veciños partisen do Ferrol en navíos da Real Armada: Diego González (de Orazo), Domingos Antón López (da Somoza), Simón García (de San Xurxo de Veá)...<sup>24</sup>. Os destinos e portos habituais de fondeo eran Ferrol, Cádiz, Cartaxena, Veracruz e A Habana. Malia que mariñeiros de oficio só temos a Antón Liste (de Loimil), Baltasar Gómez (de Ribeira, que «entró a servir de marinero en el navío San Gabriel en el que pasó al puerto de La Habana» no 1782) e Tomé Martínez (de Paradela)<sup>25</sup>. Ademais doutros casos de difícil adscripción ou circunstancias: Francisco Souto, de Santo André de Veá, fora a Cádiz a comenzos do século XIX a servir; mais,

deseando regresarse a este País se le proporcionó la ocasión de embarcarse en la fragata de guerra nombrada La Cornelia, que desde Cádiz salía de viaje a Veracruz en busca de dinero para nuestro ejército; y en efecto llegados a Veracruz sin haber salido a tierra, sino conservándose tres días a bordo, cargaron cinco millones de reales y con ellos hicieron vela para el Departamento del Ferrol, en donde desembarcaron<sup>26</sup>.

22 A. H. D. S. Fondo do Provisorato. Sen catalogar.

23 A. H. D. S. Fondo do Provisorato. Sen catalogar.

24 Íd. Serie: expedientes de liberdade e solteiría. Unidades de instalación PR41950, PR35265 e PR40278.

25 Íd. Unidades de instalación PR35010, PR35382 e PR39680.

26 Íd. Unidade de instalación PR46086.



Campos de Castela, hoxe cos traballos mecanizados e coa agricultura transformada nunha empresa.

Outra emigración menos especializada e máis numerosa tiña carácter estacional e dirixíase principalmente a Castela, León e á Ríoxa, aos traballos de cavas de viñas e segas de cereais, saíndo de Galicia polo común en xaneiro (para a primeira das labores) e retornando en agosto (logo de completar a segunda): a tempo para atender a facenda propia –se a había– e cumprir co Precepto Pascual de confesión e comunión nas súas parroquias, tal e como o esixía a Igrexa no seu anxeio de control social absoluto das vidas e actividades de todos os servos e cidadáns; do que os expedientes matrimoniais e de liberdade e solteiría son un nimio exemplo. Era a máis tradicional das fórmulas migratorias e a de menor repercusión demográfica.

O traballo no campo podían complementalo coa fabricación de carbón, combustible que era moi necesario nas cidades e vilas de Castela. En Madrid foron numerosos os emigrantes adicados ao seu reparto, aínda que procedentes doutras zonas de Galicia; en concreto case todos de parroquias do arciprestado de Nemancos (San Cristovo de Carnés, Santiago de Cereixo, San Fiz de Caberta, San Pedro do Porto...): velaí a Matías Pérez, Cristovo López, Xosé Trillo, Francisco Figueiroa e moitos máis que desde finais do XVIII foran



Campos e pombeiros nas Terras de Campos.

a Madrid a traballar «en el apeo y conducción de carbón», «al trabajo de mozos de carbón», «sirviendo de mozos en el abasto de carbón», «al trabajo de apear y conducir carbón a las carbonerías de particulares y almacenes de depósito», etc<sup>27</sup>.

Para a zona de Tabeirós-Montes contamos con exemplos abondosos desta dualidade de oficios na emigración: o veciño de Remesar André García saíu en 1779 á vila de Orgaz (arquidiocese de Toledo) «en donde estuvo al trabajo de fabricar carbón y siegas»; polas mesmas

datas Luís Porto, de Moreira, xa fora dúas veces ao mesmo destino, «trabajando de invierno en fabricar carbón y de verano en segar trigo»; catorce anos pasara o veciño de Rubín Ignacio Rodríguez «fabricando carbón los inviernos en los montes [...] y los veranos y otoños segando y guardando viñas en la villa de Orgaz»; tamén en Toledo, mais na vila de Escalona, estivera Cristovo Durán (de Remesar)

trabajando en las Reales Fábricas de carbón, que corrían al cuidado de don Manuel de Prado, exercitándose en ello todo el discurso del año, a excepción del tiempo de las siegas de trigos, que acostumbraba a salir a trabajar en ellas también en compañía de otros sus camaradas, a las inmediaciones de dicha villa de Escalona<sup>28</sup>.

27 Íd. Unidades de instalación PR35834, PR37913, PR39154, PR40307, PR40013, PR45756, etc.

28 Íd. Unidades de instalación PR38198, PR40605, PR41016, PR43177 e PR43191.

Temos asimesmo novas de que na primeira parte do século XVIII foron varios veciños da xurisdición de Veá á cidade de Granada a traballar nunha fábrica de carbón<sup>29</sup>. Cómpre lembrar que coa madeira de uz (principalmente) elaborábase na zona de Tabeirós-Montes da que tratamos carbón vexetal que se comercializaba nas feiras de Soutelo de Montes ou Beariz. Ou ben era utilizado para os fornos que conseguían estaño das minas de Zobra (partido de Lalín), por exemplo.

O tránsito destes emigrantes mereceu a comparación cos peregríns que se dirixían desde Europa a Compostela por parte de frei Benito Feixó: «los que de otras naciones vienen a España con este título son tantos que a veces se pueden contar por enxambres y abultan en los caminos poco menos que las tropas de gallegos que van a Castilla a la siega»<sup>30</sup>. Outros autores que afirman que uns 60.000 galegos abandonaban nesas datas cada ano as súas aldeas para ir aos traballos da sega, baixo a ditadura do sol de Castela, para obter un miserento xornal en metálico co que retornar ao fogar: o militar inglés W. Dalrymple escribiu en 1774 que «puede en verdad decirse que los pueblos de Castilla están absolutamente en dependencia de los de Galicia para sus trabajos manuales, y, sin embargo, los tratan de vagabundos y miran con el mayor desprecio»<sup>31</sup>. Estes masivos tránsitos migratorios a León, Castela, Extremadura e mesmo Andalucía acontecían desde, cando menos, o século XVI: Lucas Labrada refire como nesas datas «salían a ganar un jornal a los reinos de Castilla, en número de más de treinta mil hombres y mujeres, volviéndose en el mes de agosto, a hacer su triste cosecha»<sup>32</sup>. O concepto de Galicia e dos galegos que construíron os habitantes de Castela no seu imaxinario foi elaborado a partir deses contactos, configurándose desde aquela unha visión estereotipada e de desprezo cara a eles na mentalidade castelá, que perdurará plurisecularmente, orixinando xa na seguinte centuria repertorios de cualificacións negativas

29 Íd. Unidade de instalación PR41547.

30 Feixó, Frei Benito Jerónimo. *Teatro Crítico Universal*. Tomo IV, discurso V. Peregrinaciones sagradas y romerías. Madrid: por don Blas Morán, 1775. Páx. 104.

31 Dalrymple, W. «Viaje a España y Portugal». En V. García Mercadal. *Viajes de extranjeros por España y Portugal*. Vol. III. Madrid: Editorial Aguilar, 1962. Páx. 685.

32 Labrada, Lucas. *Descripción económica del Reino de Galicia*. Reedición: Vigo: Editorial Galaxia, 1971. Páx. 189.

do tipo «antes moro que gallego» recollida por Tirso de Molina ou cantares como

Venga el gallego a segar,  
Miserable jornalero,  
Que los hombres de Castilla  
Tienen el trabajo a menos<sup>33</sup>

Non se trataba, obviamente, dunha argumentación *ad hominem*: o galego individuo podía chegar a ser apreciado; e mesmo quedar a vivir alí. Mais si se formou un cliché aplicado a colectividade imaxinada.

Esta migración estacional estaba condicionada polo cultivo do millo, o coidado da familia e o imprescindible cumprimento do denominado Precepto Pascual, como xa dixemos. De modo que é frecuente que nas declaracións así se exprese: Manuel Solla, de San Martiño de Borela, traballara dous anos na diocese portuguesa de Braga xunto a outros veciños, «y pasados se regresaron todos juntos para esta citada feligresía hace un año en el mes de abril próximo pasado del año que rige, y después que echaron la añada de maíz y cumplieron con el Precepto Pascual se volvieron todos a marchar a trabajar»; Alexandre García, de Loureiro, ía traballar como canteiro a Tui e Ourense xunto con outros paisanos seus, mais retornaban «a cumplir con el precepto pascual y [a] hacer las sementeras de frutos y cultivar sus bienes; y después por el mes de septiembre se volvían a marchar a su oficio»...<sup>34</sup>. Porque con frecuencia tratábase de traballos que funcionaban como complementos da labranza das súas propiedades ou como fontes de ingresos en metálico para aliviar as carencias da casa. De aí que esta emigración estivese protagonizada case por completo por varóns en idade de desenvolver traballos corporais que requerían a miúdo un enorme esforzo físico<sup>35</sup>. Aínda así, o Precepto Pascual podía cumprimentarse nas parroquias ás que se emigraba sen maiores problemas: do que se infire que o realmente

33 Lafuente y Alcántara, E. *Cancionero popular*. Tomo II. Madrid: Imprenta de Carlos Bailly Bailliere, 1865. Páx. 402.

34 A. H. D. S. Fondo do Provisorato. Serie: expedientes de liberdade e solteiría. Unidades de instalación PR45725 e PR41604.

35 Entre os dezaoitto e os corenta e cinco anos, sinala Vázquez, A. «Galicia y las siegas en Castilla». En *Boletín de la Comisión de Monumentos Históricas y Artísticas de Orense*, tomo XVI, páx. 317-346.

importante era retornar a tempo para atender os labores do campo e da casa<sup>36</sup>.

Ademais de estacional era esta unha emigración grupal (como acontecía noutras partes de Europa e como máis adiante corroboraremos especificamente co caso dos canteiros) e/ou veciñal, na que varios mozos saían xuntos da mesma parroquia –ou de parroquias limítrofes– para traballar tamén xuntos, residir na mesma morada e facer igualmente en grupo o camiño de volta. O mesmo caso que o declarado aos xornalistas polos cidadáns sudaneses sobrevivintes ao asalto de Melilla no 2022: que se xuntaran nos seus pobos para vir xuntos, sen mediación de persoa algunha.

Este mesmo carácter grupal, veciñal ou mesmo cooperativo aparece reflectido noutra das ocupacións dos emigrados que non requería cualificación: a dos que se empregaban como carreteiros, cargadores ou mandadeiros nas cidades portuarias; sobre todo na de Cádiz (vid. Gráfica 7). Supoñen algo máis do 20% do total dos emigrados no período obxecto de estudo para a xurisdición de Tabeirós. Á cidade gaditana acodían cada ano ringleiras de galegos para exercer de «mozos de cordel», transportando fardos como animais de carga e permanecendo ás veces varios anos sen voltar ao fogar, amoreados nunhas mesmas dependencias en condicións máis que precarias. Así, Luís Ribeira partiu de Guimarei en 1793 con tres veciños da súa parroquia e da de Lagartóns, e alí se mantiveron vivindo na mesma habitación e traballando xuntos case tres anos. Ao igual que Pedro Reimóndez, de Oca, que se mantivo en Cádiz entre 1794 e 1799, logo de partir na compañía doutros veciños de Rubín e Curantes: «y de llegados que fueron a ella arrendaron un cuarto en el que así juntos asistieron empleándose en los labores que se les ofrecían»<sup>37</sup>.

Outra penosa tarefa de carga reservada aos galegos nas cidades era o carrexo de auga desde as fontes públicas para o consumo dos fogares, sendo este e o traballo de mozo de cordel os que definían a cotío a boa parte da emigración no noso país: o veciño de Santa

36 Hai exemplos de canteiros, coma o veciño de Santo Amedio de Millerada Antón Ramos, que se ausentaban entre os meses de marzo e novembro, mais cumprían co Precepto na freguesía onde traballaban (A. H. D. S. Fondo do Provisorato. Unidade de instalación PR47502).

37 A. H. D. S. Fondo do Provisorato. Serie: expedientes de liberdade e solteiría. Unidades de instalación PR41197 e PR41238.

María de Samieira Ramón Outeiro marchara ao Porto de Santa María na última década do XVIII «a ganar su vida [...] y allí se detuvo unos dos años y medio empleándose en echar agua desde la fuente [...] a varias casas, como lo ejecutan los más sus paisanos». Ao igual que o veciño de Santa María de Simes Manuel Xubiño, quen «se empleó en la fuente de dicho Puerto en el ejercicio de aguador como lo ejecutan otros muchos más vecinos y paisanos». Xosé Rial, de San Martiño de Salcedo, estivera dous anos en Lisboa «dedicado al trabajo de aguadero, llevando por las casas particulares el agua que necesitaban sus habitantes»<sup>38</sup>. Eran labores que non precisaban cualificación e ás que mesmo se adicaban ás veces indistintamente: Roque Pereira, de San Martiño de Ozón, realizara varias viaxes a Madrid desde 1752 «a las labores que en ella se le proporcionaban como eran aguador y tal vez al cordel». Manuel Gómez, de Santa María de Samieira, fora a Cádiz no 1790 a traballar primeiro como augador e despois como mandadeiro. Vincenzo Santos, de Vimianzo, estivera en Madrid desde 1785, primeiro como «peón de albañil» e máis tarde como augador<sup>39</sup>. Na capital apreciamos unha gran concentración de galegos vivindo e exercendo este traballo, sobre todo na fonte de Puerta Cerrada<sup>40</sup>.

Outros empregos que desenvolvían os galegos en Madrid con certa frecuencia eran os de faroleiros ou serenos<sup>41</sup>: Tomé Leis, de San Tirso de Buiturón, marchou á capital en abril de 1804, «donde se acomodó de mozo de faroles de dicha villa asistiendo en la plazuela de la Puerta del Sol» até outubro de 1806. Ao igual que fixeron polas mesmas datas Roque Amarelle e Francisco Cuirrás, de San Fiz de Caberta, faroleiros e serenos na Porta do Sol<sup>42</sup>.

Tamén se aprecia unha certa especialización dos traballos, con concentracións de determinados labores que son efectuadas por veciños de zonas concretas de Galicia: por exemplo, a gran maioría

38 Íd. Unidades de instalación PR35893, PR36196 e PR36790.

39 Íd. Unidades de instalación PR37639, PR39589 e PR41710.

40 Íd. Unidades de instalación PR41105, PR41260, PR43944, PR45826, etc.

41 Vid. Simón Palmer, María del Carmen. «Faroleros y serenos (notas para su historia)». En *Anales del Instituto de Estudios Madrileños* nº 12, 1976. Páxs. 183-204.

42 A. H. D. S. Fondo do Provisorato. Unid. de instalación PR46351.





FUENTE DE PUERTA CERRADA

Lithografía de la serie del *Madrid artístico*, de mediados del siglo XIX. (Museo Municipal de Madrid.)

Fonte de Puerta Cerrada. Madrid.



Faroleiro e sereno na Porta do Sol de Madrid.

dos zapateiros que saían a exercer o oficio de xeito itinerante e/ou estacional na Galicia Atlántica eran da bisbarra de Noia-Obre.

En palabras Ofelia Rey Castelao, o emigrado temporal galego buscaba obter unhas ganancias en metálico para mercar todo aquilo que non producía na súa economía de subsistencia; metálico que unicamente podían obter contratando a súa forza de traballo; a inexistencia de ofertas de traballo asalariado nun territorio rural e agrícola non deixaba máis opción. E carentes de cualificación laboral, non podían máis que adicarse a traballos de forza: criados, esportilleiros, vendedores de auga,... até que «pola simple forza do número, os galegos acabaron exercendo en réxime de case monopolio unha serie de actividades mal remuneradas pero que lles permitían obter un diñeiro esencial para as súas familias»<sup>43</sup>.

Aínda que sen dúbida o máis característico da emigración de Tabeirós-Montes é a especialización nos traballos de cantería: a eles se adicaron o 80% do total dos que solicitaron a declaración de liberdade e soltería nas terras da xurisdición de Montes e case o 45% dos de Tabeirós; porcentaxes ás que deberíamos engadir en aras da realidade estatística, cando menos, a parte das testemuñas (tres por expediente) que depoñen en cada un dos casos (vid. Gráficas 4 e 5 e Anexo).

43 Rey Castelao, Ofelia. *A Galicia clásica e barroca*. Vigo: Galaxia, 1998. Pax. 86.

Os canteiros son case os únicos que poderíamos encadrar na emigración cualificada; o seu oficio requería certa formación que os alonxaba da masa iletrada e doutras profesións. Velá exemplos coma os que figuran nos recoñecementos de diversas obras xa a comezos do século XVII, aos que concorrían canteiros e carpinteiros, non firmando estes últimos por non saber: en 1617 fíxose una revisión da fortaleza e torre de Rianxo, ante o xuíz de comisión e

parecieron presentes Francisco Gonçalez de Araujo y Gaspar de Arce maestros de cantería y Alonso de Beade y Joan Varela maestros de carpentería y abiendo jurado a dios y a una cruz en manos del dicho juez prometieron de decir verdad = y dijeron que ellos an visto la fortaleza de Rianxo pertenesciente a la dignidad Arçobispal questa fundada cerca de la dicha [...] cayda tanta parte della que no se puede aprovechar ni havitar [...], y esto declararon segun lo que entienden por haver visto y mirado la dicha fortaleza por vista de ojos y es la verdad y lo firmaron los dichos maestros de cantería y no lo firmaron los de carpintería por no saver<sup>44</sup>.

Os canteiros formaron un grupo social cunha «pseudocultura» propia e mesmo cunha lingua de seu; e pola súa especificidade representan un factor singular das nosas terras cun amplo ámbito de traballo. O veciño Reino de Portugal tiña nos núcleos urbanos de Guimaráns e Valença dous lugares de referencia aos que se achegaban moitos galegos (mesmo de zonas tradicionalmente cheas de artesáns da pedra) para aprender o oficio de canteiros; oficio que tamén aprendían nas súas parroquias xunto a familiares e veciños<sup>45</sup>. Son numerosísimos os exemplos que poderíamos sacar a colación de participación dos profesionais desta arte ao longo da nosa xeografía. Baste o de Xosé Cachafeiro, veciño de San Tomé de Quireza, quen a finais do XVIII tiña traballado como «Maestro de Arquitectura fuera de la parroquia, en el convento de Armenteira y otras partes», construíndo tamén a espadaña da igrexa de San Lourenzo de Sabucedo e parte do templo<sup>46</sup>.

44 A. H. D. S. Fondo Xeral. Serie: Visitas Pastorais. Unidade de instalación 1262. Fols. 245 e 246.

45 Meixide Pardo cifra en 80000 o número de galegos que podería haber emigrados no Reino de Portugal no ano 1800: *La emigración gallega intrapeninsular en el siglo XVIII*. Madrid: Instituto Balmes de Sociología (CSIC), 1960.

46 A. H. D. S. Fondo do Provisorato. Serie: expedientes de liberdade e solteiría. Unidade de instalación PR39321.

Parece que entre eles mediaban con frecuencia vencellos familiares e veciñais: en 1807 o veciño de Codeseda Xoán Antón Gómez declaraba ter saído a traballar como canteiro cos seus conveciños Xoán Antón Lourenzo, Xosé Gómez e André Gómez ao partido de Monforte de Lemos. Do mesmo xeito que o veciño de Sabucedo Santiago Alonso declaraba ter feito o mesmo en 1810 indo a traballar á Pobra do Deán cos seus veciños Santiago Bouzas e Xoán Bouzas<sup>47</sup>.

É indubidable que este tránsito continuado de emigrantes á procura duns duros traballos mal remunerados lonxe do fogar producía moitas veces imaxes tráxicas; sobre todo entre a que hoxe denominaríamos man de obra pouco ou nada cualificada. E restan exemplos na documentación, como na solicitude de declaración de viuvez de María Pérez en 1808, muller que fora do labrador do lugar do Pindo de Santo Amedio de Carnota Vincenzo Gómez, o cal

para más bien ganar la vida, y tener con qué socorrer a su familia, solía ir los más de los años a las siegas de frutos a Castilla, de donde regresaba a su País después de concluidas aquellas operaciones con el lucro que agenciaba con el sudor de su rostro. Últimamente habrá unos cuatro años que volviendo de las siegas para su tierra le acometió una enfermedad, que le obligó a quedarse solo, viniéndose sus compañeros, de los cuales el uno recibió de su mano el dinero que había ganado, y lo entregó después [...]. En esta situación tan deplorable le cogió la muerte en el lugar o parroquia de Fonfría, Obispado de Lugo, desamparado de sus amigos y compañeros, quienes por haber sido aquel año muy calamitoso de enfermedades para los Gallegos que fueran a Castilla, se venían retirando precipitadamente, sin detenerse a aguardar por persona alguna.

O seu compañeiro Antón Bermúdez retornaba con el dos traballos,

caminando hasta el monte de Villalpando, en el cual dicho Vicente por venir ya enfermo de las tercianas, cuyo mal ya le acometiera durante el trabajo, conociéndose rendido e incapaz de pasar más adelante, pidió al testigo continuase solo su viaje y lo dejase quedar en aquel monte para ir caminando poco a poco siempre que pudiese y no muriese en él, entregándole catorce duros, que eran la mayor parte del dinero que juntara con su trabajo, para que lo hiciese a su mujer [...]. El declarante continuó su viaje y de llegado a esta parroquia a donde también lo hicieron otros distintos labradores que fueran al mismo fin por varios sitios de la Castilla, como se divulgase y corriese de público que el Vicente González se falleciera debajo de un hórreo junto al lugar de Fonfría,

47 Íd. Unidades de instalación PR46376 e PR46593.

a donde viniera caminando desde el Villalpando [...]. A preguntas del Señor Comisionado, dice: que dicho año de ochocientos cuatro fue muy calamitoso de enfermedades para los labradores que han ido al trabajo de las siegas al Reino de Castilla en términos que murieron muchos, y los enterraban en el camino sin que los más compañeros quisiesen asistir al entierro recelosos de que enfermasen como ellos, lo que sucedió a algunos que por querer asistirles murieron antes de los que estaban enfermos, por cuyo recelo se escapaban como podían.

Outras testemuñas declararon que foi sepultado na igrexa de Fonfría na mañán do vinteseis de agosto de 1804 «a la misericordia a imitación de otros muchos más que enfermaran y murieron en aquel mismo año de terciana»<sup>48</sup>.

Hai espazo nos expedientes de liberdade e solteiría para facetas (tan actuais nos fenómenos migratorios) como o apiñamento ou as precarísimas condicións laborais e de vida dos galegos na diáspora; sobre todo das mulleres, empurradas a miúdo a situacións desesperadas: non nos resistimos a referir o exemplo de André Remiseiro, viúvo da vila de Pontevedra. A súa muller falecera, tal e como refire Caetano Muñíos (mozo de cociña que regresaba logo de tres anos en Lisboa), na fronteiriza vila de Viana en 1807:

en donde con motivo de pasar por junto a la puerta principal de la Capilla de Santa María Magdalena y Misericordia, observó había una mujer hecha cadáver tendida en un féretro llamado escaño, que en idioma portugués se dice esquilfe, y las gentes aseguraban era gallega nombrada la Capirota, y habiéndose acercado al sitio, que era fuera y a la entrada de dicha puerta principal, vio y reconoció que era Rosaria Magdalena alias Capirota, mujer del Andrés Remiseiro, vecina que fuera de la motivada parroquia de Lérez, que real y verdaderamente era la misma [...], la cual tenía vestido un pañuelo de muselina blanca, una chaqueta indiana, un guardapiés de bayeta azul y camisa en lo interior, todo ellos bastante viejo: el escaño encima de unas piedras, y a ambos lados dos velas de cera encendidas, colocadas en otros tantos candeleros de palo, y se decía muriera la sobredicha de unas patadas que le dieran: tenía también junto a los pies un plato de estaño en donde se echaba limosna para enterrar el mismo cadáver a la tarde; en cuyo plato dejó el testigo echados igualmente dos cuartos por la propia razón [...]<sup>49</sup>.

Non hai máis que indagar un pouco nos rexistros de defuncións das nosas parroquias para ver a copiosa nómina de veciños que deixaron a saúde e a vida en apartados lugares á procura de fortuna

48 Íd. Unidades de instalación PR43291.

49 Íd. Unidade de instalación PR46679.

ou mellora das condicións paupérrimas de vida, até hai ben poucos anos, vítimas do que hoxe se denominarían pandemias e enfermidades profesionais: unicamente en Santa Mariña de Ribela topamos a celebración de funcións fúnebres por Manuel Nodar Porto en decembro de 1912, morto na Habana aos 55 anos, «oriundo de Parada, vecino de esta parroquia y su oficio cantero y labrador y últimamente en La Habana negociaba en carbón»; ou o falecemento en California no mesmo ano de Manuel Cabada aos 33 anos; ou a morte en 1914 de Xosé Nodar, «que falleció a principios de junio de mil novecientos trece en el punto llamado Ygapoo en el Brasil»...<sup>50</sup>.

Outras das causas de emigración e mortalidade inherente á mesma foi o servizo militar, que duraba entre nove e doce anos na época que tratamos e que afectou a boa parte dos mozos en idade reproductiva útil; máxime coa invasión francesa de 1809. Así, o veciño de Olives Pedro Meda e o seu único irmán foron destinados ao exército en 1808 e até 1810, cando «habiendo estado en el ataque de Badajoz y recibido un balazo en la mano derecha y un sablazo sobre la nariz y pasado al hospital» foi declarado inútil<sup>51</sup>. Alonso Maceiro, de Lagartóns, permaneceu no Rexemento Provincial de Compostela entre 1809 e 1812, transitando co exército de Santiago a Vilafranca do Bierzo, Ponferrada, Pobra de Sanabria, etc<sup>52</sup>. Gregorio Varela, tamén de Lagartóns, estivo no «Batallón de Artilleros Voluntarios Gallegos de Cádiz»<sup>53</sup>. O fregués de Barbude Antón Barcala serviu entre 1809 e 1812, aínda que «por ser muy corto de talla, enfermo e inútil, fue desechado del Real Servicio»; malia iso en xuño de 1809, «sin embargo de no tener más de cuatro pies de alto fue como todos los solteros y casados sin hijos al ataque de la exclusión de los franceses en Santiago sin más armas que un palo», participando na batalla de Ponte Sampaio e seguindo ao xeneral Morillo até Coruña, Lugo e Valladolid<sup>54</sup>. Froilán Torre, de Moreira, empregouse en 1808 en León por mozo das cabalarías de brigada, caíndo prisioneiro

50 A. H. D. S. Fondo parroquial de Santa Mariña de Ribela. Unidade de instalación P008861.

51 A. H. D. S. Fondo do Provisorato. Serie: expedientes de liberdade e solteiría. Unidade de instalación PR47457.

52 Íd. Unidade de instalación PR47202.

53 Íd. Unidade de instalación PR48193.

54 Íd. Unidade de instalación PR48171.

dos franceses en agosto e sendo conducido ao país galo até a firma da paz en 1814...<sup>55</sup>.

### **A modo de conclusión**

Podemos afirmar que os expedientes de liberdade e solteiría revélanse como un instrumento para obter -cando menos- unha visión de conxunto bastante axeitada da emigración neste período do Antigo Réximen; malia as súas eivas e limitacións á hora de servir como instrumento estatístico fiable ao cen por cento. Cando menos para afondar no tipo de emigración e nas ocupacións desenvolvidas nela, nas que se aprecian nidas divisións por rexións e/ou ocupacións e «especializacións»: os canteiros na zona de Tabeirós-Montes, os zapateiros nas de Noia e Obre, os repartidores de carbón na de Nemancos, etc.

Tamén resultan de utilidade para recentes disciplinas históricas coma o estudo do postergamento da muller e para o ámbito das relacións veciñais, laborais e familiares que tiñan lugar durante as estancias fóra das súas parroquias de orixe e mesmo para os comportamentos durante as viaxes.

Reflicten ademais fenómenos tanxenciais como as situacións bélicas ou de conflito e os efectos das levas para a Real Armada e o exército; e, no caso das parroquias da costa galega, axudan a elaborar a historia do curso patrio e a definir os seus núcleos de acción e as súas bases. Tamén amosan a afección económica e demográfica que supuxeron para o país as guerras contra Inglaterra de 1796-1808 e a posterior contra Francia até 1814. Ou o levantamento das colonias sudamericanas de 1810 contra a Coroa de Castela, que afectou ao comercio dos portos galegos. Asimesmo podemos rastrexar neles as principais rutas marítimas mercantes da época con nomes de buques, batallas navais acontecidas e naufraxios descritos vivamente en primeira persoa polos sobreviventes. Posibilitan a reconstrución detallada e con fiabilidade dos movementos e dinámicas de tropas de diferentes rexementos pola xeografía europea: identificamos membros dos rexementos de infantaría de Mallorca, do de artilleiros voluntarios galegos de Cádiz, do de infantaría do Príncipe, do de

55 Íd. Unidade de instalación PR48706.


infantería de Zamora, do de infantería de León, do de voluntarios de Santiago ou provincial de Compostela, do de voluntarios do Morrazo, do de granadeiros da Coruña... chegando algún dos seus membros até Rusia nos desplazamentos realizados; e proporcionan datos e detalles até agora inéditos sobre accións bélicas concretas.

Revélanos, enfín, a nosa emigración como unha acción as máis das veces gregaria, solidaria, veciñal e mesmo gremial en moitos casos.

Logo desta breve caricatura (que non doutro modo se pode chamar) da emigración vista coa axuda dos expedientes de solteiría, resta por debuxar unha máis completa pintura deste fenómeno na zona en maiores períodos de tempo, co recurso a outras fontes arquivísticas complementarias que afinen as estatísticas obtidas.




Gráfica 1. Número de expedientes de emigrantes nas terras de Montes entre 1741 e 1816




Gráfica 2. Número de expedientes de emigrantes nas terras de Tabeirós entre 1741 e 1816




Gráfica 3. Evolución de expedientes de emigrantes nas terras de Tabeiros entre 1741 e 1816




Gráfica 4. Evolución de expedientes de canteiros nas terras de Tabeiros entre 1741 e 1816




Gráfica 5. Evolución de expedientes de canteiros nas terras de Montes entre 1741 e 1816



Gráfica 6. Evolución de expedientes tramitados por militares nas terras de Tabeirós



Gráfica 7. Evolución dos expedientes tramitados por mandadeiros nas terras de Tabeirós



## Anexo

Nome	Parroquia de orixe	Observacións
Pascual García	San Miguel de Arca	Traballou como canteiro antes de 1742 en Sanabria e no Reino de Portugal
Gregorio Muxico	Santo André de Veá	Traballara na diocese de Astorga catro anos antes de 1742
Santiago Vilaverde	San Lourenzo de Ouzande	Traballara como pedreiro na vila de Portomarín antes de 1744 dous anos
Antón Ruza	Santo André de Souto	Traballara como canteiro na vila de Monforte de Lemos antes de 1746
Feliciano Durán	San Xiao de Guimarei	Traballara dúas temporadas na vila de Pontedeume e as súas proximidades antes de 1758
Xoán Antón Piñeiro	Santa María de Aguións	Traballara na compañía dos veciños de San Xiao de Guimarei Xosé Pereira, Caetano Valcárcel e Manuel Valcárcel na «Raya de Reino de Galicia y León y lugares del Cebreiro, Pedrafita y Trabadelos, Arzobispado de Santiago, Lugo y Astorga» entre 1756 e 1762
Xosé Pereira	San Xiao de Guimarei	Traballara na compañía dos veciños de San Xiao de Guimarei Caetano Valcárcel e Manuel Valcárcel e na do veciño de Aguións Xoán Antón Piñeiro na «Raya de Reino de Galicia y León y lugares del Cebreiro, Pedrafita y Trabadelos, Arzobispado de Santiago, Lugo y Astorga» entre 1756 e 1762
Caetano Valcárcel	San Xiao de Guimarei	Traballara na compañía dos seus veciños Manuel Valcárcel e Xosé Pereira e na do veciño de Aguións Xoán Antón Piñeiro na «Raya de Reino de Galicia y León y lugares del Cebreiro, Pedrafita y Trabadelos, Arzobispado de Santiago, Lugo y Astorga» entre 1756 e 1762
Manuel Valcárcel	San Xiao de Guimarei	Traballara na compañía dos seus veciños Caetano Valcárcel e Xosé Pereira e na do veciño de Aguións Xoán Antón Piñeiro na «Raya de Reino de Galicia y León y lugares del Cebreiro, Pedrafita y Trabadelos, Arzobispado de Santiago, Lugo y Astorga» entre 1756 e 1762
Domingos Antón Castro	San Xurxo de Codeseda	Traballara en torno a 1768 en San Fiz de Asma, diocese de Lugo
Ignacio Batallán	San Martiño de Riobó	Traballara desde 1764, con doce anos, como «servinte de canteiro» en Astorga e tres anos en Cádiz até 1778

<b>Nome</b>	<b>Parroquia de orixe</b>	<b>Observacións</b>
Domingos Antón Castro	San Xurxo de Codeseda	Traballara en torno a 1768 en San Fiz de Asma, diocese de Lugo
Domingos Constenla	San Paio de Figueiroa	Estivera traballando tres anos antes de 1768 na cidade de León
André Pumares	Santa Mariña de Ribela	Antes de 1768 traballara tres anos no Ferrol e na xurisdición de Deza
Lúis Eira	San Xiao de Guimarei	Estivera tres anos antes de 1773 traballando na diocese de Astorga, parte do tempo no convento de Nogales
Xoán Antón Brea	Santa María de Nigoi	Antes de 1779 traballara dúas tempadas nas dioceses de Astorga e Oviedo
Xosé Brea	Santa María de Rubín	Traballara dúas tempadas no Reino de León antes de 1780
Francisco Requeixo	San Breixo de Lamas	Traballara antes de 1780 tres tempadas na diocese de Lugo, na abadía de Samos
Bertomeu Piñeiro	San Pedro de Parada	Traballou no Ferrol en 1778 e 1779 cando menos
Pedro Pena	Santa María de Rubín	Traballara dúas tempadas antes de 1780 en Babia, diocese de Oviedo
Clemente Bascuas	Santa Mariña de Agar	Traballara tres tempadas antes de 1780 nas montañas do Cebreiro
Domingos Antón Constenla	San Paio de Figueiroa	Antes de 1781 foi traballar dúas tempadas á diocese de Lugo, ao priorado de Santa María do Cebreiro
Xosé Nodar	San Pedro de Parada	Fora a traballar antes de 1781 en dúas ocasións ao Ferrol
Pascual Castro	San Xurxo de Codeseda	Traballou catro tempadas antes de 1782 á diocese de Lugo
André Gómez	Santa María de Rubín	Traballou antes de 1782 tres tempadas na diocese de Astorga
Xacinto Fernández	San Xurxo de Codeseda	Traballara antes de 1784 na vila de Monforte de Lemos e as súas cercanías
Domingos Antón López	San Xurxo de Codeseda	Antes de 1784 traballou tres tempadas na vila de Monforte de Lemos
Xosé Garrido	Santa Mariña de Ribela	En 1781 traballou en Monforte de Lemos e posteriormente no Ferrol até 1784
Xacobe Sanlouzáns	San Breixo de Lamas	Saíra antes de 1784 a traballar ao Reino de León e á diocese de Oviedo
Xosé García	Santa María de Nigoi	Antes de 1784 traballara na diocese de Astorga

<b>Nome</b>	<b>Parroquia de orixe</b>	<b>Observacións</b>
Domingos Antón Carballeda	Santa María de Loimil	Antes de 1785 saíra tres tempadas á diocese de Lugo
Xacinto Bergueiro	San Xurxo de Codeseda	Traballara como canteiro antes de 1785 no arsenal do Ferrol
Martiño Vilaverde	Santiago de Tabeirós	Traballara no Reino de León en 1783 e 1784 xunto aos seus veciños Martiño Ribadulla, Bernardo Durán e Xosé Caramés
Martiño Ribadulla	Santiago de Tabeirós	Traballou no Reino de León en 1783 e 1784 xunto aos seus veciños Martiño Vilaverde, Bernardo Durán e Xosé Caramés
Bernardo Durán	Santiago de Tabeirós	Traballou no Reino de León en 1783 e 1784 xunto aos seus veciños Martiño Vilaverde, Martiño Ribadulla e Xosé Caramés
Xosé Caramés	Santiago de Tabeirós	Traballou no Reino de León en 1783 e 1784 xunto aos seus veciños Martiño Vilaverde, Bernardo Durán e Martiño Ribadulla
Manuel Fernández	Santa María de Rubín	Traballou antes de 1785 tres tempadas na diocese de Astorga
Francisco Silva	San Xio de Arnois	Traballara na encomenda de Portomarín en 1785 e 1786
Xosé Arca	Santa María de Nigoi	Traballou en Vilafranca antes de 1786
Manuel Nodar	San Pedro de Parada	Traballara no Ferrol en 1784, 1785 e 1786
Domingos Lourenzo	Santo André de Somoza	Traballara no Reino de León en 1784, 1785 e 1786
Anxo Vilas	Santiago de Tabeirós	Traballara no Reino de León en 1785 xunto aos veciños Martiño Ribadulla, Xurxo Ribadulla e Pedro Rodríguez
Martiño Ribadulla	Santiago de Tabeirós	Traballara no Reino de León en 1785
Xurxo Ribadulla		Santiago de Tabeirós
Pedro Rodríguez	Santiago de Tabeirós	Traballara no Reino de León en 1785
Xoán Loureiro	Santiago de Tabeirós	Traballara en 1785
Domingos Paz	Santa Cristina de Vinseiro	Traballara nas montañas do Reino de León xunto aos seus veciños André Canabal, Francisco Ponte e Mateo Martínez en 1785, 1786 e 1787
André Canabal	Santa Cristina de Vinseiro	Traballara nas montañas do Reino de León entre 1785 e 1787

<b>Nome</b>	<b>Parroquia de orixe</b>	<b>Observacións</b>
Francisco Ponte	Santa Cristina de Vinseiro	Traballara nas montañas do Reino de León entre 1785 e 1787
Mateo Martínez	Santa Cristina de Vinseiro	Traballara nas montañas do Reino de León entre 1785 e 1787
Xoán Rei	San Cristovo de Remesar	Traballara no Reino de León entre 1785 e 1787
Gregorio Fernández	San Miguel de Curantes	Traballara no Reino de León entre 1785 e 1787
Álvaro Igrexa	Santa María de Rubín	Traballara no Reino de León entre 1785 e 1787
Álvaro Bascuas	Santa Mariña de Agar	Traballara no Reino de León entre 1785 e 1787
Manuel Dono	San Pedro de Parada	Traballou no Ferrol en 1785 e 1787
Manuel Porto	San Pedro de Parada	Traballou no Ferrol en 1785 e 1787; e no partido de Chantada en 1804
Alberte Nodar	San Pedro de Parada	Traballou no Ferrol en 1785 e 1787
Baltasar Nodar	San Pedro de Parada	Traballou no Ferrol en 1785 e 1787
Tomé Saborido	Santa Mariña de Ribela	Traballou en 1786 e 1787 na diocese de Lugo, no partido de Deza
Gonzalo Ulla	Santa Mariña de Ribela	Traballou en 1786 e 1787 na diocese de Lugo, no partido de Deza
Gonzalo Nercellas	Santa Mariña de Ribela	Traballou en 1786 e 1787 na diocese de Lugo, no partido de Deza
Manuel Barreiro	Santa Mariña de Ribela	Traballou en 1786 e 1787 na diocese de Lugo, no partido de Deza
Xoán Silva	Santa Mariña de Ribela	Traballou en 1786 e 1787 na diocese de Lugo, no partido de Deza
Xoán Antón Baloira	San Breixo de Lamas	Saíra a traballar entre 1785 e 1788 á diocese de Lugo, vila de Sarria
Martiño Rei	San Breixo de Lamas	Saíra a traballar entre 1785 e 1788 á diocese de Lugo, vila de Sarria
Francisco Riamonde	San Breixo de Lamas	Saíra a traballar entre 1785 e 1788 á diocese de Lugo, vila de Sarria
Ramón Besteiro	San Breixo de Lamas	Saíra a traballar entre 1785 e 1788 á diocese de Lugo, vila de Sarria
Alberte Borraxeiros	San Pedro de Parada	Traballara entre 1785 e 1787 na diocese de Lugo: vila de Chantada e as súas proximidades



<b>Nome</b>	<b>Parroquia de orixe</b>	<b>Observacións</b>
Tomé Nodar	San Pedro de Parada	Traballara entre 1785 e 1787 na diocese de Lugo: vila de Chantada e as súas proximidades
Gregorio Souto	San Pedro de Parada	Traballara entre 1785 e 1787 na diocese de Lugo: vila de Chantada e as súas proximidades
Manuel Muras	San Pedro de Parada	Traballara entre 1785 e 1787 na diocese de Lugo: vila de Chantada e as súas proximidades
Pedro Filloi	Santa María de Olives	Traballara na diocese de Lugo entre 1786 e 1788
Antón Cerviño	San Xurxo de Codeseda	Traballara antes de 1789 durante varios anos na cidade de Betanzos e os seus arredores
André Porto	San Pedro de Orazo	Traballou na vila de Sarria e no Reino de León antes de 1789
Vicenzo Bugallo	San Xoán de Liripio	Traballou entre 1785 e 1789 en Vilafranca do Bierzo
Xosé Heitor	Santa María de Nigoi	Traballou entre 1784 e 1788 na diocese de Ourense
Domingos Antón Ribas	Santa María de Nigoi	Traballou no Reino de León entre 1783 e 1785. E na diocese de Ourense entre 1786 e 1788
Antón Carbón	Santa Mariña de Ribela	Traballou en Coruña entre 1786 e 1788
Mateo Baltar	Santa Mariña de Ribela	Traballou en Coruña entre 1786 e 1788
Caetano Carbón	Santa Mariña de Ribela	Traballou en Coruña entre 1786 e 1788
Xosé Mosteiro	Santa Mariña de Ribela	Traballou en Coruña entre 1786 e 1788
Ramón Mosteiro	Santa Mariña de Ribela	Traballou en Coruña entre 1786 e 1788
Filipe García	Santa Mariña de Ribela	Antes de 1789 saíra dúas temporadas a traballar ao Ferrol
Francisco Fonte	Santa Cristina de Vinseiro	Traballara varios anos antes de 1789 na xurisdición de Camba
André Nogueira	Santa Mariña de Agar	Saíra entre 1786 e 1789 a traballar ao Reino de León
Domingos Antón Caramés	Santa María de Nigoi	Antes de 1789 saíra varias temporadas a traballar ao Reino de León

<b>Nome</b>	<b>Parroquia de orixe</b>	<b>Observacións</b>
Adán Barreiro	San Xurxo de Codeseda	Traballara seis temporadas antes de 1789 na cidade de Betanzos e as súas proximidades; e en 1802 e 1804 no partido de Monforte de Lemos; e no 1803 de novo no das Mariñas de Betanzos
Miguel Bartolomé	Santa Mariña de Ribela	Saíra a traballar en 1787 e 1788 ao partido de Monforte de Lemos
Nicolás Ribadulla	Santiago de Tabeirós	Traballara no Reino de León en 1787 e 1788
Anxo Vila	Santiago de Tabeirós	Traballara no Reino de León en 1787 e 1788
Xoán Durán	Santiago de Tabeirós	Traballara no Reino de León en 1787 e 1791
Simón Terceiro	Santiago de Tabeirós	Traballara no Reino de León en 1787 e 1788
André Pereira	Santa Baia de Pardemarín	Entre 1786 e 1805 traballou na vila de Sarria e freguesías próximas
Gregorio Valadares	Santa Mariña de Barcala	Traballou en Cádiz cando menos sete anos antes de 1790
Francisco Grela	San Miguel de Barcala	Traballou varios anos en Cádiz antes de 1790
Isidro Grela	San Miguel de Barcala	Traballou varios anos en Cádiz antes de 1790
Pedro Laceiras	Santa Mariña de Barcala	Traballou varios anos en Cádiz antes de 1790
Xoán Antón Terceiro	Santiago de Tabeirós	Traballou no Reino de León entre 1785 e 1787
Gregorio Ponte	Santiago de Tabeirós	Traballou no Reino de León entre 1785 e 1787
Xoán Silva	Santiago de Tabeirós	Traballou no Reino de León entre 1785 e 1787
Xacobe Vidal	San Breixo de Lamas	Traballou entre 1785 e 1789 en Triacastela
Xoán Vilaverde	Santa María de Olives	Traballou antes de 1790 en Triacastela
Xacinto Vidal	Santa Baia de Pardemarín	Traballou antes de 1790 en Triacastela
Bieito Fondevila	Santa Baia de Pardemarín	Traballou antes de 1790 en Triacastela; e entre 1796 e 1806 en diversas partes da diocese de Lugo
Domingos Antón Castro	San Breixo de Lamas	Traballou antes de 1790 en Triacastela

<b>Nome</b>	<b>Parroquia de orixe</b>	<b>Observacións</b>
Xoán Antón Lourenzo	San Xurxo de Codeseda	Antes de 1791 pasara catro temporadas traballando na vila de Monforte de Lemos e as súas proximidades
Brais Cabada	San Lourenzo de Sabucedo	Traballou entre 1788 e 1790 no Principado de Asturias e no partido de Sarria
Plácido Caeiro	San Xurxo de Codeseda	Traballara catro tempadas antes de 1791 na cidade de Betanzos e as súas cercanías
Domingos Antón Álvarez	Santa María de Rubín	Traballou en 1789 e 1790 no Reino de León
Francisco Riamonde	San Breixo de Lamas	Traballou antes de 1792 no Reino de León
Anxo Riamonde	San Breixo de Lamas	Traballou antes de 1792 no Reino de León
André Souto	San Xurxo de Codeseda	Traballou tres tempadas antes de 1792 no partido de Monterroso
Rafael Mesía	Santa María de Rubín	Traballou no Reino de León varias tempadas antes de 1793
Francisco Rei	Santa María de Rubín	Traballou en 1787 e 1788 na diocese de Astorga
Anxo Ribas	San Lourenzo de Sabucedo	Traballou antes de 1793 varias tempadas no Principado de Asturias e na diocese de Lugo
Lourenzo Baloira	San Miguel de Curantes	Traballara varias tempadas antes de 1793 na diocese de Lugo, nos partidos de Sarria e do Bierzo
Xoán Durán	Santa Mariña de Agar	Con anterioridade a 1793 traballara na diocese de Oviedo tres tempadas
Xoán Pereiras	San Miguel de Curantes	Traballara entre 1787 e 1790 na diocese de Lugo, na vila de Sarria
Bieito Cuíña	San Cristovo de Remesar	Traballara na diocese de Lugo un par de tempadas na década dos oitenta do século XVIII
Caetano Gonxar	Santa Mariña de Agar	Traballou antes de 1794 catro anos na diocese de Astorga, Reino de León
Bertomeu Piñeiro	San Pedro de Parada	Traballou entre 1791 e 1793 en Chantada e Monforte de Lemos
Bieito Ribas	Santa María de Nigoi	Traballou entre 1791 e 1794 no Reino de León e posteriormente no partido de Betanzos e novamente no Reino de León até 1814
Domingos Antón Piñeiro	Santa María de Nigoi	Traballou entre 1791 e 1794 no Reino de León

Nome	Parroquia de orixe	Observacións
Xosé Louzán	San Xurxo de Cereixo	Traballara entre 1791 e 1793 no Reino de León
Xoán Pena	Santa María de Nigoi	Antes de 1794 traballou tres tempadas no Reino de León
Xosé García	Santa María de Nigoi	Antes de 1794 traballou tres tempadas no Reino de León
Uxío Rodríguez	San Xurxo de Codeseda	Antes de 1794 traballara cinco tempadas no Ferrol e no partido de Chantada; e semella que en Santa María de Sada entre 1812 e 1814
Xoán Picallo	San Xurxo de Codeseda	Antes de 1794 fora durante cinco anos a traballar á vila de Monforte de Lemos e ás súas proximidades; e en 1812 e 1813 ás proximidades do Ferrol
Antón Bergueiro	San Xurxo de Codeseda	Antes de 1794 traballou cinco tempadas no Ferrol e as súas cercanías
Francisco Constenla	Santa María de Nigoi	Traballara tres tempadas antes de 1794 ao Reino de León
Melchor Pena	Santa María de Nigoi	Entre 1791 e 1793 traballou na vereda real que saía da Coruña ao bispado de Lugo
Santiago Pena	Santa María de Nigoi	Entre 1791 e 1793 traballou no Reino de León
Anxo Deitor	Santa María de Nigoi	Entre 1791 e 1793 traballou no Reino de León
Bieito Rosende	Santa María de Nigoi	Entre 1791 e 1793 traballou no Reino de León
Xoán Folgar	Santa María de Nigoi	Entre 1791 e 1793 traballou na diocese de Oviedo
Xoán Castrelo	Santa María de Rubín	Traballara entre 1792 e 1794 tres tempadas na diocese de Oviedo
Francisco Dono	San Pedro de Parada	Traballou en 1793 no Reino de León e no 1794 en Chantada
Bieito Terceiro	Santiago de Tabeirós	Traballou en 1793 no Reino de León e no 1794 en Chantada
Xoán Ribas	San Pedro de Parada	Traballou en 1793 no Reino de León e no 1794 en Chantada
Manuel Ribas	San Pedro de Parada	Traballou en 1793 no Reino de León e no 1794 en Chantada
Teodoro Brea	San Xurxo de Codeseda	Antes de 1795 saíra cinco tempadas da súa freguesía

<b>Nome</b>	<b>Parroquia de orixe</b>	<b>Observacións</b>
Filipe Fernández	Santa Mariña de Ribela	Antes de 1795 saíra catro tempadas á diocese de Lugo
Roque Cabada	Santa Mariña de Ribela	Antes de 1795 saíra catro tempadas á diocese de Lugo
Manuel Galán	Santa María de Nigoi	Saíra a traballar ao Reino de León varias tempadas antes de 1795
Xacobe Sueiro	San Xurxo de Codeseda	En 1792, 1793 e 1794 saíra a traballar ao Ferrol e Monterroso
Xoán Riamonde	San Breixo de Lamas	En 1792, 1793 e 1794 saíra a traballar ao Reino de León
Ambrosio Trabadelo	Santa Mariña de Ribela	Antes de 1795 saíra tres tempadas ao Ferrol
Xosé Baltar	San Breixo de Lamas	Entre 1788 e 1791 saíra a traballar anualmente á diocese de Lugo
Xosé Ribas	Santa María de Nigoi	Traballara no Ferrol entre 1793 e 1795
Baltasar Nogueira	Santa Mariña de Agar	Antes de 1796 traballara cinco tempadas no Reino de León
Xoán Silva	Santa Mariña de Ribela	Entre 1794 e 1796 traballou na diocese de Lugo
Francisco Vázquez	Santa María de Rubín	Antes de 1797 fora tres tempadas ao Reino de León
Ignacio Igrexas	Santa María de Rubín	En 1791, 1792, 1796 e 1797 traballou no Reino de León
Xoán Antón Picallo	Santa Mariña de Ribela	Antes de 1797 saíra dúas tempadas á cidade da Coruña
Francisco Cabada	Santa Mariña de Ribela	Traballou na diocese de Lugo en 1794, 1795 e 1796
Rafael Ovede	San Miguel de Curantes	Antes de 1797 saíra catro tempadas á diocese de Lugo
Xoán Pazos	Santa María de Rubín	Antes de 1797 saíra a traballar fóra da parroquia
Xoán Piñeiro	San Pedro de Parada	Entre 1795 e 1797 traballara no partido de Chantada
Xacobe Ribadulla	Santiago de Tabeirós	Desde 1792 até 1810 saíra a traballar a Chantada e ao Reino de León
Manuel González	Santa Baia de Pardemarán	Traballara desde 1793 até 1801 na diocese de Lugo. Posiblemente sexa o mesmo Manuel González que traballou no partido de Sarria entre 1811 e 1813
André Colazo	San Cristovo de Remesar	Antes de 1801 foi catro tempadas a traballar á diocese de Lugo

<b>Nome</b>	<b>Parroquia de orixe</b>	<b>Observacións</b>
Xoán Vidal	San Lourenzo de Sabucedo	Traballou na diocese de Lugo en 1796; e entre 1797 e 1800 no partido do Salnés
Bieito Terceiro	Santiago de Tabeirós	Entre 1797 e 1799 traballou no Reino de León
Francisco Picáns	Santa Cristina de Vinseiro	Entre 1797 e 1800 traballou na diocese de Astorga
Miguel Rozados	Santa Cristina de Vinseiro	Mestre de canteiría xa en 1797 que fixo traballos en Astorga
Xosé Troitiño	Santa Mariña de Ribela	Mestre de canteiría, no 1801 traballara en Santiago do Burgo, San Xiao de Almeiras, San Pedro de Nos e Santa María de Cambre. Residía en Santa María do Temple
Francisco Espiño	San Vicenzo de Berres	Entre 1798 e 1800 traballara no Reino de León
Gregorio Rodríguez	San Cristovo de Remesar	Antes de 1802 estivera dúas tempadas traballando na diocese de Lugo
Xoán Caramés	Santiago de Tabeirós	No 1803 facía seis anos que traballaba no Reino de León
Xoán Besteiro	San Xurxo de Codeseda	Traballara unha tempada antes de 1803 na zona de Betanzos
Xoán Mato	Santa María de Rubín	Antes de 1804 xa fora varias tempadas co seu irmán e mestre de canteiría André Mato ao Reino de León e diocese de Astorga
André Mato	Santa María de Rubín	Mestre de canteiría antes de 1804, traballou na diocese de Astorga
Francisco Mato	Santa María de Rubín	Irmán dos precedentes e con similar tesitura
Manuel Pena	San Pedro de Parada	Desde 1799 até 1804 traballaba por tempadas anuais na parroquia de Santa Baia de Cira
Crescencio Leis	Santiago de Tabeirós	En 1804 declara que estivera ausente cinco tempadas traballando nas proximidades da cidade de León
Nicolás Constenla	Santiago de Tabeirós	No 1804 xa pasara seis anos traballando no Reino de León; parece que continuou até 1810
Gabriel Fonte	San Xurxo de Codeseda	En 1804 declara ter saído tres tempadas a traballar ao partido de Monforte de Lemos. Semella que tamén traballou na Coruña en 1812
Gregorio Souto	San Cristovo de Remesar	En 1804 declara ter traballado nas montañas de León antes de ser reclutado para o servizo militar

Nome	Parroquia de orixe	Observacións
Lázaro Vilela	Santa María de Olives	No 1805 declara que desde facía doce anos saía a traballar por tempadas á diocese de Lugo
Xosé Ribas	San Xurxo de Codeseda	Desde 1801 até 1805 saíra a traballar aos conventos de Monfero e Aciveiro
Manuel Cerviño	San Xurxo de Codeseda	Desde 1801 até 1805 saíra a traballar aos conventos de Monfero e Aciveiro
Santiago Fernández	San Xurxo de Codeseda	Desde 1801 até 1805 saíra a traballar aos conventos de Monfero e Aciveiro
Xacinto Fernández	San Xurxo de Codeseda	Desde 1801 até 1805 saíra a traballar aos conventos de Monfero e Aciveiro
Manuel Castro	San Xurxo de Codeseda	Traballara en 1802 e 1804 no partido de Monforte de Lemos; e no 1803 no das Mariñas de Betanzos
Xacinto Souto	San Xurxo de Codeseda	Traballara en 1802 e 1804 no partido de Monforte de Lemos; e no 1803 no das Mariñas de Betanzos
Antón Souto	San Xurxo de Codeseda	Traballara en 1802 e 1804 no partido de Monforte de Lemos; e no 1803 no das Mariñas de Betanzos
Manuel Maceira	Santa María de Nigoi	Entre 1800 e 1806 saíu cada ano a traballar ao partido de Betanzos
Francisco Cumbrão	Santa María de Nigoi	Entre 1800 e 1806 saíu cada ano a traballar ao partido de Betanzos
Domingos Nodar	San Pedro de Parada	Entre 1800 e 1806 saíu cada ano a traballar ao partido de Betanzos e a Chantada
Manuel García	San Xurxo de Codeseda	En 1803 e 1804 traballou no partido de Ventosa
Bernardo Vilaboa	San Xurxo de Codeseda	Parece que en 1803 e 1804 traballou no partido de Ventosa
Francisco Fraíz	San Xurxo de Codeseda	Parece que en 1803 e 1804 traballou no partido de Ventosa
Ramón Garrido	San Xurxo de Codeseda	Parece que en 1803 e 1804 traballou no partido de Ventosa
Pedro Somoza	Santa Baia de Pardemarín	Traballou fóra da parroquia en 1804 e 1805
Caetano Canosa	Santa Baia de Pardemarín	Traballou fóra da parroquia en 1804 e 1805
Manuel Bataneiro	Santa Baia de Pardemarín	Traballou fóra da parroquia en 1804 e 1805
Xosé Durán	Santiago de Tabeirós	Traballou en Oseira antes de 1806



<b>Nome</b>	<b>Parroquia de orixe</b>	<b>Observacións</b>
Xoán Ponte	Santa María de Nigoi	Traballou en Oseira antes de 1806
Manuel Ponte	Santa María de Nigoi	Traballou en Oseira antes de 1806
Carlos Sanmartiño	San Pedro de Parada	Traballou en Oseira antes de 1806
Francisco Vázquez	San Xurxo de Codeseda	Traballou no mosteiro de Sobrado dos Monxes varias tempadas antes de 1807
Bernardo Ermida	San Xurxo de Codeseda	Traballou no mosteiro de Sobrado dos Monxes varias tempadas antes de 1807
Xosé Gando	San Xurxo de Codeseda	Traballou no mosteiro de Sobrado dos Monxes varias tempadas antes de 1807
Domingos Antón Fernández	San Xurxo de Codeseda	Traballou nos mosteiros de Sobrado dos Monxes e Monfero varias tempadas antes de 1807
Xoán Antón Gómez	San Xurxo de Codeseda	Traballou en 1806 no partido de Monforte de Lemos
Xoán Antón Lourenzo	San Xurxo de Codeseda	Traballou en 1806 no partido de Monforte de Lemos
Xosé Gómez	San Xurxo de Codeseda	Traballou en 1806 no partido de Monforte de Lemos
André Gómez	San Xurxo de Codeseda	Traballou en 1806 no partido de Monforte de Lemos
Xosé Fragoso	San Xurxo de Codeseda	En 1804 e 1805 traballou no mosteiro de Monfero e no 1806 na cidade da Coruña
Domingos Antón Eirín	San Xurxo de Codeseda	En 1804 e 1805 traballou no mosteiro de Monfero e no 1806 na cidade da Coruña
Ignacio Picallo	San Xurxo de Codeseda	En 1804 e 1805 traballou no mosteiro de Monfero e no 1806 na cidade da Coruña
Xosé Raposo	San Xurxo de Codeseda	Traballara na Coruña con anterioridade a 1807
Manuel Colazo	San Cristovo de Remesar	Traballara no Reino de León en 1806, 1807 e 1808
Domingos Antón Álvarez	Santa Baia de Pardemarán	Traballara na vila de Sarria en 1807, 1808 e 1809
Pedro Ribas	Santa Baia de Pardemarán	Traballara na vila de Sarria en 1807, 1808 e 1809
Rafael Pereiras	Santa Baia de Pardemarán	Traballara na vila de Sarria en 1807, 1808 e 1809
Xoán Cacheiro	San Cristovo de Remesar	Antes de 1809 traballou no Reino de León e na vila de Sarria

<b>Nome</b>	<b>Parroquia de orixe</b>	<b>Observacións</b>
Xoán Ribadulla	Santiago de Tabeirós	Entre 1798 e 1810 saíu a traballar ao Reino de León
Ignacio Loureiro	Santa María de Nigoi	Antes de 1811 saíu en dúas ocasións a traballar ao Reino de León
Santiago Alonso	San Lourenzo de Sabucedo	Traballou no Ferrol en 1808 e na Pobra do Deán en 1810
Santiago Bouzas	San Lourenzo de Sabucedo	Traballou na Pobra do Deán en 1810
Xoán Bouzas	San Lourenzo de Sabucedo	Traballou na Pobra do Deán en 1810
Pascual Alonso	San Lourenzo de Sabucedo	Traballou na Pobra do Deán en 1810
Vicenzo Brea	San Xurxo de Codeseda	Traballou no partido de Monterroso en 1810 e 1811
Vicenzo Igrexa	San Xurxo de Codeseda	Traballou no partido de Monterroso en 1810 e 1811
Xosé Castro	San Xurxo de Codeseda	Traballou no partido de Monterroso en 1810 e 1811
Tomé Ruzo	San Xurxo de Codeseda	Traballou no partido de Monterroso en 1810 e 1811
Mateo Frende	Santa Baia de Pardemarín	Traballou en Sarria entre 1809 e 1812
Manuel Batán	Santa Baia de Pardemarín	Traballou en Sarria entre 1809 e 1813
Henrique Filloi	Santa Baia de Pardemarín	Traballou en Sarria entre 1809 e 1812
Xacinto Cabana	Santa Baia de Pardemarín	Traballou en Sarria entre 1809 e 1812
Domingos Antón Nodar	San Pedro de Parada	Traballou en Chantada en 1809; en San Xoán de Carbia en 1810; e en Melide en 1811
León Tosar	San Miguel de Cora	Entre 1804 e 1813 traballou continuamente na Coruña
Ignacio Batán	Santa Baia de Pardemarín	Traballou no partido de Sarria en 1811, 1812 e 1813
Ignacio Rozados	Santa Baia de Pardemarín	Traballou no partido de Sarria e no Reino de León entre 1811 e 1815
Luís Fragoso	San Xurxo de Codeseda	Traballou na Coruña en 1812
Xoán Eirín	San Xurxo de Codeseda	Traballou na Coruña en 1812

<b>Nome</b>	<b>Parroquia de orixe</b>	<b>Observacións</b>
Uxío Fonte	San Xurxo de Codeseda	Traballou na Coruña en 1812
Manuel Arxón	San Xurxo de Cereixo	Traballara no Reino de León en 1812 e 1813
Francisco Picáns	San Xurxo de Cereixo	Traballara no Reino de León en 1812 e 1813
Francisco Louzao	San Xurxo de Cereixo	Traballara no Reino de León en 1812 e 1813
Francisco Anxo Igrexa	San Xurxo de Codeseda	Traballou na Coruña entre 1809 e 1814
Bieito Fernández	San Xurxo de Codeseda	Traballou na Coruña entre 1809 e 1814
Santiago Garrido	San Xurxo de Codeseda	Traballou na Coruña entre 1809 e 1814
Pedro Corbal	San Xurxo de Codeseda	Traballou na Coruña entre 1809 e 1814
Pedro Cerviño	San Xurxo de Codeseda	Traballara nas proximidades do Ferrol en 1812 e 1813
Francisco Souto	San Xurxo de Codeseda	Traballara nas proximidades do Ferrol en 1812 e 1813
Ramón Gorís	San Martiño de Riobó	Antes de 1814 traballara tres tempadas no Reino de León
Isidro Igrexa	San Pedro de Parada	Traballou en Chantada no 1804
Baltasar Barral	San Pedro de Parada	Traballou en Chantada no 1804
Caetano Nogueira	San Tomé de Acorados	Traballou en 1813 e 1814 en Santiago de Villardeciervos, diocese de Astorga
Santiago Lourenzo	San Xurxo de Codeseda	Traballara en 1814 no mosteiro de San Xusto de Toxosoutos
Ventura Caeiro	San Xurxo de Codeseda	Traballara en 1814 no mosteiro de San Xusto de Toxosoutos
Xiao Lourenzo	San Xurxo de Codeseda	Traballara en 1814 no mosteiro de San Xusto de Toxosoutos
Francisco Castro	San Xurxo de Codeseda	Traballara en 1814 no mosteiro de San Xusto de Toxosoutos
Xurxo Picáns	Santa Cristina de Vinseiro	Traballou no Reino de León en 1811 e 1814
Francisco Ribeira	Santa Cristina de Vinseiro	Traballou no Reino de León en 1811 e 1814
Francisco Bergueiro	Santa María de Nigoí	Traballou no Reino de León en 1811 e 1814

<b>Nome</b>	<b>Parroquia de orixe</b>	<b>Observacións</b>
Xosé Rozados	San Xurxo de Codeseda	Traballou en Santa María de Sada en 1812, 1813 e 1814
Pedro Souto	San Xurxo de Codeseda	Traballou en Santa María de Sada en 1812, 1813 e 1814
Francisco Figueira	Santa Baia de Pardemarín	Entre 1796 e 1814 saíu a traballar dezaoitto tempadas á diocese de Lugo e partido de Sarria
Ignacio Martínez	Santa Baia de Pardemarín	Traballou no Reino de León en 1812 e 1815
Xacobe Bendoiro	Santa Baia de Pardemarín	Traballou no Reino de León en 1812 e 1815; e en Sarria no 1816
Filipe Montoiro	Santa Baia de Pardemarín	Traballou no Reino de León en 1812 e 1815
Ignacio Pena	Santa Baia de Pardemarín	Traballou en Cádiz entre 1812 e 1815
André Lois	Santa Baia de Pardemarín	Traballou en Cádiz entre 1812 e 1815
Francisco Pena	Santa Baia de Pardemarín	Traballou en Cádiz entre 1812 e 1815
Xosé Filloi	Santa Baia de Pardemarín	Traballou en Cádiz entre 1812 e 1815
Xosé González	Santa Baia de Pardemarín	En 1816 traballou na diocese de Lugo, en terra de Sarria
Xiao Maceiras	Santa Baia de Pardemarín	En 1816 traballou na diocese de Lugo, en terra de Sarria
Miguel Rodríguez	Santa Baia de Pardemarín	En 1816 traballou na diocese de Lugo, en terra de Sarria
Xoán Cabada	San Lourenzo de Sabucedo	Entre 1806 e 1816 saíu en varias ocasións a traballar á diocese de Lugo
Alexo Pichel	San Lourenzo de Sabucedo	Entre 1806 e 1816 saíu en varias ocasións a traballar á diocese de Lugo
Fermín Garrido	San Lourenzo de Sabucedo	Entre 1806 e 1816 saíu en varias ocasións a traballar á diocese de Lugo
André Bouzas	San Lourenzo de Sabucedo	Entre 1806 e 1816 saíu en varias ocasións a traballar á diocese de Lugo
Ignacio Cabada	San Xurxo de Codeseda	En 1816 declara ter traballado no partido de Sarria desde os catorce anos e no Reino de León desde os dezasete
Manuel Deitor	Santa María de Nigoi	Antes de 1816 traballou no Reino de León
Bieito García	Santa María de Nigoi	Antes de 1816 traballou no Reino de León

Nome	Parroquia de orixe	Observacións
Marcos Louzao	Santa Mariña de Ribela	Desde os doce anos e até 1804 saíu a traballar á diocese de Lugo; e desde 1807 ao partido de Noia

## Bibliografía

- ÁLVAREZ ARVELO, Ramón. «Los expedientes de soltería y viudedad como fuente para el estudio del siglo XIX en Canarias», XIX Coloquio de Historia Canario americana [2014], Las Palmas de Gran Canaria. Páxs. 902-911.
- BRITO GONZÁLEZ, A. «Un instrumento para el conocimiento del discurso de los inmigrantes europeos en Canarias en el Antiguo Régimen: los expedientes de soltería», XX Coloquio de Historia Canario Americana [2012], Las Palmas de Gran Canaria. Páxs. 606-623.
- DALRYMPLE, W. «Viaje a España y Portugal». En V. García Mercadal. *Viajes de extranjeros por España y Portugal*. Vol. III. Madrid: Editorial Aguilar, 1962.
- EIRAS ROEL, A. e REY CASTELAO, O. (Eds.) *Migraciones internas y medium distance en la Península Ibérica, 1500-1900*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1993.
- FEIXÓ, Frei Benito Jerónimo. *Teatro Crítico Universal*. Tomo IV. Peregrinaciones sagradas y romerías. Madrid: por don Blas Morán, 1775.
- LAFUENTE e ALCÁNTARA, E. *Cancionero popular*. Tomo II. Madrid: Imprenta de Carlos Bailly Bailliere, 1865.
- MEIXIDE PARDO, A. *La emigración gallega intrapeninsular en el siglo XVIII*. Madrid: instituto Balme de Sociología (CSIC), 1960.
- NAHOUM GRAPPE, Véronique. «Ennuï et migration: pourquoi partir?», en *France, terre de migrations internes, France, terre d'immigrants*. Actes du colloque d'Aurillac. Le Migrant, nº 5-7, xuño de 1985.
- PEDRET CASADO, Paulino. *El matrimonio en las constituciones sinodales de Galicia desde el Concilio de Trento, especialmente en las del arzobispo de Santiago, don Francisco Blanco*. Santiago de Compostela: Imprenta Paredes, 1943.
- REY CASTELAO, Ofelia. «Hombres y ejército en Galicia: la leva de 1762». En *Espacio, Tiempo y Forma*. Serie IV, Historia Moderna, T. 7 (1994),
- REY CASTELAO, Ofelia. *A Galicia clásica e barroca*. Vigo: Galaxia, 1998.
- SIMÓN PALMER, María del Carmen. Faroleros y serenos (notas para su historia). En *Anales del Instituto de Estudios Madrileños* nº 12, 1976.
- VÁZQUEZ, A. «Galicia y las siegas en Castilla». En *Boletín de la Comisión de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*, tomo XVI.
- VÁZQUEZ MARTÍNEZ, A. *Galicia e a seitura en Castela*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 1997.
- VV. AA. *Vigo en su historia*. Vigo: Caja de Ahorros Municipal de Vigo, 1980.



# O deslinde do termo municipal da Estrada no século XIX

Javier García Gómez  
terrarefaaro@hotmail.com

**Resumo.** Presentamos un pequeno traballo sobre o deslinde e amolloamento entre o termo municipal da Estrada e os concellos adxacentes, realizado na derradeira década do século XIX ao amparo da normativa legal xurdida trala creación dos municipios constitucionais, coa transcripción do contido das actas oficiais e planimetría complementaria, depositadas no Instituto Xeográfico Nacional.

**Abstract.** This is a brief research on the legal demarcation and the setting of physical boundary markers between the municipal district of A Estrada and the adjacent municipalities, carried out in the last decade of the 19th century under the legal regulations that arose after the creation of the constitutional municipalities. To document that process the transcription of the contents of the official records and complementary planimetry, deposited in the National Geographic Institute of Spain, are included.

## Introdución

Desde a Idade Media asistimos en Galicia a unha constante busca por parte de diferentes institucións, eclesiásticas e nobiliarias, por oficializar e materializar en soporte documental os límites territoriais dos seus dominios. A indeterminación dos espazos xeográficos foi sempre unha constante no ámbito xurisdiccional, provocando con frecuencia desacordos e conflictividade entre os seus posuidores. A partir do século XIX documéntanse unha sucesión de medidas lexislativas co obxectivo de fixar os límites territoriais da nova administración municipal, recorrendo aos lindeiros históricos que ata ese momento se viñan utilizando.

O deslinde de termos municipais, territorio onde o concello exerce as súas competencias, será o procedemento administrativo para declarar os límites de dita entidade, sendo o amolloamento a forma na que se materializará a través da determinación de fitos ou mouteiras, que farán perceptible a liña divisoria das xurisdicións de cadanseu municipio mediante unha operación de carácter técni-

co. Mediante unha sinxela metodoloxía de sucesión cronolóxica, presentamos uns breves apuntamentos sobre o contexto histórico e o marco temporal no que se desenrolaron no pasado as diferentes fórmulas xurisdicionais, ata chegar ás normativas oficiais orixina- das en parello á creación dos municipios constitucionais. No corpus descritivo analizaremos o deslinde do termo municipal da Estrada cos demais concellos da súa contorna na derradeira década do s. XIX, Cuntis, Silleda, Campo Lameiro, Cerdedo, Forcarei, Padrón e Val- ga, a través das actas oficiais redactadas en 1890 que servirán como base de traballo para outros expedientes posteriores.

O recurso ás fontes documentais primarias será unha constan- te no desenrolo deste traballo, transcribindo e traducindo as actas orixinais dispoñibles na actualidade e depositadas no Instituto Xeog- ráfico Nacional xunto coa planimetría correspondente, respec- tando as condicións de uso e aceso regulados pola súa normativa e licenza, que complementamos coa bibliografía básica de referencia. Na tradución das actas e documentación ao galego respectamos al- gunhas licencias gramaticais, xiros estilísticos e expresións utiliza- dos nos orixinais, por ser propios da época e o contexto na que foron redactadas, así como pola terminoloxía propia da ciencia xeográfica e topográfica inherente ao persoal técnico, peritos e outros membros da administración participantes nestas tarefas.

## Contexto histórico e xeográfico

A diplomática real e outros rexistros documentais dispoñibles dos primeiros séculos da Baixa Idade Media, presentan exemplos de organización e administración territorial baseados en condados ou *comisos*, compostos por núcleos de poboación diseminados ou *villas*; aínda que cando transcriben relacións de varios deles, fano sempre en referencia a un curso fluvial de primeira orde ou *ripa*, como liña de marcación específica para acadar unha precisa localización espacial.

[...] in ripa Ulie, in Saliniensi uillas Barcalla et alias in Ualleca, Parata, Lau- rinia, Reserti, Parete longa, Mazanaria, Palatio, Adamiri et alia inter Laurum Magnola, quod dicitur ad Mola et uilla Armentari [...]<sup>1</sup>.

1 Lucas Álvarez, 1998-105. 924, outubro, 25. *Fruela II doa á Igrexa de Santiago varias vilas e posesións, entre outras as localizadas á veira do río Ulla*.





Fig.1. Mapa do Reino de Galicia, 1696<sup>2</sup>.

A fórmula mais habitual empregada durante os séculos posteriores para determinar os límites e xurisdicións eran os apeos, utilizados en maior medida pola administración eclesiástica como instrumento para acadar unha óptima distribución da fiscalización para o cobro de décimos, rendas e outras cargas impositivas ás que estaban obrigados os estamentos non privilexiados da sociedade vasalática. A parroquia confórmasse como a unidade básica de ordenación territorial, deixando a súa administración en mans dos oficios de mordomo e xuíz de residencia, nomeados polo posuidor do dominio e axudados polos escribáns como garantes e testemuñas da súa oficialidade. As continuas disputas e desacordos resolvíanse en última instancia na Real Audiencia como órgano xurídico supremo de decisión.

Entre as funcións destes oficiais estaba o control dos mollóns ou marcos do territorio asignado, na procura de asegurar a inamovibilidade entre as distintas xurisdicións. Para tal fin, eran referendados diferentes elementos xeográficos da paisaxe ou construcións senlleiras que identificaran con facilidade a divisoria, os mesmos que se utilizarán nos sucesivos expedientes de deslinde ata a actualidade. Destacan as augas vertentes como os mais comúns, ademais das elevacións do relevo xeográfico como outeiros, cumes ou montes, os cursos de auga de regatos e ríos, ou edificacións ben recoñecibles

2 IGN. Obra derivada de Cartografía Antigua. Galicia (Reino). Mapas Generales. Color. 1696. CC-BY scne.es.

como pontes, muíños e cruceiros. Estes apeos acadaban o consenso mediante comisións veciñais nomeadas por cada un dos termos adxacentes, trasladando ao terreo as súas decisións por medio de grandes pedras chantadas en profundidade, fitos, marcos, mollóns ou mouteiras, a unha distancia que permitise a visibilidade entre elas, coa anterior e a posterior.

Ata a chegada dos procesos constitucionais que deron por rematado o coñecido como Antigo Réxime, as parroquias que hoxe compoñen o termo municipal da Estrada estaban baixo a xurisdición das institucións eclesiásticas do Cabido de Santiago e do Arcebispo, coa figura do arcebispo como titular do señorío. O estamento nobiliario posuía tamén o dominio en varias freguesías, representado polo conde de Amarante, o conde de Altamira e o marqués de Aranda<sup>3</sup>.

Hay en esta feligresía de San Lourenço doce feligreses. Los frutos son todos del retor, que con los de San Juan de Leripio, su caveça, valdrán quarenta cargas de pan. Presentación con la caveça, del cabildo de Santiago y de su tenenciero de Codeseda<sup>4</sup>.

A mediados do século XVIII xorde un intento de reforma fiscal iniciada polo decreto de Fernando VI de 10 de outubro de 1749, coñecida como Única Contribución ou Catastro do marqués da Ensenada, que levaba implícito un documento rexistral de interrogatorio e declaración de 40 cuestións que debían reportar todas as poboacións da Coroa de Castela. Este catastro permitiu á administración real coñecer a organización política do espazo e os ámbitos de influencia dos diferentes poderes, sendo a parroquia a unidade básica para dar resposta a dita enquisa. As tres primeiras preguntas precisaban o nome, o posuidor do dominio e o territorio que ocupaba cada termo con especificación da súa extensión e lindeiros. Como exemplo ilustrativo desta delimitación básica, transcribimos a correspondente á parroquia de San Lourenzo de Sabucedo, pertencente ao couto de Codeseda e baixo o señorío do Cabido de Santiago, onde se relacionan os límites coas parroquias veciñas dos actuais concellos de Forcarei e Cerdedo-Cotobade.

3 Miramontes Carballada, 2000:167.

4 Del Hoyo, 1607:492. *Arçideanato de Salnés. Arçiprestazgo de Tabeirós. San Lourenço de Sabucedo, anexo a San Juan de Leripio.*



Fig. 2. Mapa do Arcebispo de Santiago, 1825<sup>5</sup>.

A de San Lourenzo de Sabucedo confina polo levante coas de Santa Mariña de Tomonde e Santa Mariña de Castrolo, polo poñente coa de Codeseda, polo norte coa de Liripio, e polo mediodía coa de San Thomé de Quireza, a que terá de levante a poñente ao longo un cuarto de legua e o mesmo de norte a mediodía de ancho<sup>6</sup>.

## A creación dos concellos constitucionais

Unha das primeiras medidas dos gobernos reformistas liberais do século XIX, que consagraban a soberanía nacional como base xurídica da nova lexislación do Estado, foi a delimitación dos espazos xurisdiccionais dos municipios como entidade territorial de referencia no novo ordenamento constitucional. O Decreto de abolición dos señoríos asinado por Fernando VII en 1811 artículase como o documento xurídico de partida con implicacións políticas, económicas e sociais, emanado das Cortes de Cádiz como institución dotada de plenas competencias lexislativas<sup>7</sup>.

5 IGN. Obra derivada de Cartografía Antigua. Santiago de Compostela (La Coruña). Mapas eclesiásticos. 1825. CC-BY scne.es.

6 Archivo General de Simancas. Sign. AGS\_CE\_RG\_L242. Interrogatorio de San Jorge de Codeseda, San Lorenzo de Sabucedo y San Juan de Liripio, coto de Codeseda, fol. 189.

7 Gaceta de la Regencia de España e Indias, nº 118, de 12 de setembro de 1811. Decreto 82, de 6 de agosto de 1811. Cortes de Cádiz. Decreto de abolición de señoríos.

Como o seu propio título indica, desde este momento *quedan incorporados á Nación todos os señoríos xurisdicionais de calquera clase e condición* (art. 1), así como a abolición das prestacións e ditados de *vasalo e vasalaxe* (art. 4); destacando como principal consecuencia socio-económica que *os señoríos territoriais e solaregos quedan desde agora na clase dos demais dereitos de propiedade particular* (art. 5). Contando con esta base xurídica previa, a Constitución de 1812 inclúe no seu articulado que haberá concellos para o goberno interior dos pobos, posibilitando a súa creación, nas localidades de máis de mil habitantes con indicación do seu termo municipal.

Art. 310. Poñerase Concello nos pobos que non o teñan, e nos que conveña que o haxa, non deixando de habelo nos que por eles mesmos ou coa súa comarca cheguen a mil almas, sinalándoseles tamén o seu correspondente termo<sup>8</sup>.

A pesar desta rotunda declaración de intencións, pasarán case cinco décadas ata o desenvolvemento de normativas específicas para o proceso de delimitación dos espazos, do xeito previsto no texto constitucional de 1812, sobre os que a nova administración municipal exercería as súas competencias. Unha das disposicións de maior importancia foi o Decreto do Ministerio da Gobernación de 23 de decembro de 1870, no que se estipulaba a normativa para o sinalamento dos termos municipais, necesaria para garantir a súa autonomía, por medio de fitos e mollóns permanentes, que incluía un articulado de oito puntos coas instrucións para realizar os deslindes<sup>9</sup>.

Para completar a definición dos límites entre concellos, ditouse un novo Real Decreto o 30 de agosto de 1889 asinado pola raíña María Cristina, sobre a renovación dos fitos e mollóns que determinan a liña divisoria entre termos municipais, procedendo a fixar o ámbito xurisdicional asignado a cada un deles e rematando así coa secular indefinición territorial; *É indispensable como traballo previo determinar as liñas divisorias dun termo municipal con outro, co obxecto*

8 *Constitución Política da Monarquía Española, promulgada en Cádiz a 19 de marzo de 1812*. Cádiz, Imprenta Roel: MDCCCXII. *Título VI, Capítulo I, dos Concellos*, páx. 84.

9 *Gaceta de Madrid* nº 43, de 12 de febreiro de 1871. *Decreto do Ministerio da Gobernación, de 23 de febreiro de 1870*. Emenda de erros do mesmo Decreto publicado na *Gaceta de Madrid* nº 53, de 24 de febreiro de 1871.

Fig. 3. Partido xudicial de Tabeirós, 1851<sup>10</sup>

*de que as comisións de traballo non precisen inverter nesta operación preliminar, que poden efectuar por si mesmos os concellos*<sup>11</sup>.

Como logo veremos na transcripción das actas documentais entre A Estrada e os concellos limítrofes, este decreto dispoñía a obriga de nomear unha comisión presidida polo Alcalde, tal e como se indica no artigo 7 da citada Lei; *Para proceder ás operacións referidas nas disposicións anteriores, os Concellos nomearán unha Comisión de tres individuos do seu seo, presidida polo Alcalde e auxiliada polo Secretario e por dous peritos coñecedores do termo municipal e de longa traxectoria no mesmo, cuxa Comisión renovará o amolloamento e levantamento das actas.*



### O concello da Estrada no século XIX

Mediante a Real Orde de 8 de febreiro de 1837 apróbase a Nova Planta dos Concellos da provincia de Pontevedra, sumando un total de 63 repartidos en 11 partidos xudiciais, previa a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. O Partido Xudicial de Tabeirós estaba composto polos municipios de Forcarei, Cereixo e Cerdedo<sup>12</sup>. O concello de Cereixo, formado polas 51 parroquias actuais, mudou o seu nome polo de A Estrada mediante acordo da Deputación de Pontevedra de 17 de xaneiro de 1841; producíndose en 1853 o cambio de nome da parroquia de Figueroa que pasou a denominarse San Paio da Estrada, onde se asenta a capital municipal.

10 IGN. Obra derivada de Cartografía Antigua. Pontevedra (Provincia). Mapas Generales. 1851. CC-BY scne.es.

11 Gaceta de Madrid nº 247, de 4 de setembro de 1889. *Real Decreto de 30 de agosto de 1889. Exposición*, páx. 757.

12 BOP Pontevedra nº 98, do 7 de decembro de 1836.



Fig. 4. Límite municipal da Estrada, tomado de X. Fariña<sup>13</sup>.

En cumprimento das disposicións do Real Decreto de 30 de agosto de 1889, intentouse formalizar un primeiro documento de deslinde entre os concellos de Campo Lameiro e A Estrada, mediante acta que deberían asinar as comisións de ambas administracións, con data 14 de novembro dese ano. Aínda que o concello da Estrada non participou nin presentou a obrigada comisión para o sinalamento dos mollóns comúns, na acta recóllense os puntos de referencia e lugares da divisoria, coa forma e dimensión dos fitos e mouteiras; *con isto rematou o acto de deslinde, sen acordo por parte da Comisión do Concello da Estrada. Campo, catorce de novembro de mil oitocentos oitenta e nove*<sup>14</sup>.

Provincia de Pontevedra. Concello de Campo. Acta de sinalamento de mollóns comúns aos Concellos de Campo e da Estrada.

Reuníronse as comisións no lugar denominado Cádavo designado ao efecto.

<sup>13</sup> Fariña Jamardo, 1993:157.

<sup>14</sup> IGN. Obra derivada de Acta de Deslinde nº 59561 de Campo Lameiro (36007), A Estrada (36017). Firmas: 1889. CC-BY scne.es. 14 de novembro de 1889.

Mollón nº 1. Couto ou pico do Cádavo, onde comeza o mollón nº 1 para este concello e A Estrada, e nº 8 para o primeiro e o de Cuntis. Forma o sinal un fito de pedra no referido pico, con forma de cadrado, de dous metros de alto por medio de ancho.

Mollón nº 2. Poza da Lagoa coñecida por unha pena sinalada cunha cruz e porque desde este fito marchando ao norte media unha distancia de 110 metros á referida Poza da Lagoa. Distancia co anterior 225 m.

Mollón nº 3. Punta do norte da Serra Grande coñecida por unha pena sinalada cunha cruz e pola notoriedade de dito nome de Serra Grande, onde comeza a cordilleira. Distancia co anterior 240 m.

Mollón nº 4. Serra Grande coñecida por ser a derradeira pena da mesma, sinalada cunha cruz, cara ao sur desde o mollón anterior, no cumio da citada cordilleira. Distancia co anterior 387 m.

Mollón nº 5. Punta de Gaiás de Paramilleira coñecida por outro pico máis elevado a 36 m de distancia, e porque a pena na que se asenta este fito, a parte dunha maior elevación, distínguese ao leste pola súa cara cortada en forma de parede. Distancia co anterior 440 m.

Mollón nº 6. Pico de Aguillón ou Plego da Herba coñecido por unha pena sinalada cunha cruz. Distancia co anterior 1.934 m. Este mollón é o derradeiro deste deslinde e común aos concellos de Campo, Estrada e Cerdedo.

O 30 de abril de 1890 xuntáronse de novo as Comisións nomeadas para o deslinde entre A Estrada e Campo Lameiro, non acadando por segunda vez un acordo sobre a liña divisoria entre ambos municipios, como transcribimos de seguido na acta nº 59.591.

## Actas de deslinde de 1890

Durante o ano 1890 oficialízanse en documento público as instrucións ditadas no R. D. de 30 de agosto de 1889, mediante o levantamento de actas para determinar os límites entre concellos, desenrolando e dando cumprimento ao proxecto de lei sobre formación de plans e perímetros dos distritos municipais. Como se recolle no artigo 9º da citada Lei, as actas que transcribimos de seguido, asinadas polo secretario municipal da Estrada don Maximino Araújo co visto e prace do alcalde don Genaro Otero Vinseiro, deberán contar cunha serie de elementos descritivos específicos para certificar o seu carácter de documento oficial<sup>15</sup>.

15 D. Genaro Otero Vinseiro, natural da parroquia de Santa Mariña de Ribeira, de oficio avogado, ocupou o cargo de Alcalde da Estrada entre o 1 de xaneiro de 1890 e o 1 de xullo de 1891, durante cuxo mandato asinou as actas de deslinde entre este concello e os límites.



MODELOS del Centro Geodésico Topográfico de Dionisio Casañal y Zapátero. Zaragoza. 81

059561

Provincia de *Saragosa*. Ayuntamiento de *Campo*

## ACTA

del señalamiento de mojones comunes a los Ayuntamientos de *Campo* y de *Estrada*

Distancia con Estrada.....	3.226.
Edm. del Distrito hasta corar el perímetro.....	44.681.

Se practicó la operación el día *16* de *Noviembre* de *1889* en cumplimiento del Real Decreto de 30 de Agosto del año 1889, precias las formalidades establecidas en el artículo 8.º del mismo, sirviendo de antecedente a este señalamiento el deslinde practicado en... de ... de ...

### COMISIONES

Nombradas con arreglo al artículo 7.º del referido Real Decreto.

Ayuntamiento de <i>Campo</i>	Ayuntamiento de <i>Estrada</i>
CARGOS.	NOMBRES.
<i>Alcalde</i>	<i>D. Ignacio Acha Ferrin</i>
<i>1.º edul.</i>	<i>D. José M.º Alonso Martin</i>
<i>Consejal</i>	<i>D. Celestino Garcia</i>
<i>Jendice</i>	<i>D. Ramon Porto Fontula</i>
<i>Contador</i>	<i>D. Jesus Campo L</i>
<i>Procto</i>	<i>D. Manuel José Vela</i>
<i>ed</i>	<i>D. Ramon Ferrin Ferrin</i>

Se reunieron las comisiones en el sitio denominado *Código* designado al efecto.

Fig. 5. Acta de deslinde 59.561 entre Campo Lameiro e A Estrada.

Artigo 9º. Todas as operacións que se executen para realizar o amolloamento, faranse constar en acta detallada, asinada polos asistentes ao acto; na que se consignarán tamén cantos antecedentes servirán para fixar a liña do perímetro, describindo a súa dirección, forma e dimensións, así como a distancia entre un e outro mollón, os materiais de que estean compostos, o sinal especial a que se refire o at. 4 e o seu respectivo número. De dita acta, que se arquivará na Se-

PUNTOS DE SUSCRICION

Madrid en la Administracion de la Gaceta, Ministerio de la Gobernacion, para suscribirse.



PRECIOS DE SUSCRICION

Table with subscription rates: MADRID... Por un año... 5; Por tres meses... 3; Por seis meses... 2; Por un mes... 1; Por un trimestre... 1; Por un semestre... 2; Por un año... 5.

GACETA DE MADRID

PARTE OFICIAL

PRESIDENCIA DEL CONSEJO DE MINISTROS

SS. MM. el REY y la REINA Regente (Q. D. G.) y Augusta Real Familia continúan en San Sebastián, sin novedad en su importante salud.

MINISTERIO DE HACIENDA

EXPOSICION

SEÑORA: Autorizado por V. M., tuvo el honor el Ministro que suscribe de presentar a las Cortes en 25 de Junio último un proyecto de ley sobre formación de planes perimetrales de los distritos municipales de la Península e Islas Baleares y Canarias, destinado a preparar por los medios más prácticos a juicio del Gobierno, la formación del catastro de la riqueza territorial.

pectivos términos municipales. Se exceptúan las provincias de Albacete, Cádiz, Córdoba, León, Madrid, Milaga y Sevilla, en las cuales están terminados por el Instituto geográfico y estadístico los trabajos del mapa.

Art. 2.º Los lites ó mojonos se levantarán ó renovarán donde no existan, atendiendo solamente a la posición de hecho, en el momento en que se lleve a cabo la operacion, y sin perjuicio de variar la linea, previas las formalidades legales, cuando se manifieste cualquiera cuestion que pueda existir pendiente entre Ayuntamientos colindantes. Los pactos ó convenios que los pueblos tengan entre sí, celebrados para distribuir los cuerpas de la contribucion territorial entre los que siendo vecinos del uno sean terratenientes en el otro y tengan sus propiedades reunidas, no se tendrán en cuenta para la determinacion de limites y modificacion de cada término municipal, las cuales deberán arreglarse a la linea jurisdiccional.

Art. 3.º Los lites ó mojonos se colocarán de manera que desde cada uno de ellos sean visibles el anterior y el posterior blanqueándolos donde esto sea posible, á fin de que se divisen también a larga distancia.

ran los propietarios de terrenos que haya de tocar ó atravesar la linea, ó los representantes de los Ayuntamientos cuyos distritos municipales sean colindantes, serán oídos por las Comisiones y examinados los títulos ó documentos que presentaren, siendo conducidos al encañonamiento de la verdadera direccion de aquella; pero el acto de renovación de los mojonos no producirá efectos sino al estado posesorio ni a la propiedad de ningún modo.

Art. 11. Cuando dos Ayuntamientos, cuyos términos se hallen colindantes, no estuviesen conformes en cuanto a la situacion de alguno ó algunos de los mojonos que marquen la linea divisoria, cada uno de los Comisarios establecerá ó restablecerá los que, según los antecedentes obrantes en su archivo y la declaracion de los peritos, crea correspondier a la linea que su respectivo Ayuntamiento manifiere, sin perjuicio de que en su día, y por los trámites legales y Autoridades competentes, se dirima la discordia y se determine la linea que en derecho corresponda. Si hubiese conformidad entre ambos Ayuntamientos, marcándose en conformidad para los dos términos, marcándose en la cara del mojon que mire a la poblacion respectiva la señal espe-

Fig. 6. Gaceta de Madrid, 4 de setembro de 1889.

cretaría do Concello, remitiranse dúas copias ao Goberno da provincia e unha á Delegación de Facenda<sup>16</sup>.

Ademais dos límites estipulados nas liñas de sucesivos fitos e mollóns, estes documentos amosan unha informacion de primeira orde para coñecer a descripcion da paisaxe e a micro toponimia, as máis das veces compartida por ambos concellos e non sempre transcrita na planimetría oficial. As actas recollen e sinalan con detalle a localizacion física e os topónimos de diversos espazos habitados, como lugares, termos, granxas, ermidas e capelas; outros xurdidos da propia accion antrópica na paisaxe, como estradas, camiños, presas, mámoas, fontes, cruces e marcos, ademais dos específicos das actividades agropecuarias como as leiras, agros, chousas, brañas, toxeias, piñeirais, soutos, carballeiras, eiras, fincas e campos. Abundan en gran número os elementos xeográficos, referendados nos documentos polo nome co que son coñecidos polos veciños da contorna.

16 Gaceta de Madrid nº 247, de 4 de setembro de 1889. Real Decreto de 30 de agosto de 1889. Artigo 9º, páx. 757.




Fig. 7. Río Ulla entre A Estrada e Veia, 1845<sup>17</sup>.

Na orografía destacan os nomes de montes, serras, cumios, picos, vertentes, portos, outeiros, coutos, penas, escorrentías, barrancos ou pedregais; así como os de ríos, regatos e pozas para a descrición da hidrografía.

A práctica totalidade das actas redactadas entre o concello da Estrada e os demais cos que comparte liña divisoria, foron asinadas entre os meses de marzo e abril de 1890, agás a antes citada sen acordo con Campo Lameiro e a correspondente a Padrón que se adiantou a outubro do ano anterior, pouco despois da publicación do R. D. regulador do deslinde e amolloamento entre municipios. Os documentos producidos durante a realización das tarefas de deslinde e que serven de base para a realización deste traballo, foron transcritos en diferentes modelos en soporte papel, tanto en impresos específicos procedentes de imprenta como os manuscritos en folios en branco, todos certificados e asinados polas autoridades municipais o que lles outorga a mesma validación oficial.

17 Fontán, Domingo, 1845. *Carta Geométrica de Galicia: Dividida en sus provincias de Coruña, Lugo, Orense, Pontevedra y subdividida en Partidos y Ayuntamientos*. E. 1:100.000. Biblioteca Nacional de España, sign. MV/10, GMG/58.

## Acta 59.594

8 de outubro de 1889. Acta de deslinde e amolloamento entre os Concellos de Padrón e A Estrada, en consenso polos membros das respectivas Comisións reunidos en San Pedro de Carcacía e asinada en Santa María de Herbón<sup>18</sup>.

Acta de deslinde dos termos municipais de Padrón e A Estrada. No lugar de Bandín pertencente á parroquia de San Pedro de Carcacía do distrito de Padrón, reuníronse ás oito da mañá do día oito de outubro de mil oitocentos oitenta e nove, os individuos que compoñen as Comisións nomeadas polos Concellos de Padrón e A Estrada; que son polo primeiro D. Ángel Baltar, Alcalde Presidente do mesmo, e o Secretario D. Ramón Giménez Díaz; e polo derradeiro os señores D. Francisco Tarrío, Tenente de Alcalde, e os concelleiros D. Domingo Touceda e D. Juan Magariños, coa finalidade de levar o deslinde ou amolloamento dos termos de ambos distritos, conforme ao disposto no Real Decreto de 28 de agosto pasado.

Comezada dita operación, fíxase de común acordo a liña divisoria de ditos termos, na forma seguinte. Desde o punto que nomean Longras de Abaixo, situado no lugar de Bandín, no que se recoñece un mollón de pedra antigo, márchase en liña recta a outro mollón tamén de pedra que nomean Rigueira Coba; seguindo de norte a sur cara o nomeado terreo que foi viveiro do Estado, e partindo deste punto que chaman Pazos do Redondo, vaise cara outra pedra que nomean tamén Redonda, ou sexa as penas existentes no cumio da Costa do Cabalo; a distancia desde o primeiro mollón a este derradeiro designado de oitocentos metros.

Seguindo de aquí con outra recta á Fonte de San Xoan, cuxa distancia é de catrocentos metros, vai á Pedra Longa que mira ao lugar de Confurco, cuxa pedra presenta figura cónica, sendo a distancia entre esta e a dita fonte, cen metros; de aquí parte á Fonte Salgueira, medindo este trescentos trinta metros. Continúa desde esta fonte outra recta cara o mollón de pedra situado a carón do Camiño Francés, e de aquí segue ata o punto nomeado Pedra Furada no Alto das Barreiras. A distancia que media entre Fonte Salgueira e o mollón

18 IGN. Obra derivada de Acta de Deslinde nº 59594 de A Estrada (36017), Padrón (15065). Firmas: 1890. CC-BY scne.es. 8 de outubro de 1889.



Fig. 8. Acta de deslinde 59.594, sinaturas do Alcalde e o Secretario municipal.

descrito, é de cen metros, e desde este mollón á Pedra Furada outros cen metros.

Con isto remátase esta acta de amolloamento que se estende por duplicado a un único efecto, asinándoa os individuos das respectivas Comisións no lugar de Confurco da parroquia de Santa María de Herbón, distrito de Padrón, no que rematan os límites do da Estrada e certifico. Ángel Baltar. Francisco Tarrío. Domingo Touceda. Juan Magariños. Ramón Giménez Díaz. É copia. O Alcalde, asinado: Genaro Otero Vinseiro. O Secretario, asinado: Maximino Araujo.

### Acta 59.593

5 de marzo de 1890. Acta de deslinde e amolloamento entre os Concellos de A Estrada e de Forcarei, de conformidade entre ambas Comisións ata o mollón nº 16<sup>19</sup>.

Deslinde do Concello de Forcarei e A Estrada. Deslinde do Concello da Estrada, situados Forcarei ao leste e A Estrada ao oeste.

19 IGN. Obra derivada de Acta de Deslinde nº 59593 de A Estrada (36017), Forcarei (36018). Firmas: 1890. CC-BY scne.es.



Comezou a demarcación nas Dúas Baiucas ou Campo das Santas, nunha pena que denominan dos Mouros, onde houbo de antigo unha cruz segundo manifestan as persoas de idade avanzada que asistiron ao deslinde; cuxa cruz non se atopa gravada na actualidade por derrubarse parte da dita pena. Esta pena atópase situada a unha distancia de 93 metros do camiño antigo que ía a Pereira, que serve de mollón nº 1.

Deste segue en liña recta con dirección nordeste, e a unha distancia de 125 metros colocouse o mollón nº 2. Segue na mesma traxectoria e a unha distancia de 205 metros colocouse o mollón nº 3. Deste punto segue en liña recta á pena mais alta do Serrón de Pereira, onde xa existe unha cruz antiga, en cuxa pena queda o mollón nº 4, distante do anterior 245 metros. Segue a demarcación cara o norte, polos puntos do Serrón de Pereira, augas vertentes cara o leste para o Concello de Forcarei e ao oeste para o da Estrada, colocándose a unha distancia de 650 metros o mollón nº 5. Segue a demarcación cara o noroeste e a distancia de 208 metros colocouse o mollón nº 6.

Deste punto, atravesando a estrada de Vilapouca a Ponte Veia e a distancia de 88 metros colocouse o mollón nº 7 na denominada Peneda da Pereiriña. Segue a demarcación inclinándose cara o norte pasando por unha pena existente na eira da muller de Francisco Bugallo, do lugar da Graña de Cabanelas, e xunto a cheminea da casa de Bartolomé Valladares de dito lugar, e a distancia de 1.033 metros colocouse o mollón nº 8 na pena da Graña de Morgade ou Cataredo. Esta pena está situada a unha distancia de 4 metros do regato que conduce a auga para o referido lugar da Graña de Cabanelas. Segue a demarcación inclinándose cara o leste e a distancia de 720 metros, serve de mollón nº 9 unha pena existente no Alto do Rapadoiro, e ten gravada unha cruz antiga cuxa pena é a mais alta de tres ou catro alí existentes.

Segue a demarcación cara o nordeste e a distancia de 64 metros colocouse o mollón nº 10 no Alto de Leguela. Deste punto segue cara o norte, e a distancia de 480 metros colocouse o mollón nº 11 no punto denominado Mariña. Segue na mesma traxectoria baixando ao punto denominado Barbán á beira do camiño de Quintillán a Liripio, entre as pechadas de Antonio Salgueiro e Manuel García,




Fig. 9. Caderno de campo, zona da Trigueiriña<sup>20</sup>.

colocouse o mollón nº 12 a distancia do anterior de 428 metros. Na mesma dirección baixa ao río e termo de Outeiro de Castro ou Porto e Paso do Castro, seguindo río arriba ata o Outeiro da Facha, onde se colocou o mollón nº 13. Deste punto en liña recta, e a distancia de 943 metros colocouse o mollón nº 14 no Alto da Trigueiriña.

Segue a demarcación na mesma orde ao punto denominado Portecelos, onde existe un mollón antigo como de 30 centímetros de alto, onde se colocou o mollón nº 15 a distancia do anterior de 535 metros. Segue na mesma traxectoria, e a distancia de 624 metros colocouse o mollón nº 16 na pena máis alta de Tras da Tumba, inclinándose logo un pouco cara o nordeste ao Couto de Marca Frende, onde existe un mollón antigo cerca do camiño denominado de Carrás que se dirixe á Estrada e outros puntos, a distancia do anterior de 208 metros. Ata este punto foron conformes as Comisións de ambos Concellos no deslinde tal e como queda descrito.

<sup>20</sup> IGN. Obra derivada de Cuaderno de Campo nº 2223 de Forcarei (36018), A Estrada (36017). Firmas: 1938. CC-BY scne.es.



Do mollón nº 17 segue inclinándose cara o leste ata o punto denominado Cruz do Couto, que leva este nome por existir unha cruz, onde se colocou o mollón nº 18 a distancia de 750 metros do anterior. Segue a demarcación ata o punto chamado Couto do Campo dos Camiños dos Carros, onde se colocou o mollón nº 19 a distancia do anterior de 345 metros. Deste punto marcha en liña recta ao lugar chamado Campo dos Camiños dos Carros, onde segundo manifestaron persoas de idade avanzada, existiu un mollón e así se coñece o punto onde estivo chantado, en cuxo lugar colocouse o mollón nº 20 a distancia do anterior de 235 metros. Segue inclinándose cara o nordeste e a distancia de 798 metros, colocouse o mollón nº 21 na pena denominada dos Reis.

Segue a mesma dirección ao punto denominado Couto Morceña onde se colocou o mollón nº 22, distante do anterior 750 metros. Segue á esquina dunha Granxa dos veciños da parroquia de Olives, onde se colocou o mollón nº 23 a distancia do anterior de 284 metros. Continúa a demarcación inclinándose ao sur de dita Granxa a carón do muro que a pecha, dirixíndose logo a onde chaman Mámoa do Rei Morto, onde se colocou o nº 24 a distancia do anterior de 287 metros. Segue a demarcación ao Outeiro xunto ao Campo da Lagoa, onde se colocou o nº 25 a distancia do anterior de 993 metros, en cuxo punto remata o Concello da Estrada. Así resulta da acta á que me remito, É copia. O Alcalde, asinado: Genaro Otero Vinseiro. O Secretario, asinado: Maximino Araújo.

## Acta 59.596

5 de marzo de 1890. Acta xeral de deslinde entre o Concello de Forcarei e os adxacentes da Estrada, Silleda, Lalín, Beariz, Lamas e Cerdedo; certificada polo Secretario do primeiro D. Severino H. Pérez na Casa Consistorial e asinada polos membros das respectivas Comisións. No caso da Estrada, transcribe os mesmos límites e amolloamento que os da acta nº 59.593<sup>21</sup>.

21 IGN. Obra derivada de Acta de Deslinde nº 59596 de Forcarei (36018), Silleda (36052), A Estrada (36017), Lalín (36024), A Lama (36025), Cerdedo-Cotobade (36902). Firmas: 1890. CC-BY scne.es. 5 de marzo de 1890.




Fig. 10. Acta de deslinde 59.595 entre A Estrada e Cuntis.

### Acta 59.595

10 de marzo de 1890. Acta de deslinde e amolloamento entre os Concellos da Estrada e Cuntis, acordada e asinada polos membros das respectivas Comisins<sup>22</sup>.

22 IGN. Obra derivada de Acta de Deslinde n 59595 de A Estrada (36017), Cuntis (36015). Firmas: 1890. CC-BY scne.es. 10 de marzo de 1890.

Provincia de Pontevedra. Concello da Estrada. Acta de sinalamento dos mollóns comúns aos Concellos da Estrada e Cuntis. Practicouse a operación o 10 de marzo de 1890 en cumprimento do Real Decreto de 30 de agosto do ano 1889, previas as formalidades estipuladas no artigo 8º do mesmo, servindo de antecedente a este sinalamento o deslinde practicado.

Comisións nomeadas en conformidade ao artigo 7º do referido Real Decreto. Concello da Estrada, cargos e nomes. Alcalde D. Genaro Otero Vinseiro; Tenente D. Francisco Girbán; Concelleiros D. Manuel Cajide, D. Cándido Barros, D. Ángel Rodríguez, D. José Amigo; Secretario D. Maximino Araújo; Perito D. José Pereiras.

Concello de Cuntis, cargos e nomes. Alcalde D. Vicente Carballo Caldas; Concelleiros D. José Carballo Rivas, D. Francisco Rey Folgar, D. Manuel Blanco Ferro; Secretario D. Miguel da Torre Ares; Peritos D. José da Riva Fojo, D. Juan Silva Fontenla.

Provincia de Pontevedra. Termo municipal da Estrada. Sinalamento e descrición de mollóns comúns dos Concellos da Estrada e Cuntis. Número de mollón, nome do lugar onde se sitúa, sinal que o constitúe, forma, dimensións, distancia co anterior e traxectoria de liña límite entre este e o seguinte.

1º mollón. Unha pena chamada Pedra Mona de dimensións regulares, constituído por un fito a carón da Pedra polo leste, con forma de columna de pedra de un metro e medio de alto por 20 centímetros de ancho.

2º mollón. Campo da Besta de Arriba, recoñecéndose como punto de referencia unha pena sinalada cunha cruz pola vertente sur, distante 20 metros deste mollón polo leste, a unha distancia do anterior de 680 metros en dirección oeste a leste.

3º mollón. Fronte ao noroeste á chamada Pedra da Aguia, recoñecéndose como punto de referencia a dita pena, distante deste mollón 115 metros, de igual forma e dimensión que os anteriores e a unha distancia de 800 metros en dirección norte.

4º mollón. Outeiros de Cerros das Tres Legüñas, formando un grupo de pedras recoñecéndose como punto de referencia, enriba dunha das máis elevadas colocouse un sinal cunha cruz que constitúe o mollón natural nº 4, distante do anterior 890 metros.

5º mollón. Outeiro do Castelo das Tres Legüíñas, formado por unha agrupación de penas, enriba dunha das máis elevadas formouse unha cruz, a que constitúe o mollón natural nº 5, con forma de columna de un metro de alto por 30 centímetros de ancho e a unha distancia do anterior de 306 metros cara o nordeste.

6º mollón. Pedra Lobeira, formada por unha agrupación de penas, consignándose nunha das máis elevadas unha cruz, constituindo o mollón natural nº 6, situado a unha distancia do anterior de 714 metros cara o nordeste.

7º mollón. Alto da Raposiña, formado por unha agrupación de penas pizarrosas recoñecidas como punto de referencia, a carón das que se colocou este mollón a unha distancia do anterior de 547 metros.

8º mollón. Ameán, recoñecido como punto de referencia, a carón do que se colocou este mollón, nun foxo que divide o monte de San Andrés de Veá e unha finca do Conde de Ximonde, a unha distancia do anterior de 740 metros.

9º mollón. Alto de Fontecabada, sito no monte de San Andrés de Veá e Loureiro de Abaixo, formado por unha columna de pedra de un metro e medio de alto por 30 centímetros de ancho, situado a unha distancia do anterior de 1.620 metros cara o leste.

10º mollón. Regato da Fonte das Meigas, recoñecido como punto de referencia e distante do mollón 10 metros, de igual forma e tamaño que o anterior, e a unha distancia de 380 metros cara o leste.

11º mollón. Outeiro chamado Prado, recoñecido como punto de referencia nun muro de terra que pecha o monte de Santa Eulalia de Matalobos, separado deste mollón un metro, a unha distancia do anterior de 545 metros cara o sur leste.

12º mollón. Monte da Casa da Cruz, coñecido como punto de referencia a base dunha cruz e un muro que pecha o perímetro da casa de José Souto de Casa de Cruz, distante 28 metros, de igual forma e tamaño que os anteriores e a unha distancia de 340 metros cara o leste.

13º mollón. Fonte de Arca, onde existe de antigo un mollón de cantería de forma cónica que mide un metro e dez centímetros de altura, a unha distancia do anterior de 469 metros cara o sur leste.

14º mollón. Campo do Espiño, onde existe outro mollón antigo de igual forma e dimensións que o anterior, situado a unha distancia de 489 metros cara o leste.

15º mollón. Regato da Poza, recoñecido como punto de referencia o citado regato, distante 22 metros deste mollón, formado por unha columna de cantería de un metro e medio de altura por 30 centímetros de ancho, situada a unha distancia de 980 metros ao sur leste.

16º mollón. Chan da Quenlla, recoñecido como punto de referencia un camiño chamado Congostrá, que vai de Ferreiros a Somoza, distante 22 metros ao norte, de igual forma e tamaño co anterior e a unha distancia de 347 metros cara o sur.

17º mollón. Monte de Pe do Muíño, recoñecido como punto de referencia o regato de Golbada, distante 66 metros, formado por un fito de pedra cadrado de un metro e medio de alto por 30 centímetros de ancho, situado a unha distancia do anterior de 2.040 metros ao sur.

18º mollón. Gaia do Sixto, recoñecido como punto de referencia un grupo de penas onde se colocou unha cruz enriba das máis elevadas, a unha distancia de 20 metros, con igual forma e tamaño co anterior.

19º mollón. Alto da Broteira, recoñecido como punto de referencia unha canteira en proxecto distante 16 metros, de igual forma e tamaño cos anteriores, situado a unha distancia de 1.720 metros cara o sur.

20º mollón. Pena do Serrapio, recoñecida como punto de referencia a pedra máis alta que a constitúe, colocándose o mollón ao sur da mesma, a unha distancia do anterior de 320 metros cara o sur.

21º mollón. Outeiro da Caíña, recoñecido como punto de referencia a pena máis destacada das varias que forman o citado Outeiro, distante 20 metros cara o leste, sinalado por un fito de pedra en forma de columna de un metro e medio de alto por 30 centímetros de ancho, situada a unha distancia do anterior de 1.620 metros ao sur.




Fig. 11. O Cádavo, punto límite entre A Estrada, Campo Lameiro e Cuntis<sup>23</sup>.

22º mollón. Outeiro de Recantiño, recoñecido como punto de referencia un grupo de penas que constitúen o referido Outeiro, coa mesma forma e tamaño co anterior e a unha distancia de 368 metros cara o sur.

23º mollón. Remate do regato de Porto Sampaio, recoñecido como punto de referencia o río Umia adxacente polo noroeste, con igual forma e tamaño co anterior e a unha distancia de 160 metros cara o sur leste.

24º mollón. Regato de Porto Sampaio, Acebedo, Carballo da Boulla e Porto de Cádavo, recoñecido como punto de referencia un camiño de carro que atravesa polo derradeiro nome que vai a Codeseda, sinalado por un fito de pedra en forma de columna de un metro e medio de altura e 30 centímetros de ancho, situado a unha distancia do anterior de 1.472 metros.

23 IGN. Obra derivada de Cartografía Antigua. Minuta MTN50-0153-Cerdedo. 1946. CC-BY scne.es.






Fig. 12. Monte das Xesteiras, punto límite entre A Estrada, Valga e Cuntis<sup>24</sup>.

25º mollón. Outeiro dos Cregos, recoñecido como punto de referencia unhas penas elevadas do mesmo nome, de igual forma e tamaño co anterior e a unha distancia de 560 metros cara o sur leste.

26º mollón. Alto do Cádavo, onde remata o límite de Cuntis e comeza o de Campo, de igual forma e tamaño co anterior e a unha distancia de 980 metros ao sur.

A Estrada, a dez de marzo de 1890. Vicente Carballo. José Carballo Rivas. Manuel Blanco. Francisco Rey. José da Riva. Juan Silva. Miguel da Torre, Secretario. Genaro Otero. Francisco Girbán. Ángel Rodríguez. José Amigo. Segundo Santos. Cándido Barros. Manuel Cagide. O Perito, José María Pereiras. Maximino Araújo, Secretario. É copia. O Alcalde, asinado: Genaro Otero Vinseiro. O Secretario, asinado: Maximino Araújo.

## Acta 59.582

10 de marzo de 1890. Provincia de Pontevedra. Concello de Cuntis. Acta de sinalamento de mollóns comúns aos Concellos de Cun-

<sup>24</sup> IGN. Obra derivada de Cartografía Antigua. Minuta MTN50-0120-Padrón. 1941. CC-BY scne.es.



tis e da Estrada, operación practicada polas respectivas Comisións nomeadas en conformidade ao artigo 7º do Real Decreto de 30 de agosto de 1889. Transcribe os mesmos límites e amolloamento que os descritos na acta nº 59.595<sup>25</sup>.

### Acta 59.590

19 de abril de 1890. Acta de deslinde e amolloamento entre os concellos da Estrada e de Valga, asinada polas súas respectivas Comisións municipais reunidas no lugar de Xesteira<sup>26</sup>.

Deslinde e amolloamento do termo municipal da Estrada co de Valga. No Concello da Estrada a dezanove de abril de mil oitocentos noventa. Reunidos os señores D. Manuel Loureiro, Tenente Alcalde do distrito de Veá, e os concelleiros D. Ignacio Eiras López e D. Ventura Eiras Magariños, o Perito D. José María Pereiras, e o Secretario do Concello, no monte chamado Xesteira, co obxectivo de dar cumprimento ao deslinde deste termo municipal co de Valga, en cuxa representación municipal concorre tamén unha Comisión; de común acordo, fíxose como límite e punto 1º de partida a pedra chamada Mona que segundo documentos de moi longa data coñécese tamén por Pedra de Ninomol. Esta pedra é de grandes dimensións e de maior altura que as que se ven na proximidade, aparecendo soa na súa situación. Atópase na ladeira do referido monte de Xesteira ao aire norte do mesmo e moi preto dun gran pedregal chamado Pena de Arriba, de gran horizonte e que se atopa máis alto e ao levante da referida Pedra Mona a cal queda, como xa ven de moi antigo, como límite entre os Concellos de Valga, Cuntis e A Estrada, e sinalada como mollón.

2º mollón. Fíxose na pena máis elevada do grupo que coroa o Outeiro de Trigueira, cuxa pena ten dúas fendeduras ao oeste. Este Outeiro aparece ao norte con certa inclinación ao leste desde Pedra Mona e entre ambos puntos medía catrocentos catorce metros. Marcáronse coas iniciais E. e V.

25 IGN. Obra derivada de Acta de Deslinde nº 59582 de Cuntis (36015), A Estrada (36017). Firmas: 1890. CC-BY scne.es. 10 de marzo de 1890.

26 IGN. Obra derivada de Acta de Deslinde nº 59590 de A Estrada (36017), Valga (36056). Firmas: 1890. CC-BY scne.es. 19 de abril de 1890.




Fig. 13. Caderno de campo, zona de Pena Mona<sup>27</sup>.

3º mollón. Colocouse a carón dun muro alto de pedra que pecha un extenso piñeiral chamado Agro de Vilariño. Segue desde o anterior en liña recta a este deixando á esquerda e próximo á liña recta e dito mollón, unha pequena escorrentía chamada Chan de Trigueira. Dista co anterior cento oitenta metros.

4º mollón. Entramos e cruzamos de seguido dito piñeiral con gran inclinación ao leste, ao Agro de Vilariño, seguindo ao monte e xa moi preto do referido Agro de Vilariño, fixouse un fito coas iniciais indicadas. Púxose este fito a carón dunha pedra regular que aparece sobreposta noutra fina e afiada, saíndo delas a carón da terra cara ao oeste outra pedra longa e estreita. Dista do anterior mollón trescentos cincuenta e cinco metros.

5º mollón. Atravesando o referido monte Outeiro de Vilariño atópase o Agro de Soutelo, pechado, e no seu interior a carón do muro aparece un mollón de pedra perfectamente recoñecible, dividindo os termos de Requián da Estrada dos de Valga desde moi an-

27 IGN. Obra derivada de Cuaderno de Campo nº 2219 de A Estrada (36017), Cuntis (36015). Firmas: 1941. CC-BY scne.es.

tigo. Neste mollón marcáronse as referidas iniciais quedando agora como fito. Dista do anterior cento oitenta e nove metros.

6º mollón. Desde Soutelo polo camiño de Balado e outros terreos, séguese ao Agro de Cachón onde aparece outro mollón antigo, e continuando ao muro do Agro tomando a liña que mira aos Outeiros de Casalpaio e Portela, colocouse xunto ao marco un mollón de pedra coas referidas iniciais. Dista do anterior seiscentos corenta metros.

7º mollón. Desde aquí polo monte de Cachón, sobre do barranco que forma o mesmo e atravesando terreos de particulares, tomando logo liña aos Outeiros citados de Casalpaio e Portela de regulares elevacións, chégase a colocar entre eles cerca dun camiño que por alí pasa e nunha escorrentía de terra, ao parecer artificial, semella un Castro cun burato no medio, que de antigo é un punto divisorio. Nesta escorrentía colocouse un mollón coas indicadas iniciais E. e V., distante do anterior oitocentos sesenta e oito metros.

8º mollón. Do anterior seguimos en liña recta ao grupo de penas que se di ao leste dos dous con que aparece o referido Outeiro de Portela, e na pedra mais elevada que se fixou como fito, marcáronse as referidas iniciais. Dista do precedente noventa e tres metros.

9º mollón. Parte de aquí cara o norte, deixando ao oeste o Outeiro da Espiga e logo ao leste próximo tamén ao Outeiro da Regueira Vella ou de Calderón, seguindo augas vertentes ata unha pedra moi grande e case por enteiro ao aire, chamada Pedra da Mina, moi coñecida como límite divisorio antigo. Fixouse esta pedra como mollón, sinalándose coas mesmas iniciais. Dista do mollón anterior catrocentos trinta e catro metros.

10º mollón. Continuando en dirección ao norte desde a Pedra da Mina, baixamos a un campo e pasado o mesmo comeza a subida ao monte das Barreiras, seguindo a un pequeno campo que se divisa de lonxe polo seu verdor, coñecido por onde da Barreiriña, punto divisorio ademais moi antigo, preto da que remata a elevación do monte formando unha escorrentía case como as coñecidas por Outeiro, e nesta colocouse un mollón coas ditas iniciais. Dista do anterior setecentos trece metros.

11º mollón. Continuamos ao norte, augas vertentes, baixando logo e deixando a unha veira Outeiro dos Lobos, atopando o alto de Rebolta Vella, e baixando máis cara ao norte aparece un pequeno foxo no que se atopa a fonte das Barreiras. A carón desta fonte e ao norte da mesma colocouse un mollón de pedra coas iniciais E. e V., distante do anterior catrocentos sesenta metros.

12º mollón. Ladeirando logo o Outeiro das Barreiras que está a carón deixado o oeste, polo camiño que vai a Xesteira, deixando o camiño a corta distancia e baixando cara a pedra que chaman Furada e tamén Redonda e Grande, aínda que é máis coñecida por Pedra Furada. Esta pedra ten ao oeste outra pequena pero tan xunta que semella partida da maior. Ollando cara arriba desde ela ao Outeiro correspondente con outra pedra grande colocada sobre tres máis pequenas, que se coñece por Pedra da Besta. Na dita Pedra Furada marcáronse as referidas iniciais, cada unha no seu correspondente lado, quedando como límite final entre ambos Concellos e divisorio de Valga, A Estrada e Padrón. Dista do mollón precedente cento cincuenta e cinco metros.


Rematada a operación de deslinde e amolloamento, estendeuse a presente por duplicado, que autorizan as Comisións e de cuxo contido para que conste nos Concellos de Valga e A Estrada, certifican os respectivos Secretarios. Comisión da Estrada; Manuel Loureiro, Buenaventura Eiras, Ignacio Eiras, o Perito José María Pereiras, o Secretario Maximino Araújo. Comisión de Valga; o Alcalde Presidente Manuel Mariño, Ramón Santiago, Ignacio Magán, Juan Touceda, Ignacio Agrasar, Antonio Barros, o Secretario David Rey. É copia. O Alcalde, asinado: Genaro Otero Vinseiro. O Secretario, asinado: Maximino Araújo.

### Acta 59.677

19 de abril de 1890. Acta de deslinde e amolloamento do termo municipal de Valga co da Estrada, certificada polo Secretario municipal D. David Rey Castro e asinada polo Alcalde Presidente D. Manuel Magariños; transcribindo os mesmos puntos e sinalamento que a numerada 59.590<sup>28</sup>.

28 IGN. Obra derivada de Acta de Deslinde nº 59677 de Valga (36056), A Estrada (36017). Firmas: 1890. CC-BY scne.es. 19 de abril de 1890.

## Acta de deslinde entre los Ayuntamientos de Estrada y Silleda.



Los que suscriben individuos, nombrados para la Comisión de deslinde y amolloamiento por los Ayuntamientos de Estrada y Silleda, cuya operación dió el resultado siguiente: Se hizo principio en el punto llamado Haza contiguo al Río Ulla en cuyo punto hay un regato que sirve de límite entre ambos Ayuntamientos continuando el regato hasta el punto que llaman Arrovereiral, en cuyo punto se acordó colocar un mojón a la distancia próximamente del río Ulla de dos Kilómetros. De este punto se dirige hacia el Poniente hasta entrar en el camino que va a Leira longa donde se colocará otro mojón, que diste del anterior próximamente unos cuatrocientos cinco metros, desde este punto se dirige en línea recta al Outeiro do Gando, donde se colocará el marco número tres, que dista del anterior unos setecientos sesenta

Fig. 14. Acta de deslinde 59.589 entre A Estrada e Silleda.

### Acta nº 59.589

25 de abril de 1890. Acta de deslinde e amolloamento entre os concellos da Estrada e de Silleda, asinada polas súas respectivas Comi-si-óns municipais reunidas no lugar de Penaporrín<sup>29</sup>.

29 IGN. Obra derivada de Acta de Deslinde nº 59.589 de A Estrada (36017), Silleda (36052). Firmas: 1890. CC-BY scne.es. 25 de abril de 1890.

Acta de deslinde entre os concellos da Estrada e Silleda. Os que subscriben, individuos nomeados para a Comisión de deslinde e amolloamento polos concellos da Estrada e Silleda, cuxa operación deu o resultado seguinte. Comezou no punto chamado Atán, a carón do río Ulla, en cuxo punto hai un regato que serve de límite entre ambos concellos, continuando o regato ata o punto que chaman Ameneiral, en cuxo punto acordouse colocar un mollón, a unha distancia aproximada do río Ulla de dous quilómetros.

Deste punto diríxese a poñente ata entrar no camiño que vai a Leira Longa, onde se colocará outro mollón, que dista do anterior uns catrocentos cinco metros aproximadamente; desde este punto en liña recta ao Outeiro do Gando, onde se colocará o marco número tres, que dista do anterior uns setecentos sesenta metros; deste punto toma outra recta cara o norte, ata o punto chamado Couto de Viseo, onde se colocará o mollón número catro, medindo unha distancia de un quilómetro e trescentos cincuenta metros; que desde este punto colle outra recta ata a Penela Parada, onde se colocará o mollón número cinco, medindo unha distancia aproximada de novecentos oitenta metros; deste punto toma pola estrada antiga á cheminea da casa de Benito Casares e parede do norte, desde este punto vai en liña recta ao muro da finca da toxeira de D. Manuel Villaverde Martínez, cara poñente e no punto que chaman Reboiro, onde se colocará o mollón número seis, mediando unha distancia de un quilómetro aproximadamente; dirixíndose outra recta dividindo as pechadas de Rosende e das Ameixeiras, ata chegar ao regato da citada presa de Rosende, onde se colocará o mollón número sete, medindo unha distancia aproximada de un quilómetro.

Chegado a este punto sen haber conformidade entre as Comisións e os propietarios de ambos Concellos, a Comisión da Estrada a excepción de D. José Amigo, que ten o desgusto de disentir dos seus dignos compañeiros de Comisión, conduta que estes non estrañan dado o interese persoal que a este señor move o asunto, como propietario indiviso que é no agro e outros terreos de disputa, e ademais natural da parroquia de Dornelas, sinala como límite vendo os documentos que se lle mostraron e que polo miúdo se detallan no informe razoado que se xunta polos veciños de Orazo, así como tamén previo detido exame da Única Real de Legos da parroquia

de Dornelas, formada no ano de mil setecentos cincuenta e tres, na que non se atopa finca algunha situada no territorio comprendido dentro da diferenza que sosteñen as respectivas Comisións, únicos documentos que por máis que repetidas instancias conseguiu a Comisión se lle enviase ata esta data polos de Dornelas os seguintes; de acordo e ditame do Agrimensor a que se asociou, desde o mollón número sete, forma dirección noroeste por un mollón que divide Souto de Leiras e lugar de Rosedo, cruzando por riba dos Campos de Leiras, ata tocar cun regato que baixa das vertentes de Ausamonde, seguindo a dirección deste ata un camiño chamado de Casa Vella, dirixíndose ao mollón que separa o Agro de Leiras da parroquia de Piñeiro, e na esquina leste do nomeado agro, atravesa brañas que nomean Muiños ata a boca dunha corredoira vella que denominan Fondo dos Martiños, e seguindo na mesma dirección ata tocar no regato do Fondo dos Chousos da Casa de Covelo; sube por dito regato arriba, tirando cara o sur uns oitenta metros a cuxa distancia aproximada bifurca tomando rumbo sur oeste por un muro antigo que divide toxeias da parroquia de Lamela doutras da de Orazo que denomina Revolta ata o souto e camiño público de San Marco, ao que concorre un afluente que baixa e cruza a muralla da estrada de Ourense a Santiago; e de aquí diríxese en recta ao denominado Marco de San Marco, recoñecido desde moi antigo como fito divisorio de Orazo e Lamela.

A Comisión unánime de Silleda, escoitados a maioría dos veciños de Dornelas e Piñeiro, co valioso concurso do vocal da Estrada D. José Amigo, como coñecedor como ninguén do terreo, fundándose en documentos fiables tales como os repartimentos de territorial da Estrada e Silleda e a Única de Dornelas amosada polos veciños, demostran terminantemente e sen menor dúbida que a liña divisoria é a que marca esta Comisión, que é a que naturalmente se sinala polo regato, como así se demostra no informe e documentos xustificantes que se acompañarán, cuxo deslinde é como se detalla de seguido; desde o regato das presas de Rosedo segue o mesmo ata a peneda chamada da Edra cun percorrido duns setecentos oitenta metros; de aí en liña recta a poñente ata chegar ao marco que existe de antigo na estrada vella no punto chamado San Marco, cun percorrido de un quilómetro e cincocentos sesenta metros.






Fig. 15. Caderno de campo, zona do Couto do Espiño<sup>30</sup>.

Chegados a este punto ambas Comisións de acordo, continuaron o deslinde da forma seguinte: a partir do mollón de San Marco que levará o número que lle corresponda e que se conservará na posición en que está, na finca a piñeiral de Carmen Saborido, inmediata á ermida de Santa Mariña, sita en termos de Orazo, e deste á pena que chaman dos Tres Escribáns, medindo un percorrido aproximado de novecentos metros; seguindo desde esta en liña recta ata a esquina da finca a toxeira de María Vázquez en cuxo punto se colocará un mollón co número que lle corresponda, medindo aproximadamente seiscentos metros; seguindo outra recta ata o marco existente ao

30 IGN. Obra derivada de Cuaderno de Campo nº 2230 de A Estrada (36017), Silleda (36052). Firmas: 1940. CC-BY scne.es.




Fig. 16. Río Ulla en Atán, punto límite entre A Estrada, Silleda e Boqueixón<sup>31</sup>.

norte na finca chamada de Miroi, ao que se lle poñerá o número que lle corresponda, medindo unha distancia de cincocentos metros, seguindo en liña recta ata as Penas de Lamas, onde se poñerá o número que corresponda servindo as medicións de mollóns, medindo aproximadamente un quilómetro; dirixíndose en recta ao camiño que vai á Capela de San Sebastián, dirixíndose en recta ao sur ata o marco existente no monte de Curantes, ao que se lle poñerá o número que corresponda, medindo un percorrido de un quilómetro e douscentos metros; indo en liña recta ao regato que chaman dos Merlos, medindo aproximadamente uns oitocentos vintecinco metros; seguindo en recta ata o punto que chaman Penas Altas, onde se colocará un mollón co número correspondente, medindo unha distancia de cincocentos metros; seguindo en liña recta ao Couto que chaman do Espiño, onde se colocará outro mollón co seu correspondente número, cunha distancia de catrocentos metros; continuando en liña recta ata o punto chamado Lagoa, ao que haberá trescentos metros, en cuxo punto comeza o Concello de Forcarei.

31 IGN. Obra derivada de Cartografía Antigua. Minuta MTN50-0121-A Estrada. 1946. CC-BY scne.es.

Remata con isto a presente acta de deslinde que se redacta por duplicado e asinándoa os individuos das Comisións, que son pola Estrada D. Celestino Cacheiro Torres, D. José Amigo Pereiras, D. José Louzao, co Perito Agrimensor D. José Pereiras; e os de Silleda D. Manuel Moreda Arean, D. José Vieites Moreda, D. José Varela Álvarez, co Perito D. Santiago Gamallo Pereiras, en Penaporrín, a vintecinco de abril de mil oitocentos noventa. É copia. O Alcalde, asinado: Genaro Otero Vinseiro. O Secretario, asinado: Maximino Araújo.

### Acta 59.668

25 de abril de 1890. Acta xeral de deslinde entre o Concello de Silleda e os adxacentes de Forcarei, Lalín, Vila de Cruces e A Estrada, certificado polo Secretario D. Fernando Vázquez Taboada e subscrito polos membros das respectivas Comisións. No caso da Estrada, transcribe os mesmos límites e amolloamento que os da acta n.º 59.589<sup>32</sup>.

### Acta 59.592

26 de abril de 1890. Acta de deslinde e amolloamento entre os Concellos da Estrada e de Cerdedo, certificada e aprobada polo oficial municipal D. Eugenio Paseiro mediante manifestacións de persoas coñecedoras do terreo, por non concorrer a Comisión do municipio veciño<sup>33</sup>.

Deslinde e amolloamento do termo municipal da Estrada e o de Cerdedo. A Comisión que subscribe, acompañada do Perito D. José María Pereiras, funcionando de Secretario D. Eugenio Paseiro oficial deste Concello, constituíuse no Couto dos Aguillóns onde remata a demarcación do Concello de Campo, sen que concorrese a Comisión de Cerdedo e previo informe de manifestacións e coñecedores do termo, procedeuse á aprobación que deu o seguinte resultado.

32 IGN. Obra derivada de Acta de Deslinde n.º 59668 de Silleda (36052), A Estrada (36017), Forcarei (36018), Lalín (36024), Vila de Cruces (36059). Firmas: 1897. CC-BY scne.es. 25 de abril de 1890.

33 IGN. Obra derivada de Acta de Deslinde n.º 59592 de A Estrada (36017), Cerdedo-Cotobade (36902). Firmas: 1890. CC-BY scne.es. 23 de abril de 1890.

Comezouse polo sudoeste ou Couto de Aguillóns de Montouto, e segue recto a outro Couto situado ao norte, dando vista ao marco de Carracedo a distancia de 155 metros, onde se puxo unha cruz para facer de fito nunha pena das máis altas. Do anterior ao marco de Carracedo que dista 545 metros segue en liña recta. Este marco ou mollón é moi vello e figura en primeiro termo nos antigos deslindes da xurisdición de Montes e Couto de Codeseda, e del ao de Espiñeira, distante máis de 2.500 metros, serve de liña ao antigo camiño que de Soutelo de Montes levaba a Pontevedra pola Armanda, e aínda hoxe é utilizado por algúns carreteiros e para a feira de Campo.

Como forma ondulacións e hai cañadas, colocáronse á vista uns de outros os seguintes mollóns. Desde o de Carracedo, tomando dirección noroeste pola indicada vía e a distancia de 620 metros, colocouse un mollón. De igual xeito e na mesma forma púxose outro a 90 metros; desde aquí e a 390 colocouse o derradeiro que da unha vista ao antigo mollón de Espiñeira, chantado no campo do mesmo nome, véndose so a parte superior do mesmo ao norte do cruceiro ou cruz de pedra da Espiñeira. De aquí segue recto ao marco do Anal, que está a levante e na baixada do monte da Espiñeira para Sabucedo, e como non se ven ambos mollóns, colocouse a distancia do de Espiñeira e no chamado Couto dos Pazos, outro mollón a distancia de 253 metros. Deste a outro Couto chamado Alto do Anal, con distancia doutros 253 metros púxose sinal; a 209 metros está o antigo mollón do Anal.

De aquí ao Outeiro da Carballa, desde onde se ve a capela da Virxe da O, hai 704 metros, en cuxo Outeiro está marcada de antigo unha cruz nunha pena que serve de fito. De aquí segue recto ao marco de Retorteiro, que está a levante nunha carballeira propia de Rosa Gosende, veciña de Sabucedo, distando 778 metros do anterior. Segundo o antigo deslinde, segue ao marco Novar, pero non está á vista do de Retorteiro e por tal fíxanse os seguintes; a 231 metros colocouse un novo mollón; a 88 metros diste colocouse outro; a 44 metros de aquí, sobre a casa de antigo de Victorio Álvarez, outro mollón; de aquí seguindo á finca chamada Granxa, pertencente a moitos conveciños de Sabucedo e á parte baixa da cancela que da entrada á mesma, púxose outro a unha distancia de 407 metros do anterior.



## Acta 59.591

30 de abril de 1890. Acta de deslinde e amolloamento entre os Concellos da Estrada e de Campo Lameiro, non chegando a conformidade as respectivas Comisións, tal e como certifica o Secretario municipal D. Maximino Araújo<sup>35</sup>.

Deslinde e amolloamentos do termo municipal da Estrada e o de Campo. A Comisión que subscribe, acompañada do Perito D. José María Pereiras, funcionando de Secretario D. Eugenio Paseiro, oficial deste Concello, constituíuse no monte do Cádavo e liña divisoria, sen que concorrese a Comisión de Campo, Concello adxacente, polo que se procedeu á operación de deslinde auxiliada e informada por persoas de idade avanzada, prácticas e coñecedoras do terreo, operación que deu o seguinte resultado.

Comeza polo noroeste na Serra do Cádavo, onde principia a pendente que serve tamén de termo ao Concello de Cuntis, denominado Pico do Cádavo, nunha de cuxas penas fíxose un sinal en forma de cruz, e desta segue ao sur unha extensión que chaman Liagra cara outra porción de penas, onde se formou igual sinal nunha delas. Desta continúa en liña recta ao sur, e a distancia de 492 metros nunha pena que está ao norte da Serra Grande e ten sobre ela outro pedregal, realizouse o mesmo sinal. Deste punto en liña recta polo cumio de dita Serra e a distancia de 208 metros, gravouse a mesma marca nunha das penas máis altas en forma de grupo. De aquí e na mesma liña recta segue ao chamado Couto das Miniñas, distando 240 metros do anterior, e nunha pena que está ao norte da chamada Fonte da Miniña, fíxose igual sinal.

Descende desde aquí cara o sur polo barranco que baixa a auga da fonte indicada, e a distancia de 758 metros realizouse o mesmo sinal nunha pena que está ao norte do regato que chaman Malfaro, xunto ao camiño que vai a Armonda. Desde aquí, tomando dirección leste en liña recta e a distancia de 244 metros, no chamado Couto do Carofiño, fíxose o mesmo sinal nunha pena redonda polo seu lado de poñente. Desde o anterior, tomando a mesma dirección do leste a

35 IGN. Obra derivada de Acta de Deslinde nº 59591 de A Estrada (36017), Campo Lameiro (36007). Firmas: 1890. CC-BY scne.es. 30 de abril de 1890.





Fig. 18. As Dúas Baiucas, punto límite entre A Estrada, Forcarei e Cerdedo<sup>36</sup>.

unha distancia de 122 metros, no punto nomeado Campo Redondo e noutra pena que está ao sur doutra fendida, fíxose o mesmo sinal.

De aquí en dirección ao muro da primeira pechada do lugar de Paineiras, da parroquia de Moimenta, que é a que está máis ao norte e a distancia de 544 metros, fíxose na esquina norte do citado muro outro sinal. Deste punto corre polo norte das indicadas pechadas ao regato das Redes, distante do pobo anterior 400 metros. Este regato fai de divisorio ata o cumio e campo que chaman da Cúña, onde hai unha pena máis alta entre outras e a distancia de 722 metros, onde se formou o indicado sinal polo lado leste. Da mesma continúa ao norte en liña recta ao Couto dos Aguillóns que dista 223 metros, gravándose na pena máis alta do mesmo o repetido sinal.

Non conseguindo conformidade coa Comisión do Concello de Campo, e atendendo ao informe de persoas antigas e á actual posesión de feito, formouse a presente acta. No derradeiro punto remata o Concello de Campo e comeza o de Cerdedo a limitar co da Estrada. Deuse por rematada esta operación que asinan os individuos da Comisión e Perito, que eu Secretario certifico. Abril, trinta, de mil oitocentos noventa. José María Pereiras, Juan García

<sup>36</sup> IGN. Obra derivada de Cartografía Antigua. Minuta MTN50-0153-Cerdedo. 1946. CC-BY scne.es.





Caderno de campo nº 1.039 entre os concellos de Padrón e da Estrada de 1938; nº 1.122 con Teo de 1940; nº 2.168 con Campo Lameiro de 1938; nº 2.191 con Cerdedo de 1943; nº 2.212 con Cuntis de 1958; nº 2.219 con Cuntis de 1941; nº 2.222 con Vedra de 1942; nº 2.225 con Boqueixón de 1942; nº 2.227 con Valga de 1939; nº 2.228 con Silleda de 1942; nº 2.229 con Teo de 1939; nº 2.230 con Silleda de 1940; nº 2.233 con Forcarei de 1938, e nº 2.371 con Pontecesures de 1938.

## Bibliografía

- BARÓ PAZOS, Juan (2005). «Los límites territoriales en el derecho histórico. Su fijación en la legislación y en la jurisprudencia», en *Anuario de Historia del Derecho español*, nº 75. Madrid, Ministerio de Justicia, pp. 413-444.
- CAL Y CORTINA, Rosa María Gabriela de (1997). *Nacimiento y consolidación del municipio constitucional en Galicia*. Deputación Provincial de A Coruña.
- FARIÑA JAMARDO, Xosé (1993). *Os Concellos Galegos*, T. IV. A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, pp. 150-170.
- GACETA DE MADRID. Agencia Estatal Boletín Oficial del Estado. <https://www.boe.es/buscar/gazeta.php>. [13-07-2022].
- INSTITUTO GEOGRÁFICO NACIONAL. Organismo Autónomo Centro Nacional de Información Geográfica. Documentación Geográfica y Cartográfica antiguas. Actas, cuadernos, reseñas y gráficos de líneas límite. <http://centrodedescargas.cnig.es/CentroDescargas/index.jsp#>. [11-07-2022].
- HOYO, Jerónimo del. *Memorias del Arzobispado de Santiago*. Transcripción do manuscrito orixinal do ano 1607, RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Ángel y VARELA JÁCOME, Benito (ed). Santiago de Compostela, Porto y Cñia. Editores. S/d.
- MIRAMONTES CARBALLADA, Ángel (2000). «Origen y evolución del municipio de A Estrada (Pontevedra). Factores geográficos y condicionantes históricos», en *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, vol. 3. A Estrada, Museo do Pobo Estradense Manuel Reimóndez Portela, pp. 165-192.
- LUCAS ÁLVAREZ, Manuel (1998). *Tumbo A de la Catedral de Santiago*. Santiago de Compostela, Cabildo de la S.A.M.I. Catedral. Seminario de Estudos Galegos.





# Tradicións e ritualidade arredor do enganido (anganido, asombramento, tangaraño) nas comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes

Isabel García Fernández

isagarfer290978@gmail.com

Xoán Carlos García Porral

xoancgp@gmail.com

**Resumo.** Enganido (anganido, asombramento, tangaraño) é, segundo do dicionario da RAG, unha enfermidade infantil debida a unha forte carencia de vitamina D, que se manifesta por deformacións e alteracións variadas do esqueleto. Raquitismo. Neste traballo recompílanse distintos rituais e experiencias de curación arredor desta doenza, mencionando, así mesmo, catro lugares aos que se acudía para superala. O traballo de campo realizouse nas comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

**Abstract.** Enganido (anganido, astonishment, tangaraño) is, according to the RAG dictionary, a childhood disease due to a severe deficiency of vitamin D, which is manifested by various deformities and alterations of the skeleton. Rickets. This work compiles different rituals and healing experiences around this disease, also mentioning four places that were used to overcome it. The field work was carried out in the counties of Deza and Tabeirós-Terra de Montes.

San Benito da Coba do Lobo  
ten no cume un penedo furado,  
de tan rara virtude ortopédeca,  
que é o asombro do mundo cristiano.

-Ten conta, santiño,  
do meu tangaraño:  
doente cho deixo,  
devólvemo sano.

Cando nace un miniño tolleito,  
seus parentes oférceno ó santo,  
e mitido nun queipo de vimio  
alá o levan, á festa en chegando.

I esto dito tres veces a reo,  
sin refolgto tomar nin descanso,  
o coitado do entangarañado  
queda xa desentangarañado.

I aos dous lados da boca da pena,  
que lle colle dun lado a outro lado,  
din a nai i a madriña do renco  
pola gorxa de pedra pasándoo:

Do poema «Tangaraños»,  
de M. Curros Enríquez en *Aires da Miña Terra*

O enganido (anganido, asombramento, tangaraño) é, segundo o *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* de Eladio Rodríguez González (1958-1961), unha enfermidade infantil que se supón debida a desordes de nutrición, e que ataca os nenos debilitándoos e con-

sumíndoos ata deixalos extenuados. Pode equipararse á *consunción* e ao *raquitismo*. Segundo este autor:

Nuestras gentes campesinas creen que el *ENGANIDO* de los niños es producido por un *mal de ollo* o por una *meiga chuchona*, que le chupa la sangre a la criatura que padece la enfermedad. Contra ésta empleáronse procedimientos que vienen poniéndose en práctica desde épocas legendarias para combatirla o aminorar sus temidos efectos. Unas veces atan a la muñeca del niño varios amuletos, como un cuerno de *VACALOURA* o una *FIGA*; otras veces cuelgan del cuello de la criatura la llamada *balsa dos atavíos*, o cosen a las ropas una bolsita con unos papelitos en latín; otras veces queman en una *ENCRUCILLADA*, y en la noche de luna llena, un mechón de pelo del niño; otras veces pasan a éste por el hueco del tronco de algún *CARBALLO* dividido en dos partes que se forman cerca del suelo y vuelven a unirse antes de la copa, o por la hendedura especial que abren en un cerezo nuevo, dejando en uno y otro caso colgada del árbol la camisa del paciente; otras veces ligan bien los dos dedos gruesos de pies y manos del enfermo con una cinta, saliendo así de casa con el niño enclenque a un camino, después de las doce de la noche, para hacer que la primera persona que pase al despuntar la aurora corte las ligaduras, que han debido ser hechas por la propia madre del enfermo, la cual muestra éste al transeunte, diciéndole: *Homiño que vén á ventura, desenquirquilleme esta criatura*; y otras veces cuidan de que la persona que traiga el niño en brazos, si aún no anda, lleve una cabeza de ajo en el bolsillo, o meta el ajo en la *FALTRIQUEIRA* del atacado, para que a él no se acerquen las *MEIGAS*, causantes de esta enfermedad, que se cree debida a un poder maléfico. En la comarca de la Ulla levan al niño raquítico a la capilla de Gundián; y después de pasarlo por delante de la Virgen que allí se venera, lo lavan en una fuente que brota junto a la pequeña ermita, y hacen como *oferta* un donativo en especie, que suele consistir en tanta cantidad de trigo como pese el rapaz; y en la comarca orensana de la Arnoia creen que el *ENGANIDO* se cura atando de noche al que lo padece, a una cruz de madera que haya en alguna *ENCRUCILLADA*; y la primera persona que pase, debe cortar la atadura con un machado o cuchillo, todo ello sin que se hable una sola palabra.

Da mesma familia léxica é o verbo *enganirse*: «encajarse, debilitarse, perder las fuerzas físicas. Dícese más comúnmente de los niños y de las personas ancianas» [cfr. Eladio Rodríguez González (1958-1961)].

O dicionario da RAG define o enganido como enfermidade infantil debida a unha forte carencia de vitamina D, que se manifesta por deformacións e alteracións variadas do esqueleto. Raquitismo. Un sinónimo sería *engaraño*, que vai relacionado cos termos *tangaraño* (que é, na súa primeira acepción, considerado como un diaño

maligno que, segundo a crenza popular, ataca os nenos deixándoos raquíticos e deformes; nun segundo significado é unha enfermidade causada por este diaño), e *angaraño* (acción máxica que provoca algún acontecemento ou certos efectos nunha persoa, nun animal etc., polo xeral negativos, e que ten como sinónimo o termo meigallo).

## I. Rituais de curación e crenzas arredor do «aire», o «asombramento» e o «enganido»

O alo de superstición sempre arrodeou a esta doenza do «mal de aire». Dela xa deu conta Lis Quibén cando dixo que:

(...) esta enfermedad, que no cabe duda alguna es la más rodeada de misterios en los medios aldeanos, la que más los ataca y más pavor les infunde, llegando en su curación a las maniobras más ridículas y extravagantes, sin regatear medios, poniendo en ello una fe absoluta en relación con su ignorancia y sin darse cuenta de los enormes perjuicios morales y materiales que les ocasionan los curanderos, en cuyas manos se entregan para librarse de tan terrible mal. (...) Es de todas las enfermedades creadas por la fantasía popular la más extendida y vulgar (Lis 1949: 31).

Superstición ou non, e máis alá dos efectos perniciosos ou salvíficos dos rituais asociados a este mal, o que si está claro é que estes últimos formaron parte do imaxinario e da crenza popular do mundo rural nunha época na que os avances médicos e a súa divulgación non chegaban a todos os recunchos. E só por iso, ben merece a pena deixar constancia por escrito dos procederes e das xaculatorias usadas para conquistar a saúde física e anímica do/a doente por mal de aire, asombramento ou enganido.

1. Nas terras de Tabeirós, á hora de falar desta doenza cómpre citar ao Dr. Reimóndez Portela e a achega que este fixo sobre a mesma nun artigo titulado *Medicina popular en terras de Tabeirós* (Reimóndez 2001: 101-103). Nel define o asombramento como unha sombra ou efecto maléfico non concreto que envolve aos cativos arrebatándolles a saúde, e sumíndoos nunha profunda tristura na que o humor e a ledicia desaparecen do seu rostro, e nunha perda do apetito e consecuente adelgazamento. A principal fonte de contaxio é o aire

de animais (gatos, cans, gando vacún ou galiñas chocas<sup>1</sup>), sen excluír as mulleres durante a menstruación, especialmente cos seus bicos. A súa diagnose efectúase mediante unha candeia bendicida polo día da Candeloria (2 de febreiro). Tómase un prato ou similar cheo de auga e sitúase enriba da cabeza do/a doente para ir vertendo sobre a auga nove gotas de cera que deben caer a modo. Esta manobra debe repetirse nove días seguidos, aínda que pode quedar reducido a un se este ritual se realiza un domingo antes de que se celebre a misa.

As gotas de cera ao caer na auga poden quedar separadas ou xuntarse formando un grupo, en cuxo caso se trataría con certeza dun asombramento. O tratamento tería que realizarse con auga limpa procedente dunha fonte que nunca secase e que fora recollida sen pronunciar palabra.

Mentres se quenta a auga, cóllense dez pallas de trigo cun nó cada unha delas. Desas dez, unha tírase por enriba da cabeza do curandeiro/a. Logo tómase unha candeia da Candeloria e pónselle lume a todas as pallas por un extremo (no caso de apagarse, préndense de novo). A cinsa bótase na auga xa morna engadíndolle nove gotas de cera da mesma candeia. Colócase ao neno/a enfermo/a de pé dentro do baño e, despois persignarse, lávase coa auga preparada pasándolle as mans molladas sempre de abaixo arriba e en cruz, ao mesmo tempo que se recita o seguinte ensalmo:

Bótoche a auga de Santo Domingo  
pra que che saque o asombramento  
do morto e do vivo  
co poder de Dios e da Virxe María  
un Padre Nuestro e un Ave María

Este retroso repítese nove veces á vez que se van pasando as mans molladas. A continuación retírase o neno completamente espido e vístese con roupa nova ou moi lavada, nunca coa que levaba posta ao comezar o ritual. De seguido cóase a auga por un pano de lamanisco observando o residuo: se contén pelos de gato ou de can, plumas... un animal desa especie foi o causante do asombramento. Se o mal foi contaxiado por un morto só queda sucidade.

1 *A galiña choca que pase por enriba d'a cuna onde se acocha un rapaz, deixarao apouvi-gado, e cando sea maor terá de seguro o anganido.* Xan do Cotón. *El Compostelano. Diario independiente*; febreiro de 1926.



2. O Dr. Reimóndez tamén cita outra forma de curar o asombramento, neste caso empregada no val do Ulla: a auga empregada ten que ser recollida ás doce da noite, axudando así a gardar o segredo do rito. Tómanse nove pallas e pónselles lume, pero unha delas, antes de rematar de arder, desbótase quedando oito que irán á pota en forma de cinsa. Vánselle engadindo á auga unhas gotas de cera, unha a unha ata oito, e a novena tírase fóra (Reimóndez 2001: 103).

3. As mulleres embarazadas non poden ir aos velorios nin aos enterros para non coller o aire do defunto e pasarllo ao neno/a.

4. Aire de cemiterio: segundo Lis Quibén, este aire cúrase na Estrada coa intervención dun curandeiro/a que leva o enfermo/a ao cemiterio. Antes de entrar, cómpre que se axeonllen ámbolos dous fronte á porta principal da igrexa e recen seis Nosopai, seis Avemarías, e seis Gloria Patris. Despois entran ao cemiterio, e o enfermo ponse de xeonllos mentres o curandeiro recita este ensalmo: «Que seas aire, que seas enganado, que seas de cementerio, de morto ou de vivo, que quedes confundido. Por la gracia de Dios y la Virgen María, un Padrenuestro y un Avemaría». Despois rezan as oracións ofrecidas no ensalmo, e ademais nove Nosopai, nove Avemarías e nove Gloria Patris, rematando coa sinal da cruz.

5. Oración para sacar o aire: «Airiños de todos os aires, airiños do mar e da terra, sacádelle o aire dos mortos e dádelle o aire dos vivos. Sacádelle o aire dos mortos e confortos, e dádelle o aire dos vivos e confortativos. Se o colliches pola mañá, que cho saque san Xoán. Se o colliches a mediodía, que cho saque a Nosa Señora la Virgen María. Se o colliches co sol posto, que cho saque Jesucristo co seu rostro. Se o colliches ao anoitecer, que cho saque Jesucristo co seu poder. Co poder de Dios e la Virgen María, un Padrenuestro e un Avemaría».

O Nosopai e a Avemaría hai que rezalos nove veces. E mentres se reza isto hai que facer cruces cun rosario ao neno/a enfermo/a.

6. Cando un neno/a colle a sombra dun defunto, lévase ao cemiterio ás doce da noite e dánselle tres tombos encima da tumba do defunto que se sospeita que foi o causante do mal, ou por riba de calquera tumba (como se facía en Curantes, A Estrada).



Folla da ara.

7. *Colocasia esculenta* (folla da ara, herba da ara, taro –é unha planta perenne tropical que se usa principalmente como hortaliza polo seu cormo comestible, e tamén coma verdura. As flores raramente se usan–): con esta folla facíanse remedios para cortar o aire dos nenos/as, tamén chamado «asombramento». Ás doce da noite vaise

buscar un caldeiro de auga a unha fonte que nunca secara. Hai que saír por unha porta e, á volta, entrar por outra. Métese ao neno/a dentro dun baño coa auga e coa planta, e os restos que queden na folla indicarán de que é o asombramento.

8. Un método para sacar o asombramento ou sombra: os síntomas do mal soen ser a tristura, a perda de apetito, o adelgazar considerablemente... A súa diagnose efectúase empregando unha candeia bendicida polo Xoves Santo. Tómase un prato ou similar cheo de auga, e sitúase enriba da cabeza do enfermo para ir vertendo nove gotas de cera que deben caer lentamente. Esta manobra é conveniente realizala un domingo antes de que se celebre a misa. As nove gotas de cera dentro da auga poden quedar separadas ou xuntarse formando un grupo, do que se infire que ten asombramento.

O tratamento faise a base de auga limpa procedente dunha fonte que nunca secara, recollida sen dicir ningunha palabra, a poder ser entre as doce da noite e as seis da mañá. Mentres se quenta a auga cóllense dez pallas de trigo e fáiselles un nó a cada unha. Destas dez, tírase unha por enriba do curandeiro/a. A continuación bótase man da candeia do Xoves Santo e pónselle lume a todas as pallas por un extremo. A cinsa e os restos da combustión vértense na auga xa morna, engadindo nove gotas de cera da candeia de Xoves Santo. Métese á persoa enferma dentro do baño e, despois de persignarse, lávase coa auga en cuestión pasándolle as mans molladas dende o pés cara á cabeza dicindo: «Bótoche a auga de Santo Domingo para que che saque o asombramento; se é do morto e do vivo, co poder de Deus e da Virxe María, un Padrenuestro e un Avemaría». Este retrouso repítese nove veces mentres se lle pasan as mans molladas. A continuación, a persoa vístese con roupa limpa, non coa que traía antes da cerimonia. Logo colócase a auga noutro barreño cun pano de mesa ou un trapo branco de liño. Aí obsérvase o residuo que quedou.

9. Outro método para quitar o asombramento: cun caldeiro recóllese auga dunha fonte que nunca secura e ponse ao orballo da madrugada. Cóllese nove pallas de trigo, nove gotas de auga bendita, e nove gotas de cera da candea de Xoves Santo. Quéimanse as pallas todas xuntas, e déixase caer un «nada e todo» de borralla na auga. Logo métese ao neno/a no baño e bótaselle



Pallas de trigo e candea.

a auga dende os pés ata o pelo da cabeza mentres se di: «Auga de sábado, santo domingo, sácame o asombramento desta criatura, que sexa asombramento, que sexa enganado, que sexa de morto, que sexa de vivo, co poder de Deus e da Virxe María, un Padrenuestro e un Avemaría». A continuación, préndese lume con ramas de loureiro e afúmase a roupa do neno/a. Cóllese unha camisa de home, tamén afumada, e déixase que o neno/a durma un sono con ela posta. Cóase a auga nun pano branco e bótase esa auga polo camiño por onde pasa o viático.

10. Outra forma para sacar o asombramento: hai que ir buscar auga a unha fonte que nunca secura. Tamén vale auga da billa que sexa dunha mina (non de pozo) que nunca secura. A esa auga bótanselle nove gotas de cera da candea de Xoves Santo, outras nove gotas de auga bendita, e nove pallas de trigo. Outra palla, que faría a número dez, tírase pola cabeza da curandeira/o que realiza o ritual. Métese ao neno/a nesa auga, previamente amornada, e báñase dende os pés á cabeza recitando unha oración: «Auga de sábado, santo domingo, quítalle o asombramento a este meniño, que sexa de vivo, que sexa de morto, coa axuda de Deus e da Virxe María, un Padrenuestro e un Avemaría».

Despois sécase o neno/a e cóase a auga nun cueiro de tea, tipo gasa. Co resultado do que quede aí saberase se é aire de animal (pelos dun animal), de persoa (pelos de persoa), ou de morto (area ou areñas). O residuo que quede cómpre queimalo nun cacharro. Este ritual hai que levalo a cabo dous domingos máis, antes do comezo da misa. En total, tres veces. Cando se verte a auga sempre ten que ser primeiro pola cabeza e logo polos brazos e mans; a continuación de novo pola cabeza, e despois outra vez polos brazos e mans.

11. Outra forma de sacar o asombramento ou o enganido: cóllese unha pouca leña e ponse no chan. A continuación cóllense nove poliñas de loureiro bendito e outras nove de oliveira bendita, e póñense enriba da leña facendo cruces. Bótanse nove gotas de cera da candeia de Xoves Santo por enriba, e préndeselle lume a todo isto. Tan pronto empeza a afumar ponse unha persoa diante da outra e, co lume de por medio e collendo ao rapaz/a no colo, pásaselle á persoa que está en fronte por encima do fume, dicindo: «Ti que dás?» / «Douche este meniño para que lle quites o asombramento e o enghenido» / «Pois eu o asombramento e o enghenido non os quero; quero a este meniño san e salvo».

Hai que repetir esta operación e este diálogo nove veces. Despois envólvese o rapaz/a nunha saba de liño durante un anaco. A continuación ponse a saba a secar ao sol encima dunha silveira, dun toxal ou duns buxos. Ao que leve un bo anaco ao sol, vaise mirar que é o que aparece na tea: se aparecen pelos de animal, o asombro é de animal; se aparecen pelos de persoa, é de persoa; e se aparecen areas é asombramento de defundo.

12. O uso do lume para sacar o enganido tamén o recolleu Lis Quibén nas terras de Forcarei: faise unha fogueira no medio da cocina da casa, con ramas de loureiro, pasando por encima desa fogueira ao neno/a enfermo, para o que se poñen aos lados opostos da mesma dúas mulleres que se chamen Marías; unha dállo á outra nove veces, por enriba do lume, dicindo estas verbas: «Loureiro que fuches nado / e non fuches plantado, / quítalle o Anganido a Fulaniño. / - María, toma o Anganido, / - Eu o Anganido non cho quero, que che quero a Fulaniño». Isto dise nove veces e en cada unha engádese: «Por la gracia de Dios y de la Virgen María, un Padre Nuestro y un Ave María» (Lis 1949: 82).

13. Outro método para sacar o asombramento: hai que ir procurar auga a unha fonte que nunca secura. Vaise por un camiño e vense por outro. Ponse a auga a quentar, e despois bótase nun baño engadíndolle a cinsa de nove pallas de trigo queimada, nove gotas de cera da candeia de Xoves Santo, nove gotas de auga bendita, e nove cachifios da folla da ara. Báñase o rapaz/a dende os pés á cabeza, e despois cóase esa auga cun pano. Así é como se sabe quen lle botou o asombramento.

14. Alfredo Vicenti, na súa obra *A orillas del Ulla*, fala da curación do asombramento de defunto introducindo ao neno/a nun forno caldeado: «Si al pasar un entierro, la sombra de la manga parroquial o del ataúd envuelve a un niño de pocos años, este languidece, y morirá si no lo introducen y sacan con rapidez tres veces consecutivas en un horno plenamente caldeado» (Vicenti 1984: 49).

15. Segundo a informante, María del Carmen Campos Porto (85 anos, Lamas, A Estrada), cando había un enterro ou un velorio, a xente que viña de acudir a eles non podía entrar nas casas onde había nenos/as pequenos porque podían coller o asombramento. Antes de entrar, tiñan que facer un lume con romeu ou loureiro e pasar por enriba del para sacar o asombramento do defunto.

Se un rapaz/a collía o asombramento, sabíase porque choraba moito. Para quitarllo había que ir buscar auga a un regato e pasala por sete muiños sen falar con ninguén. Despois esa auga vertíase nunha pota e botábanselle sete mistos acesos e un anaco de romeu. Logo lavábase o rapaz/a nesa auga e coábase nunha saba. Así era como se quitaba o asombramento (testemuño recompilado por Alba Costa Castro, neta da informante).

16. Segundo outra informante, Otilia Oubel Collazo (82 anos, Riobó, A Estrada), para quitar o asombramento había que empregar a folla da ara, que se daba en sitios moi fértiles e con boa terra. Había que botala nunha pota con auga temperada e borralla. Con esa auga lavaban o neno/a. Logo pasaban o neno/a por debaixo dunha artesa e collíao a persoa que estaba do outro lado. A auga na que fora lavado o neno/a era coada cun trapo de lamanisco. Se na auga aparecían pelos de can, gato, vaca ou persoa, era que o neno tiña o asombramento. Secábano ben sequiño e ía para a casa. Este ritual facíao a señora Pura.

## II. Experiencias de curación desta doenza

### 1. A curandeira de Tomonde (Cerdedo)

O seguinte relato foi recollido por María Álvarez Fernández (en 2021), tendo como protagonista do mesmo á súa avoa, María de la Asunción Chamosa Gutiérrez (82 anos), de Forcarei. A súa expe-

riencia nárraa así: «Cando eu era pequena, sacóuseme toda a gana de comer; non comía nada, nada, nada! Sentaba nun banco pequeno onda a lareira, a carón do lume. Doíame o cu! Xa non tiña carne ningunha; só tiña ósos. E de vez en cando aniñábame onda o lume. E se se me daba por comer, non engordaba. De noite, cando durmía, tiñan que levarme un vaso de auga cun anaco de pan. Entón veu unha prima da mamá e veume tan delgadiña que lle dixo: “Mira Inés, lévaa xunto a unha señora que hai en Tomonde, que esa señora quítalle o anghenido aos nenos”. Entón, un día, a mamá levoume onda ela. A señora tiña unha mesa, e pasáronme por debaixo dela. Dun lado collíame a señora, e do outro a miña nai. E así varias veces. Eu estaba seria. Non ría nada. Estaba triste. A mamá levárame unha muda por se tiña que quitarme aquela e poñerme outra. Pero a señora díxolle que non, que non facía falta. Non sei moi ben o que me fixo, pero o conto é que eu despois xa sandei. Tan pronto como cheguei á casa, xa empecei a rir e ser normal, como era antes. E dixo o meu avó: “Ai! Que bo lle foi pasala Baiuca [así lle chamaban ao lugar de paso que había polo monte para ir a Tomonde]. Fóichelle moi bo pasar a Baiuca”. Despois xa non me volveron levar máis pan e auga á cama, e quedei sempre ben».

## 2. A experiencia de Isabel García Fernández co curandeiro de Roxos (Vilvestro, Santiago)

«Cando tiña 4 anos deixara de comer totalmente. O único que tomaba, que me daban feito tomar meus pais, era medio vaso de leite ao día. Así que me levaron a un montón de pediatras: de pago, a Santiago, ao meu pediatra... Uns dicíanlles que tiña mimos, outros que tiña falta de vitaminas. Pero alguén lles falou de que había en Roxos un curandeiro que se chamaba o Sr. Tomás e que facía curacións a persoas coma min que, coma quen di, estaban desafiuzadas do médico, non lles daban atopado o mal.

»Leváronme onda el unha mañá, moi cedo, porque había que agardar pola túa cita co teu corpo, de tal xeito que canto antes chegaras antes te ía atender. Arredor das 9 da mañá, máis ou menos, saíu o Sr. Tomás (era pequeniño, con boina e lentes) e mirounos a todos. Veu andando cara a min, ficou a vista, e dixo: “Esta rapaza ten que

ir á pedra”. E meus pais preguntábanse que sería iso da pedra. Nunca alí fomos. Así que tiramos tras del. Pasamos por diante de todos os que tiñan a súa cita, e chegamos a un cruce de camiños onde había unha peneda moi grande. Eu tiven que subir á peneda e meus pais colléronse das mans xunto co curandeiro. Este ía rezando diante unhas oracións, e meus pais detrás repetindo o que el ía dicindo. Cando rematou de rezar, díxolles: “Esta rapaza ten o asombramento dun morto”. Meus pais díxéronlle: “O asombramento dun morto? Imposible! Nós non a levamos a ningún velorio, nin pasou ningún enterro por diante da casa. Imposible!” E o Sr. Tomás repetiulles: “Si, si! Esta rapaza colleu o asombramento dun morto”.

»Leváronme para a casa. E veu miña avoa, que vivía en fronte, para ver que nos dixeran, e meus pais contáronlle o caso: “Imposible, porque nós non a levamos a ningún velorio nin pasou ningunha comitiva fúnebre por diante da casa nin nada. Imposible que collera a sombra dun morto”. E díxolle miña avoa a miña nai: “Ti non te acordas, María, un día na Alameda en Santiago que estabamos alí xogando cos rapaces e eu díxenche: ‘Escapa de aí cos rapaces que vén unha comitiva fúnebre’”. Entón miña nai escapou, pero vese que non escapou todo o rápido que tiña que escapar.»

### **3. A experiencia de Josefa Barreiro Mirás (94 anos, Oca, A Estrada), recollido pola súa neta Vanesa Gíao Taboada (I)**

«Cando meu pai morreu, o meu fillo maior tiña cinco semanas e choraba día e noite. As entendidas da parroquia díxéronme que tiña o asombramento porque eu fora ao velorio do meu pai. Había unha muller, Josefa de Bahamonde, que era a encargada deste tipo de males. Mandoume facer un ritual: tiña que ir buscar auga a unha fonte que nunca secara, pero había de ser moi cedo, antes da primeira misa na catedral (xa que era onde as había máis cedo). O meu home ía ás dúas da mañá e tiña que ir por un camiño e vir por outro distinto. Nesa auga había que botar sete ou oito gotas de cera dunha candeia e unha pouca borralla peneirada. Logo coábase cunha servilleta de lamanisco (pano de tea con listas vermellas ao redor) e bañábase o neno nesa auga. Fíxeno así tres venres.



»A señora Josefa tamén me impuxo unha penitencia: debía ir ás dúas da mañá soa co meu fillo ao cemiterio e darlle tombos sobre a lápida do meu pai. Esta parte non a fixen porque me daba moito medo.»

#### **4. Testemuño de Josefa Barreiro Mirás (94 anos, Oca, A Estrada), recollido pola súa neta Vanesa Gíao Taboada (II)**

«Unha noite, a iso das dúas da mañá, viña o meu home para a casa. E no camiño saíulle unha muller. Levaba vestiduras negras e tiña un neno no colo. Tamén tiña unha navalla e unha tesoir. Cando Pepe se achegou, díxolle: “Home que vés de fortuna / céibame esta criatura”. O neno tiña un cordel amarrado ás dúas pernas e a nai pedíalle a el que o cortase. E Pepe así o fixo. Despois soubemos que o neno, pese a ter o tempo, non andaba.»

#### **5. A experiencia de Carmen Inés Rodríguez Rodríguez (69 anos, Moreira, A Estrada)**

«Cando era pequena, estaba seguido chorando e sempre enferma. Falárono un día cunha veciña, e esta díxolle que a rapaza tiña o asombramento dun morto, pero que non se preocupara que llo sacaba ela. Carmen descoñece os requisitos que había que facer. Só sabe que tiñan que bañala en auga. O caso foi que esa auga estaba chea de pelos brancos e negros. A nai nunca creu que Carmen tivera o asombramento, porque dicía que eses pelos os trouxera a veciña no peto, xa que eran iguais aos da cabeza de ela.»

#### **6. A experiencia dunha persoa que preferiu permanecer no anonimato (Berres, A Estrada)**

«Cando o meu fillo era bebé non durmía de noite; choraba toda a noite. E de día durmía e estaba tranquilo. Unha veciña díxolle á miña nai que o rapaz tiña o asombramento, por mor de que eu fora a enterros estando embarazada, ou que me asustara ao ver un animal. Se eu lle deixaba, facíalle o ritual para sacalo. Eu díxenlle que si. Veu a señora. Trouxo con ela unhas pallas de trigo, unha candeia que creo que era de Xoves Santo, e tivemos que ir buscar auga a unha

fonte que nunca secara. Non se podía falar con ninguén, e había que ir por un sitio e vir por outro, xa que, para volver, non se podía pisar polo camiño polo que ías. Á noite colleu o rapaz e bañouno nesa auga, que tiña nove gotas de cera e a cinsa de queimar as pallas. Botáballe a auga pola cabeza e pasáballe as mans de arriba para abaixo rezando unha oración que eu agora non recordo. Ao rematar, colleu un pano branco e coou a auga, saíndo pelos negros e brancos como se foran de gato. Seica eu me asustei dun animal estando embarazada. O trapo tivemos que tiralo ao lixo. O que sei é que o neno durmiu de noite dende ese día.»

## 7. A experiencia doutra persoa que tamén preferiu permanecer no anonimato (Curantes, A Estrada)

«Fomos quitarlle o asombramento a unha persoa que había en Taibeirós. Mandáranos coller auga dun río onde houbera sete muíños. Collías a auga e tiñas que levarlla nunha bañeira. Ela metía o rapaz nesa auga. A carón tiña un montonciño de pallas de trigo. Ía dicindo unhas palabras, das que eu non me acordo, ao mesmo tempo que bañaba ao rapaz e lle daba coas pallas de trigo. Despois queimábanse e deixábanse caer na auga.

»Antes de facer todo isto, metía o rapaz na auga e miraba se tiña o asombramento da seguinte maneira: collía nun prato desa auga poñéndollo encima da cabeza e botando nove gotas de cera da candeia de Xoves Santo. Se o neno tiña o asombramento, era cando empezaba o ritual. O asombramento sabíase se o tiña se as nove gotas de cera se xuntaban. Se quedaban espalladas era sinal de que non o tiña.

»Ao rematar co ritual había que tirar no río a auga empregada, indo por un lado e volvendo por outro; non se podía volver polo mesmo sitio que se fora.

»Por certo, á candeia e ás pallas había que lles prender lume con mistos. Non valía con chisqueiro.»

### 8. Testemuño de Otilia Oubel Collazo (82 anos, Riobó, A Estrada) sobre unha irmá súa que tivo o asombramento

«Eramos cinco irmáns. A do medio estaba moi mal: miudiña, delgada, pero corría como unha bicicleta. Tiña tres anos, pero era coma se tivera ano e medio. Levárona a todos os médicos, fixéronlle os remedios todos das entendidas de por alí arredor... A miña irmá tiña un pelo louro largo precioso. E unha das entendidas díxolle a meus pais: “Cortádelle o pelo á nena, que mentres non llo cortes non medra”. Cortáronllo, pero nada. A nena, conforme tomaba alimento, xa o botaba fóra. Viña outro veciño e dicíalle: “Eu teño unha vaca que non dá un leite tan forte. Levádeo e dádelo”. Pero á nena non lle prestaba nada. Outro veciño díxolle: “Esta rapaza ten o asombramento dun morto”. A nós morréranos unha avoa na casa cando a miña irmá ía facer os tres anos. E díxonos que había que levala ao cemiterio e darlle uns tombos sobre a sepultura. Outro veciño díxonos que o mellor remedio para isto era levar unha camiña da nena ao altar do cura e que, sen sabelo, misara sobre ela. Tiña que ser unha camiña fina para que non se notara moito no altar e o cura non se dera conta dela. Así que falaron co sancristán para que colocara a camisa estendida no altar debaixo do mantel. Despois do ritual, colleron a camisa e puxéronlla á nena. E eu non sei se foi diso, pero a nena fixo unha moza guapísima e foi a máis forte de todas nós. A partir desa cuestión prestáronlle os leites todos e medrou moito.»

### 9. Testemuño de Otilia Oubel Collazo (82 anos, Riobó, A Estrada) sobre unha curación na ponte vella do Ulla entre A Estrada e Vedra

«Este era un matrimonio que xa levaba tempo casado, e tiveran varios fillos. Creo que seis. Pero o único que lle foi arriba foi o último. Cada un dicíalle súa cousa: un fai isto, outro fai aquilo... Pero un díxolles de levar o neno a unha ponte un día de noite. Tiñan que telo cos pés ao aire e atadiños cunha cinta. A nai teríao no colo, e o pai unha tesoirá na man. Tiña que ser despois das doce da noite e non podía haber palabras. Á primeira persoa que pasara pola ponte, o pai tiña que ensinalle a tesoirá. Se o que pasaba non lle facía

caso e seguía de largo, non valía. Había que esperar pola seguinte persoa ata que aparecera unha que entendera do asunto, xa que non había palabras. Entón chegou unha persoa que sabía o que facer e cortoulle a cinta ao neno. Eles non puideron darlle as gracias nin despedirse. Colleron a tesoiira e viñéronse para a casa. A cinta ou a deixaron alí ou a recolleron. Non o sei. Pero o que si sei é que ese neno foi adiante. Coñecino eu. Era un rapaz listo e sano.»

#### 10. Testemuño de María Luz Cabo Gorís (63 anos, Paradela, A Estrada)

«Unha rapaza de aquí naceu con pelos negros longos no lombo. E súa avoa deu en dicir que tiña *enxurramento* [pode ser un termo que se refire ao enganado: enganarse, debilitarse, tullirse]. Choraba moitísimo e tiñan que tela amarrada pola cintura para que estarricara. Había que buscar a auga de cinco fontes sen falar con ninguén. Collíase



Fonte a carón da igrexa de Paradela.

unha botella en cada fonte. En Paradela hai catro: unha na Aldea Grande, outra en Ribeiradona, outra onda a igrexa, e outra na Decoita, donde son eu. Falta unha, pero por Riobó haberá algunha. Despois hai que quentar esa auga con follas da ara. E con esa auga lavar a persoa ou a criatura. O día vale calquera.»

### III. Lugares de curación do enganido na comarca de Deza



Capela do san Brais coa súa fonte milagreira.

#### O San Brais de Chapa

Avogoso para as enfermidades da gorxa, este santo aparece rexistrado na microtoponimia desta zona da parroquia de Chapa. Nomes coma o Monte de San Blas, o Regato de San Brais, e a Fonte de San Brais (nomeadamente, a Virxe da Fonte). As tradicións orais asociadas a este santuario remiten orixinariamente a unha fonte na que se realizaban unhas importantes prácticas menciñais de raíces moi antigas encubertas polo culto cristián. A capela do San Brais,

sita a carón desa fonte, din que foi construída porque un ermitán milagrosamente atopou unha Virxe de pedra dentro da fonte (de

aí o topónimo Virxe da Fonte). A crenza de que a auga desa fonte tiña propiedades terapéuticas estivo moi estendida pola comarca. No caso de que un meniño/a tivese o enganido ou asombramento, é dicir, se non medraba nin engordaba, se choraba, se tiña lombri-gas..., os seus pais ofrecían a santa. Este ritual consistía en levar o rapaz/a á fonte un domingo antes da misa e lavallo nela; logo tirábase a camisa con que se bañara polo regato abaixo (localizado ao pé da fonte), e levábase o cativo/a ata a santa para que a tocara.

#### A Encrucillada de Andamollo (Manduas)

Na parroquia trasdezá de Manduas, o microtopónimo A Encrucillada fai referencia a un cruce de camiños onde se realizaba un rito para curar os nenos/as do enganido cando os remedios caseiros non funcionaban. Se nunha casa había un neno/a enfermo/a, unha per-



Panel informativo e acceso á Fonte dos Meniños.

Fonte dos Meniños.

soa distinta da nai e do pai levaba o rapaz/a ao cruce e atáballe unha cinta nas pernas. Alí esperaban ata que pasaran das doce para pedir-lle ao primeiro home que pasara que lle cortara a cinta cunha tesoiira que levaban da casa, e dicíanlle: «Homiño de boa fortuna, quítalle o enganido a esta criatura». Despois regresaban á casa por un camiño distinto do que foran. O ritual repetíase nove días ata que sandara o neno/a (información facilitada por María Teresa Tato Otero, de San Tirso de Manduas, e recollida por Mateo Fernández Casal).

### A Fonte dos Meniños de Argozón

Propiamente o topónimo «Fonte dos Meniños» non se atopa nos límites da Comarca de Deza, xa que se localiza no monte común da zona oeste da parroquia de San Vicente de Argozón (Chantada) que, coa serra do Faro como límite xeográfico, linda coas terras de Camba. Esta localización non foi obstáculo algún para que os veciños de Rodeiro puideran acudir a esta fonte para curarse do enganido. De feito, a tradición a el asociada foi recollida en Santiago de Fafián, parroquia cambota na que naceron e/ou residen os nosos informadores. A esta fonte, á que os máis vellos lle asociaban poderes curativos, levaban os nenos e nenas para curarse do anghanadño ou enganido. Para poder curarse había que pasar á criatura por debaixo dunha pedra que, situada horizontalmente sobre o regueiro do manancial, facía de ponte. Dúas mulleres, colocadas a cada lado do arco da ponte, pasábanse entre si o neno/a nove veces repetindo en cada unha delas o seguinte responso dialogado: «María!» / «Que?» /

«Toma este enganadiño. Se é pa Dios, Dios o leve. Se é po mundo, Dios o salve».


Unha vez rematado o ritual deixaban unha candeia acesa: «se se apagaba, morría a criatura; se se mantiña acesa, vivía». Tamén se deixaban cartos na fonte e as roupas que levaban postas os rapaces e rapazas no momento do rito (ritual curativo contado por Xosé López Gallego, que nos anos 50 do século XX foi testemuña do rito descrito). A esta versión, outro dos consultados engadiulle que dito ritual había que realizalo pola noite, e que ademais había que fender á metade (de arriba abaixo) un carballizo ou unha xesta e pasar á criatura pola fenda.

### O San Tomé e a Fonte do Piollo de Parada (Silleda)

Un texto elaborado polo arqueólogo Israel Picón (da empresa A Citania) para a Ruta da Auga de Parada (PR-G 124; 2019), recolle a seguinte información sobre a curación do *anghenido* e o asombro nesta parroquia trasdezá:

«A Fonte do Piollo, no lugar de Carreira, é, sen lugar a dúbidas, a fonte que máis patrimonio inmaterial atesoura de todo Parada. Estamos, segundo a crenza, ante unha verdadeira fonte curativa e milagreira, especialmente indicada para o tratamento de doenzas infantís como o *anghenido* ou o asombro. Tamén se di que antigamente o enterrador, despois de dar sepultura á xente, viña lavar as sachas a esta fonte. O rito de curación do *anghenido* tiña lugar en dúas fases e en dous sitios diferentes de Parada: a Fonte do Piollo e a igrexa parroquial. Primeiramente levábase o neno/a doente a pasar baixo a imaxe do San Tomé, facendo un rito de circunvalación ao redor do retablo maior do templo. Despois cumpría achegar o neno ata a Fonte do Piollo onde era lavado nas súas augas esconxuradoras. O rito sandador consistía en coller auga desta fonte milagreira e botarlla por riba ao neno/a de súpeto e sen que este se decatase do que ía acontecer. Noutra variante do rito dise que a auga había que botarlla cando o cativo/a se atopa na cama durmindo, co que o susto aínda sería maior e, xa que logo, o poder esconxurador da auga e do rito tamén. Finalizado este, o cativo/a era vestido con roupas limpas.»





Fonte do Piollo.



San Tomé de Parada.



Oco debaixo do altar da igrexa de Parada polo que se pasaba ao neno/a con enganido.

Un relato similar cóntao a señora Nieves López Presas, da aldea de Redemuíños, nunha gravación realizada por María Lamazares Ta-boada para o grupo de Mitoloxía de Trasdeza do programa EDUexcelencia do IES Pintor Colmeiro (2021-22): «En Parada había unha tradición: aos nenos que tiñan moito medo, pasábanos por debaixo de San Tomé para que lles pasara o medo e o *anganido* ou *asombro*. Tras pasalos por debaixo do santo, ían á Fonte do Piollo, e alí lavábanos ben. A roupa coa que ían vestidos, queimábana para logo poñerlle unha roupa limpa».

#### IV. Síntese final do recompilado

##### 1. Denominacións do mal

Aire, aire de cemiterio, aire de defunto, asombramento, asombramento dun morto, asombro, enganido (anganido, anghenido), enxurramento, sombra de defunto e tangaraño.

##### 2. Sintomatoloxía

Falta de humor, perda de apetito, adelgazamento, tristura, doenza de ósos, choros, estar sempre enfermo, pelos negros largos no lombo, pernas tortas ou cruzadas, lombrigas, e debilidade.

##### 3. Fontes de contaxio

Aire de animais, aire das mulleres durante a menstruación (especialmente os seus bicos), e aire dun morto (defunto).

##### 4. Profilaxe

- Tras acudir a un velorio, afumarse antes de chegar á casa ou antes de estar en contacto cun neno/a pequeno/a.
- As mulleres embarazadas teñen que evitar ir aos enterros e velorios

##### 5. Proceder e obxectos empregados na diagnose e curación do mal

En relación co LUME:

- Uso de nove gotas de cera dunha candeia bendicida polo día da Candeloria ou Xoves Santo.
- Uso de nove pallas de trigo (nalgún caso dez) e a súa cinsa despois de ser queimadas.
- Facer lume con loureiro e romeu e afumar a roupa do neno/a.

- Queimar nove ramas de oliveira ou loureiro bendito para afumar a unha persoa enferma.
- Meter o neno/a tres veces consecutivas nun forno caldeado.
- Botar sete mistos acesos na auga.
- Queimar a roupa coa que os nenos/as ían vestidos para o rito e logo deste poñerlle unhas roupas limpas.

En relación coa AUGA:

- Usar auga dunha fonte que nunca se cara.
- Lavar o neno/a na auga.
- Coar a auga cun pano branco ou de lamanisco para ver que residuos quedan tralo lavado, e así inferir a causa do asombro.
- A auga empregada ten que ser recollida ás doce da noite.
- Uso da herba da ara (*Colocasia esculenta*) fervida na auga que se empregue para o baño.
- Emprego dun prato con auga colocado sobre a cabeza do doente.
- Uso de nove gotas de auga bendicida.
- Buscar a auga para o ritual en sete muíños sen falar con ningún.
- Coller a auga para o ritual en cinco fontes.
- Lavar o neno/a enfermo nunha fonte.
- Tirar por un regato a camisa que tiña posta o neno/a para o ritual.

En relación coa RELIXIÓN:

- Rezos: seis ou nove Nosopai, seis ou nove Avemarías, e seis ou nove Gloria Patris.
- Recitado de ensalmos.
- Acudir a un cemiterio para dar tombos (tres) sobre a sepultura do defunto causante do asombro.
- Facer cruces cun rosario sobre o neno/a enfermo/a.
- Facer o ritual antes da misa do domingo.
- Facer o ritual antes da primeira misa do día na catedral.
- Que o cura, sen sabelo, mise sobre a camisa do doente posta entre o altar e o mantel.
- Pasar o neno/a por debaixo dun santo (San Tomé).

Ademais...

- Non trabar conversa con ninguén ao ir pola auga á fonte ou coa persoa que cortara a cinta ou o cordel dos pés do doente.
- Diálogos de paso do enfermo/a dunha persoa a outra.
- Pasar nove veces ao neno/a por riba do fume, por debaixo dunha artesa, dunha mesa, dunha pedra, ou pola fenda dunha xesta ou dun carballizo.
- Usar unha saba de liño na que envolver ao neno/a e logo poñela a secar.
- Cando se vai á auga ou a un cruce de camiños, cómpre ir por un lado e vir polo outro (non desandar o andado).
- Ir a un cruce de camiños ou a unha ponte para sacar o asombramento.
- Uso dunha navalla ou dunha tesoiras para cortar a cinta/cordel co que están amarrados os pés do enfermo/a.

Como se pode observar, entre os medios empregados para o ritual de curación existen uns *físicos* (auga, lume, distintas plantas, tesoiras...), e outros non físicos ou *sobrenaturais* (ensalmos e oracións basicamente), previo acercamento a un curandeiro/a, un menciñeiro/a, ou a calquera persoa especializada na práctica da curación da doenza.

O uso da auga ten unha importancia crucial no ritual. Pode ser bendita, ou dunha fonte que nunca secaa, ou auga normal pero que sexa limpa. A súa importancia garda relación non só co poder purificador que ten segundo a tradición xudeo-cristiá (de aí o feito de lavar o neno/a), senón tamén co ser canle (regatos e ríos) a través da que desfacerse do mal tirando nela as vestimentas dos nenos/as que traían postas antes do ritual, e que virían infectadas do asombramento.

Outros elementos materiais indispensables son as plantas de ara, romeu, oliveira, loureiro e palla de trigo, e a cinsa que algunhas producen tras ser queimadas e vertidas na auga coa que é bañado o neno/a.

Tamén xogan un papel importante as tesoiras, navallas e coitelos para cortar a cinta (cordel) coa que tería atados os pés o doente. Esa acción de cortar vai cargada de simbolismo: tamén é cortar co mal que ten aprisionado o neno/a.

O uso do lume purificador aparece na candeia empregada para xerar nove gotas de cera coas que diagnosticar o asombramento, e na fogueira que se fai nalgún caso para afumar o doente ou as súas roupas, ou para simplemente pasalo dun lado a outro por encima do seu fume, tal como se fai cando se pasa por debaixo dunha pedra, dunha mesa ou dunha artesa.

En canto aos medios sobrenaturais, destacan os ensalmos (coa invocación a Deus, a Xesuscrito, a Virxe María e a algúns santos e santas), e as oracións (especialmente o Nosopai, a Avemaría e o Gloria Patris). E se o ritual se pode facer nun santuario avogoso para tal fin, mellor que mellor.

O número de veces que hai que repetir estes ensalmos e oracións, así coma o de gotas de cera e de auga bendita que hai que verter na auga, o de pallas de trigo que hai que queimar, o de fontes das que hai que coller auga, o de muíños polos que hai que pasar, o de veces que hai que repetir o ritual, ou o de días nos que o hai que realizar, tamén teñen o seu significado con grandes connotacións bíblicas. Brevemente só indicar que o tres fai referencia á perfección divina (Santísima Trindade); o cinco ás cinco chagas de Cristo na cruz; o sete, representaría a totalidade (sete sacramentos, sete obras de misericordia corporais e espirituais...); e o nove, tres veces tres, sería a perfección da perfección, a consumación e a realización do ben que se procura.

## Bibliografía

- CURROS ENRÍQUEZ, Manuel (1985): *Aires da Miña Terra e outros poemas*. Vigo: Editorial Galaxia, S.A., 144.
- GARCÍA PORRAL, Xoán Carlos (2006): «A 'Fonte dos Meniños'. Experiencias e tradición», *Lucensia* 33, 363-372.
- GARCÍA PORRAL, Xoán Carlos (2022): «A curación do enganido (tangaraño ou asombramento) nas terras de Deza», *FARO DE VIGO - Edición Deza / Tabeirós-Montes* (13 de febreiro).
- LIS QUIBÉN, Victor (1949): *La medicina popular en Galicia*. Pontevedra: Gráficas Torres.
- MARIÑO FERRO, Xosé Ramón (1985): *La medicina popular interpretada, I*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- QUINTÍA PEREIRA, Rafael (2017): «Vade retro». *Ritualística protectora, obxectos curativos e uso de amuletos na cultura popular galega*. Valga: Concello de Valga.

REIMÓNDEZ PORTELA, Manuel (2001): «Medicina popular en terras de Tabeirós», *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural* 4, 87-108.

VICENTI, Alfredo (1984): «A orillas del Ulla (perfiles gallegos)», en Alfredo Vicenti, Prudencio Rovira e Nicolás Tenorio; *Aldeas, aldeanos y labriegos en la Galicia tradicional*. Edición, estudos preliminares y notas de José Antonio Durán. Madrid: Instituto de Estudos Agrarios, Pesqueros y Alimentarios.

## Recursos web

DdD = Santamarina, Antón (coord.): *Diccionario de diccionarios*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Dispoñible en: <http://sli.uvigo.es/ddd/index.php> [consulta en febreiro-marzo 2022].

Galiciana: El Compostelano: diario independente: Ano VII Número 1764 - 1926 febreiro 5; [http://biblioteca.galiciana.gal/es/consulta/resultados\\_ocr.do](http://biblioteca.galiciana.gal/es/consulta/resultados_ocr.do) [consulta en febreiro de 2022]

Galiciana: Boletín oficial del Centro Gallego: Ano XII Número 173 - 1918 xaneiro 15; [http://biblioteca.galiciana.gal/es/consulta/resultados\\_ocr.do](http://biblioteca.galiciana.gal/es/consulta/resultados_ocr.do) [consulta en febreiro de 2022]



# José Fernández Caramés, un emigrante estradense

José M. Bértolo Ballesteros  
joberba4@gmail.com

**Resumo.** Destacamos o labor de mecenado dun emigrante estradense, natural de Liripio, chamado José Fernández Caramés, que trunfou no seu soño de «facer as américas». O seu éxito como empresario facilitou que tanto en España como na Arxentina, axudase económica e persoalmente a moitos veciños, uns de nome recoñecido e outros anónimos.

**Abstract.** The patronage of José Fernández Caramés, an emigrant from Liripio, in A Estrada, was remarkable. He achieved his dream of making a fortune in America and his success in business allowed him to help, personally and financially, many renowned and anonymous people in Spain and in Argentina.

Nos séculos XVII e XVIII temos constancia de xente fidalga estradense que emigrou ás Américas uns como militares ou con cargos políticos, como o III marqués de Guimarei *Luis Francisco Mosquera e Aranda*, e outros foron para probar fortuna, dedicándose en moitos casos ao comercio de xéneros naturais daquelas terras como o cacao que exportaban a España, así, por exemplo, *Jerónimo de Leira e Castro*, descendente do pazo de Correáns.

Pero nos séculos XIX e ata mediados do XX foron moitos os labregos estradenses que tiveron que emigrar a América para escapar da fame e das levas que os obrigaban a servir no exército español.

Moitos destes labregos non atinxiron o éxito co que soñaban, pero outros grazas ao seu grao de sacrificio, á súa sagacidade para os negocios e á providencia chegaron a amasar unha fortuna.

Afortunadamente moitos deles nunca esqueceron as súas orixes e foron unha bendición para as terras que os viron nacer. Nomes como *Manuel Porto Verdura*, natural de Nigoi, de quen xa se falou na *Miscelánea*, de *Manuel Torres Agrelo*, natural de Rubín, e moitos outros «americanos» (así se lles chamaba) foron quen de favorecer



o desenrolo empresarial da Estrada, como o primeiro, e de desempeñar un papel moi importante na modernización do sindicalismo agrario que buscaba entre outras cousas acabar co caciquismo, como o segundo.

Un emigrante tamén con fortuna foi *José Fernández Caramés*, que destacou como mecenas, sobre todo en Arxentina, e axudou economicamente a moita xente galega e estradense, entre eles ao matrimonio Alfonso Rodríguez Castelao e Virginia Pereira Renda.

José naceu en Liripio o 12 de xuño de 1897 e foi bautizado ao día seguinte co nome de *José María*. Era fillo lexítimo de Manuel Fernández Balseiros, natural de San Pedro de Quintillán, e de Concepción Caramés Cabada, veciños de Liripio.

Marchou á Arxentina no ano 1912, seguramente para non ser chamado a filas, xa que naquel tempo supuña participar na guerra en Marrocos.

Traballou durante doce anos nun «almacén», é dicir, algo máis que un ultramarinos, xa que se podía atopar de case todo, pois tamén incluía material de ferraxaría, confección, etc. Dito establecemento chamábase «Gatichaves».


Logo en 1924 independizouse e con tempo e esforzo cando cumpriu 40 anos era dono de dous *almacéns* e cando cumpriu os 50 rexía a *Confitería Imperio*, no que se ofrecía ademais de pasteis un servizo de restauración, o *Hotel Litoral* no que traballaban máis de cen empregados, o *Restaurante Dorrego*, un almacén, etc. Todos os negocios estaban situados nunha mazá entre as grandes avenidas Corrientes<sup>1</sup> e Federico Lacroce e fronte ao cemiterio Chacarita.

Os locais estaban alugados a un emigrante italiano, pero logo cos cartos do traspaso dalgúns negocios, mercou todas as propiedades.

Hábil para os negocios, contratou a un comisario de policía, arxentino pero fillo de españois, para xefe de persoal e sobre todo para resolver os trámites administrativos, dado que como ex-comisario

1 A avenida Corrientes fíxoa famosa Carlos Gardel coa súa canción «Y todo a media luz» ao cantar:

Corrientes tres cuatro ocho  
Segundo piso ascensor  
No hay porteros ni vecinos  
Adentro cocktail y amor.



seguía a ter múltiples influencias. Para que aceptara o cargo, ofrecelle o dobre de soldo do que estaba a gañar como comisario.

A partir do ano 1948 levou para a Arxentina a máis de vinte familiares, naturais de Liripio, Ribela e parroquias limítrofes, dándolles emprego nalgún dos seus negocios. Logo uns continuaron con el e outros independizáronse.

Casou dúas veces, a primeira con Encarnación Buceta, que era natural de Poio e, tras enviudar en 1933, casou en 1937 con Rosa Domínguez, natural de Arxentina, pero filla de ourensáns. Pero non tivo a fortuna de ter fillos, nin lexítimos nin naturais, polo que acabou por afillar unha bisobriña.

Pasaron moitos anos ata que en 1953 volveu a Liripio, que seguía sen ter unha mala pista pola que poder acceder. De aí que en 1961 tivo contactos co gobernador de Pontevedra e co alcalde da Estrada D. Mario Blanco Fuentes para que fose construída, como podemos ver nunha carta que lle dirixiu ao alcalde e que se pode ler completa na *Miscelánea* nº 4 (páx. 113-114).

Nesa carta tamén di:

Outro meu desexo é que, unha vegada que se rematen os traballos da carreiteira, fagamos unha boa escola, dotada de tudolos elementos modernos, de xeito tal que sexa considerada como unha das mellores obras a prol dos nenos. Con todo ficará no mañán disa comarca, unha boa lembranza da súa Alcaldía e tamén do «americán» que cuasi é un home sin patria, pois eiqui na Arxentina eu son «o galego» e aí na miña Galicia son «el americano»... mais, eu sigo sendo un bo galego, un patriota galego de todo corazón.

En Liripio tamén custeou os gastos que supuxo a construción da igrexa parroquial.

Exerceu José un gran mecenado cultural. Así, por exemplo, foi el quen en 1952 pagou completamente a reedición do libro *Contiños da terra* do estradense García Barros, que se tiña editado en 1930 na Coruña e que agora se publicou na Arxentina. E na década dos oitenta tamén financiou a reedición de *Vagalumes Versos Galegos* do poeta de Codeseda Xosé Manuel Cavada Vázquez. Precisamente tamén foi promotor da volta á terra en 1962 dos restos mortais deste poeta, quen falecera 26 anos antes en terras andaluzas. Do solemne funeral que se celebrou nesa ocasión deu conta con detalle o citado artigo de Mario Blanco e Juan Andrés Fernández nesta prestixiosa revista *A Estrada, Miscelánea histórica e cultural*.

Era de carácter temperamental, quizais porque tivo que traballar moito para trunfar e destacar no mundo dos negocios sen axuda de ninguén. Tamén se formou intelectualmente de xeito autodidacta, como se desprende da redacción das cartas remitidas, entre outros, ao alcalde estradense Mario Blanco.

En Arxentina axudaba economicamente a veciños e a diversas institucións galegas, como o Centro Gallego. Amigo del era Alfonso Rodríguez Castelao e a súa esposa Virxinia. E dado que as ideas políticas que tiña Castelao non concordaban coas de José, un sobriño deste, chamado tamén José Fernández, preguntoulle un día a Castelao como era posible que fosen amigos tendo unha visión política tan diferente, e Castelao respondeu que, sempre que o necesitaba, José estendía un cheque, pero que outros, que dicían ter a mesma visión política ca el, non compartían nin un peso.

Tamén hai que dicir que nunha ocasión José ensinoulle a Castelao unha máquina de afeitar eléctrica que trouxera nunha viaxe a EEUU; a capacidade de asombro de Castelao, un xenio pero dunha sinxeleza de espírito fascinante, chamoulle a atención a José e a cantos o rodeaban. E meses máis tarde, cando se soubo que Castelao padecía dun cancro, tratou de levalo a EEUU para que fose tratado nun hospital americano, pero os médicos arxentinos dixéronlle que nada se podía facer por el, polo que declinou do seu empeño.

Amigo del era tamén o bispo auxiliar de Bos Aires, monseñor Tato, quizais por mor da súa xenerosidade. Cada vez que viña a España, o bispo acudía ao aeroporto a despedilo e mesmo nunha ocasión acompañouno por estas terras galegas.

En efecto, unha mostra da xenerosidade de José vémosla no seu testamento, que outorgou o 28 de maio de 1969 ante Luís F. Mullen en Bos Aires. Se ben deixou como herdeiras a súa muller Rosa ea a súa bisobriña Rosa Garrido Fernández, deixou entre outros os seguintes legados:

1. Un millón de pesos para a «Asociación de Lucha contra la Parálisis Infantil».
2. Un millón de pesos para a «Asociación de Lucha contra el Cáncer».
3. Un millón de pesos para el «Colegio Casa de Jesús».
4. Un millón de pesos para o «Centro Gallego de Buenos Aires».
5. Un millón de pesos para o «Hogar Gallego para Ancianos».

Hai que dicir que un millón de pesos daquela significaban uns 40.000 euros actuais.

Agradecemos, pois, con estas liñas o labor de José Fernández Caramés e doutros moitos emigrantes que co seu traballo, exemplo e bonhomía directa ou indirectamente axudaron a mellorar a vida dos seus veciños estradenses e demais galegos.



# Reloxos de torre no concello estradense

Luis Ferro Pego

leonvenera@hotmail.es

Manuel Puente Cabalar

relojeriapuente@hotmail.com

**Resumo.** Neste artigo falamos dos reloxos de torre que están espallados polo municipio estradense na torre da casa consistorial e nas igrexas da Estrada, Cereixo, Codeseda, Lamas e Vinseiro. Todos os reloxos teñen en común que son mecánicos, a pesares de que na actualidade moitos contan cun sistema electrónico.

**Abstract.** This article is about the tower clocks located in the town hall and in the churches of A Estrada, Cereixo, Codeseda Lamas and Vinseiro. All clocks have in common that they are mechanical, despite nowadays many of them have an electronic system.

No pleno de data 25 de outubro de 1889,

Observando la Corporación poca exactitud en la fijación de la hora en el reloj de esta villa, se acuerda: que se advierta al relojero encargado de su conservación la mayor puntualidad en este servicio, por los perjuicios e inconvenientes que trae la falta indicada.

Esta cita que recollemos do libro de actas dos plenos do concello da Estrada, confirmanos a antigüidade do reloxo da igrexa da parroquia de San Paio da Estrada. Estos reloxos, pola súa antigüidade, podemos catalogalos como bens de interese cultural e históricos, chegando a ser, sen dúbida, bens de interese patrimonial, converténdose nun sinal de identidade do pobo.

Por desgraza, estas xoias da relojería son substituídas pola chegada de novos aparellos electrónicos, que non teñen a calidade nin a durabilidade dos reloxos mecánicos.

Este artigo precisaba o asesoramento dunha persoa experta en reloxos de torre, e quen mellor que Manuel Puente Cabalar para realizar esta tarefa. Ademais de proceder dunha familia de reloxeiros,

e posuír unha tenda e taller de relojería e xoiería na vila da Estrada, é a persoa encargada do mantemento de varios reloxos públicos: velaí o reloxo da torre do concello desde fai 35 anos; o da torre da igrexa parroquial de San Paio desde o ano 1992 ata 2008, que se puxo electrónico; o do teleclub de San Pedro de Ancorados desde 1993 ata o 2013, ano no que instalan un reloxo electrónico; o da igrexa de Rivela, reloxo de parede; e, como non podía ser doutro xeito, os reloxos do Pazo de Oca, pertencentes á Fundación Casa Ducal de Medinaceli, desde o ano 1983. Velaquí que nos repartiremos o traballo: a fase máis complicada (que sen dúbida é a que trata a parte de enxeñería técnica, terminoloxía e funcionamento) corre a cargo de Manuel Puente. Mentras que as entrevistas cos señores curas párrocos, visita ás igrexas para facer as fotografías e revisión de documentación no Arquivo Municipal, arquivos parroquiais e Arquivo Histórico Diocesano de Santiago, quedarán a cargo de Luís Ferro.

O estudo que estamos a facer sobre os reloxos de torre do termo municipal da Estrada pon de manifesto que todos son mecánicos; ou polo menos o foron cando se instalaron por primeira vez. Temos reloxos de varias marcas ben diferenciados uns dos outros: así o antigo reloxo da igrexa de San Paio da Estrada, o de San Breixo de Lamas e o de Santa Cristina de Vinseiro son da famosa marca Viuda de Murúa, de Vitoria. Mentras que o da igrexa de San Xurxo de Cereixo é da marca Terrailon-Petitjean, de Perrigny-Francia. O da igrexa de San Xurxo de Codeseda é da Fábrica de Relojes Moisés Díez, de Palencia. O reloxo de torre da Casa do Concello da Estrada é da marca Manufacturas Blasco de Roquetas-Tarragona.

Imos facer unha pequena referencia ás diferentes marcas dos reloxos de torre, comenzando polos das igrexas parroquiais de San Paio da Estrada, San Breixo de Lamas e Santa Cristina de Vinseiro por ser os tres da mesma casa: marca Viuda de Murúa, Vitoria. Empresa familiar adicada á fabricación de reloxos de torre e de campanas. Fundada por Ignacio Murúa, enxeñeiro industrial, reloxeiro e campaneiro en 1854. Tivo distintos nomes: Lecea e Murúa entre 1859 a 1931, Hijos de Murúa ata 1947, Viuda de Murúa ata 1963 e, finalmente, só Murúa. Estaba ubicada en Vitoria.



Esta fábrica de reloxos públicos tiña catro modelos. 1. Reloxo de estación, con movemento e non soaba. Podía ter tres esferas de 50 cms, de diámetro. 2. Reloxo imperial de sonería de 200 m/m. Podía accionar o martelo da campana de 100 kgs. Con esfera de 80 cms. Tiña movemento sen sonería. Sonería de horas e medias. Sonería de horas e cuartos. 3. Reloxo imperial de sonería de 250 m/m. Podía accionar un martelo de campana de 300 kgs. Esfera ata de 1,50 mts. de diámetro. Movemento sen sonería. Sonería de horas e medias e sonería de horas e cuartos. 4. Reloxo imperial de sonería de 350 m/m. Podía accionar un martelo para campana de 800 kgs., esferas coma o anterior. Sonería de horas e medias e sonería de horas e cuartos.

En canto ás esferas, eran de chapa pintada ou esmaltada. De cristal pintado ou de cristal gravado. O marco podía ser de ferro fundido ou de ferro forxado. A numeración era en romanos ou arábica. Esta casa tamén fabricaba campás en forma de esquilón que fundían no propio taller.

- Reloxo da igrexa de Cereixo. Fábrica de reloxos Terraillon-Petitjean.

Louis Delphin Odobey instálase en 1868 en Quai Hospital de Morez (Francia) fundando a Sociedade Odebey-Cadet Reloxería mecánica e eléctrica monumental. Pasando a propiedade ó seu fillo Paul e despois a Lucien Terraillon, que se asocia con Petitjean en 1914 instalándose en Perrigny, Francia. Atopamos un manual de mantemento do relox, que por ser de gran interese publicámos íntegro.

«FABRICA DE RELOJERIA MONUMENTAL

de Pablo ODOBEY Hijo

L. TERRAILLON Y J. PETITJEAN, SUCESORES

PERRIGNY EN MOREZ-DEL JURA (Francia)

Indicación de los cuidados á dar al reloj.

Un engrase regular y la mayor limpieza en el mecanismo son precisas para asegurar la buena marcha del reloj.

El mecanismo ha de ser mantenido en el estado donde se encuentra el día de la instalación.

ENGRASE. Cada 15 días poner algunas gotas de aceite en las clavijas de la rueda de escape y en los rodamientos de los dientes de acero que sirven para hacer levantar el martillo.

Cada mes poner aceite en cada extremo de los ejes entre el junto del eje y el cojinete, así como en los costados de los pasadores, piezas de sonería y volantes.

Cada dos meses poner aceite en las poleas, ejes de los engranajes cónicos, palancas del martillo así mismo en los ejes de los rodajes puestos cerca de la esfera del mecanismo y por detrás de las esferas exteriores; en rozamientos de las palancas de sonería, en todos los anillos de tiro del martillo y en los muelles y trinquetes de los roquetos de dar cuerda y de los volantes.

Cada tres meses, es preciso quitar el aceite caído de las partes untadas. Así como el polvo en las piezas y rodajes del reloj. Estarán los dientes de las ruedas y piñones limpios con un trapo engrasado ó con un cepillo pequeño y lo mismo en todas las piezas bruñidas y los árboles o ejes.

Las gota de aceite viejo y unto han de ser quitadas con gran cuidado en las dentaduras.

Las manchas de orín han de ser quitadas y untadas.

**CUERDAS METÁLICAS.** Para asegurar una larga duración en las cuerdas metálicas y facilitar su roleo en los cilindros y poleas, dichas cuerdas estarán untadas en todo su largo y cada seis meses, por medio de un trapo empapado con cebo ó grasa pura sin sal.

Para evitar la rotura de las cuerdas sería preciso evitar los golpes al dar cuerda cuando llega la pesa por arriba ó sea parar el dar cuerda un poco antes de haber llegado la pesa arriba. Dichas tropezadas tienen por efecto de quebar los hilos de la cuerda y destorcerla.

**REGULACIÓN.** Se obtiene la regulación del reloj por medio de la tuerca puesta por debajo de la lenteja del péndulo. Una vuelta y medio de tuerca corresponde a un minuto de retardo ó adelante en 24 horas virando la tuerca a la izquierda del lado R marcado en la lenteja se hace retardar el reloj, y virando á la derecha del lado A, se hará adelantar el reloj.

**PUESTA A LA HORA.** La tuerca con alas puesta por delante de la máquina sirve para la puesta á la hora. Para hacer mover las agujas, destornillar la tuerca con alas y tomando por el engranaje pequeño vecino se hace virar las agujas en adelante para llegar á la hora deseada.; en seguida se apreta con fuerza la tuerca de alas. Para el engrase es preciso utilizar aceite especial sin acido y que no deje residuos.»

- Reloxo da igrexa de Codeseda. Procede da fábrica de reloxo de torre e fundición de campanas Moisés Díez, de Palencia. O primeiro propietario foi Eugenio Díaz Villanueva, que vendo as calidades que mostraba o seu fillo Moisés na profesión, tomou a decisión de enviálo a Suíza a perfeccionar os coñecementos de reloxeiro. No ano 1902 Moisés Díez Santamaría fíxose cargo do negocio e montou unha fábrica de reloxo e fundición de campás, ademáis de pararraios, que dotou da maquinaria máis moderna da época.

- Reloxo do concello da Estrada. Manufacturas de reloxos públicos Blasco, Roquetas (Tarragona). Cunha variada gama de modelos de reloxos: Reloxo de remontaxe electroautomático de movemento, só para esferas de 6 metros. Reloxo de 8 días de corda, de movemento só. Reloxo de remontaxe electroautomático, de horas con repetición de cuartos. Reloxo de remontaxe electroautomático de horas con repetición de medias. Reloxo de 8 días de corda, de horas con repetición de cuartos con elevadores auxiliares. Reloxo 8 días de corda, de horas con repetición de medias con elevadores auxiliares. Reloxo de 30 horas corda, de horas con repetición de cuartos con elevadores auxiliares. Reloxo de 30 horas de corda, de horas con repetición de medias con elevadores auxiliares. As esferas de cristal de lúa dunha soa peza con marco de ferro fundido e numeración arábica.

### **Reloxo da torre do concello da Estrada**

Na torre da Casa do Concello sita na Praza da Constitución no centro da vila da Estrada, vense as dúas esferas dun reloxo de torre con numeración arábica. Unha mira cara á Praza da Constitución e a outra á rúa Benito Vigo. Da marca Manufacturas Blasco, de Roquetas, Tarragona.

Con data de 10 de xullo de 1969, o alcalde do concello estradense don Mario Blanco Fuentes faille unha petición de orzamento para mercar un reloxo para a torre da casa do Concello á empresa Manufacturas Blasco de Roquetas en Tarragona.

Por atopalo de interese reproducimos o Pleno Sesión Ordinaria celebrada o día 27 de abril de 1970. Adoptou entre outros os seguintes acordos:

5º MOCIÓN DE LA ALCALDÍA SOBRE ADQUISICIÓN DE UN RELOJ PÚBLICO PARA EL PALACIO MUNICIPAL.= Por el Sr. Alcalde-Presidente se da cuenta al Pleno de la conveniencia de adquirir un reloj para instalador en la Casa Consistorial, en dicho lugar existió siempre el hueco para instalar el reloj, así como la forma interior del edificio está concebidas para tal fin. Existiendo solamente un reloj público en la Villa situado en la Iglesia muy antiguo, se cree conveniente que con la reforma del Palacio Municipal se instale un reloj eléctrico con carillón, que resaltaría la belleza del edificio y prestaría un indudable servicio al Pueblo. El Pleno acuerda por unanimidad aceptar la



propuesta del Sr. Alcalde y que se redacten las bases para el concurso correspondiente.

Y para que quede constancia en el expediente, expido la presente certificación visada por el Sr. Alcalde, de La Estrada a cuatro de mayo de mil novecientos setenta.

Con data 19 de maio de 1970 o Sr. Alcalde publica o prego de condicións.

OBJETO DEL CONTRATO. Tiene por objeto el presente, la adquisición mediante concurso de un reloj con carrillón para ser instalado en la torre de la Casa Consistorial en el hueco existente para tal fin.

El reloj será de remontaje electro-automático, pero no obstante llevará una manivela para poder dar cuerda si fuera necesario a mano.

Constará de dos esferas de un diámetro de 80 centímetros, con números árabes y su construcción permitirá tenerla iluminada de noche.

La sonería se adaptará mediante varillas con un equipo amplificador y altavoces. Las campanadas de las horas será con repetición, dando igualmente las medias.

Al dar las 8; 12 y 20 sonará el carrillón con la partitura musical que figura unida al presente pliego.

**DURACIÓN DEL CONTRATO.** El reloj deberá estar colocado dentro de los cuatro meses siguientes a la fecha de adjudicación definitiva. La colocación será a cargo de la Empresa adjudicataria en cuanto a instalación y montaje del reloj.

**GARANTÍA.** Se fija como garantía provisional el 2 por 100 del tipo de licitación y definitiva el 4 por 100.

Independientemente de la garantía a que se refiere el punto anterior, los licitadores deberán fijar aquella que garantice los defectos de construcción tanto de la maquinaria como de las demás partes del reloj.

**TIPO DE LICITACIÓN.** Se fija como tipo de licitación la cantidad de 120.000 pesetas a la baja.

**FORMA DE PAGO.** El pago se efectuará dentro de los sesenta días siguientes a la colocación del reloj, coincidiendo con la recepción provisional.

**RECEPCIÓN DEL RELOJ.** La recepción provisional se hará dentro de los sesenta días de la colocación, debiendo transcurrir cuatro meses como mínimo para la recepción definitiva».

No pleno do 21 de maio de 1970 dase conta da publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 123 de 1º de xuño de 1970. Onde dí:

LA ESTRADA. EDICTO. Por el ayuntamiento Pleno en sesión celebrada el 21 de mayo, se aprobó el pliego de condiciones para la adquisición por concurso de un reloj para instalar en la Casa Consistorial, lo que se hace público según determina el reglamento de Contratación durante el plazo de 8 días a efectos de posibles reclamaciones. La Estrada 23 de mayo de 1970. El Alcalde, Mario Blanco Fuentes.

Ó non presentarse ningunha reclamación e con data 18 de agosto de 1970, ten lugar a apertura do concurso; ó que unicamente se presenta unha empresa: D. Francisco Tafalla Curto en representación de dona Leonor Escola Filela, Vda. de José Blasco Bosch de Roquetas, Tarragona, por un reloxo Modelo Nº 1 con sonería de horas con repetición e medias, por un precio de 151.390 pesetas.

No Pleno Sesión Ordinaria de 27 de outubro de 1970, acontece a adxudicación definitiva do concurso para a instalación dun reloxo na torre da Casa Consistorial:



Máquina do reloxo.

Modelo do reloxo. Nº 1, con sonería de horas con repetición e medias, funcionamento por remontaxe electro-automático das pesas, para darse corda a el mesmo por medio de motor monofásico de 1/4 cv.

A roda imperial da sonería mide 230 mm. de diámetro e está provista de transmisión vertical, sendo o peso neto do reloxo sen ningún accesorio de 88 Kg.

Construción: a base está formada por dúas barras de perfil angular unidas en dúas pezas de fundición. O conxunto forma catro pés, os que, ao igual que as dúas frontes, son de fundición. Construído para darse corda automaticamente a si mesmo por medio do motor monofásico de 1/4cv acoplado ó reloxo e un redutor de velocidade, e provisto dunha manivela para darlle corda a man se faltase a luz, malia ter unha reserva de 24 horas de corda.

Todas as rodas agás a auxiliar de dar corda son de bronce, cruzadas en cinco brazos. Os piñóns e eixos son de aceiro Siemens. Os contactos das palancas de tiro, detectores e outras pezas suxeitas a

roce están convenientemente temperadas. Os coxinetes de todos os eixos son de bronce.

Con data 23 de marzo de 1971 e sendo Alcalde don Jesús José Fernández-Novoa Rodríguez, Manufacturas Blasco presenta unha factura ó concello por colocación do relox, onde queda reflectido o seguinte:

Por la construcción e instalación de un reloj público y carrillón con su correspondiente equipo amplificador en la Casa Consistorial, según el siguiente detalle:

Reloj nº 1, con sonería de horas con repetición y medias, toque sobre juego de 2 varillas montadas en soporte y caja de resonancia con sus correspondiente martillo doble, funcionamiento de REMONTAJE ELECTRO-AUTOMÁTICO para darse cuerda a sí mismo por medio de un motor monofásico de ¼ CV, cuya rueda imperial de la sonería mide 230mm. provisto de transmisión vertical y dotado de dos esferas exteriores de cristal de una pieza con marcos de hierro de perfil T de 0,75 mts., e incluidos así mismo todos los accesorios precisos para su instalación.

Máquina-carrillón para toque de melodía elegida tres veces al día, incluido juego de cuatro varillas afinadas y correspondientes martillos montados en armazón y caja de resonancia.

Equipo amplificador (para el reloj y el carrillón indistintamente) compuesto de 2 micros, estabilizador de corriente y 6 altavoces, e incluidos dispositivos de puesta en marcha y parada del equipo amplificador y carrillón debidamente acoplados al reloj.


Total 147.410 pesetas. 2,70% Impuesto Tráfico Empresas 3.980 pesetas haciendo un total de 151.390 pesetas.

Manufacturas Blasco de Reloxos Públicos, fai un pago de 3.200 pesetas por fianza provisional o día 8 de agosto de 1970 e envía un xiro postal o día 12 de novembro de 1970 de 3.200 pesetas, que fan 6.400 pesetas de garantía definitiva.

O Pleno da Sesión Ordinaria celebrada o día 23 de xuño de 1971 adoptou, entre outros, o acordo seguinte: *Informe da Comisión sobre o relox público*.

Dáse conta do informe emitido pola comisión nomeada o efecto pola Comisión Municipal Permanente na sesión celebrada o día 20 do pasado mes de abril, na que se manifesta que examinado o relox colocado na Torre da Casa Consistorial funciona perfectamente en canto á parte da maquinaria se refire; con todo, atópanse algunhas deficiencias no sonido, o cal deu lugar ó acordo coa casa submis-





Esfera interior.

tradora e á intervención do técnico local D. Urbito Terceiro no que respecta á parte eléctrica, quen estaba procedendo ó arranxo das averías observadas. Por ser estas avarías de escasa importancia considerou que non existía inconveniente en recibir provisionalmente o reloxo.

O Pleno, tendo en conta o mencionado informe, acordou por unanimidade recibir provisionalmente o reloxo da Casa Consistorial e abonar á viuva de D. José Blasco Bosch, de Roquetas, a primeira metade do total do importe do referido reloxo, tal e como se estipulaba na cláusula terceira do contrato. Esta cláusula di: «El precio del reloj, con cuantos accesorios se detallan en el presente contrato, será de CIENTO CINCUENTA Y UNA MIL TRESCIENTAS NOVENTA PESETAS (151.390), que el ayuntamiento de La Estrada pagará a la Viuda de José Blasco Bosch en la forma siguiente: La mitad de dicho importe una vez instalado el reloj y el resto dentro de los seis meses siguientes a su instalación, cantidades que serán remitidas por transferencia bancaria a la cuenta corriente de Manufacturas Blasco en el Banco Popular Español, Sucursal en Roquetas».

O concello, o día 28 de xullo de 1971, fixo o primeiro pagamento por transferencia que ingresou na conta corrente de Manufacturas

Blasco no Banco Popular Español, sucursal en Roquetas, por un valor de 75.644,80 pesetas. E con data 11 de decembro do mesmo ano achégalle un escrito a Manufacturas Blasco facéndolle saber que non é posible enviarlles o resto que queda pendente do reloxo e carrillón instalado na Casa do Concello, por canto D. Urbito Terceiro segue sen reparar as instalacións eléctricas, malia as veces que o señor alcalde o tiña avisado. Tranquiliza á empresa comentándolle que o pagamento farase inmediatamente arranxada a avaría.

Blasco Manufacturas de reloxos públicos, o día 18 de maio de 1974, remite unha carta ó señor alcalde-presidente do concello, poñendo no seu coñecemento que o Sr. Terceiro lle informara que deixara solventado o toque do reloxo-carillón, e solicitaba lle liquidasen o que quedara pendente do pagamento, solicitando a devolución da fianza ingresada para o concurso, que ascendía a 6.400 pesetas.

Polo que semella, o reloxo tivo moitos atrancos coa sonorización debendo recorrer o alcalde en novembro de 1992 a solicitar orzamentos. Acudiron á oferta tres casas: Electrodomésticos Radio TV. Urtesa, Ricardo Comercial Electrónica S. L. e Sonido Elisson Iluminación, sendo adxudicado o orzamento da sonorización do reloxo da torre da Casa Consistorial –por ser o máis barato– a Ricardo Comercial Electrónica S. L. en 195.292 pesetas máis I.V.E., isto é: 224.585 pesetas.

Este reloxo está revisado baixo a atenta supervisión dun gran reloxeiro, Manuel Punte Cabalar, dando comezo o seu labor o día 4 de decembro de 1986 e chegando ata a actualidade.

Con data 10 de abril de 2016, un raio fixo unha fenda na cúpula do edificio do concello, alcanzando o reloxo: esnafrou as dúas esferas minuteiras, as agullas e o sistema eléctrico. Ante os grandes orzamentos que chegaron ó concello para reparar o reloxo, non quedou outra que botar man do prestixioso reloxeiro Manuel Punte para que se fixera cargo do mesmo, saíndo a reparación bastante máis económica.

Atópase o reloxo no alto da torre do concello, e descansa sobre unha estrutura de metal en aceiro inoxidable ancorada ó chan.



## Reloxo de torre da igrexa parroquial de San Paio da Estrada

No frontispicio da igrexa parroquial de San Paio da Estrada, vemos a esfera dun reloxo de torre con numeración romana da marca Murúa de Vitoria. Accédese á maquinaria do reloxo desde o interior do templo, por unha porta que está a carón da entrada principal interior da igrexa: atopámonos logo cun estreito pasadizo que, tras subir 28 chanzos gastados polo paso dos anos, conducen ata o primeiro andar; desde este baixamos tres chanzos para començar a subir de novo 49 máis, que fan un total de 80. Neste percorrido acompañoume o

señor cura párroco don José Antonio Ortigueira, que cunha axilidade e velocidade asombrosa, subía coma un rapaz, deixándome descolgado e medio asfixiado. Así e todo cheguei ata onde se atopa a vella maquinaria do reloxo, no segundo andar. Despois de retirar un plástico que cubría o reloxo e sacar unhas tellas que o suxeitaban para que o vento non o deixase ó descuberto, apareceu a maquinaria do vello reloxo. O estado en que se atopa é ruinoso, con moita ferruxe. Fáltanlle algunhas pezas e outras están rotas: a esfera interior está escachada e, curiosamente, levaba gravado o nome de Manuel Constenla, La Estrada. Digo que é curioso que apareza este nome na esfera, pois todos sabemos que debería poñer Viuda de Murúa-Vitoria, mais non e así: isto débese, posiblemente, a que cando se trasladou o reloxo da igrexa vella para depositalo no concello (e despois instalalo na nova igrexa) puido terse roto; ou mesmo estar

estropeado, o que aconsellaría repoñelo. Foi o encargado de facer este traballo o reloxeiro Manuel Constenla. Así e todo, penso que o reloxo pode ser recuperable.

Este reloxo estaba instalado con anterioridade na antiga igrexa parroquial de San Paio de Figueiroa, A Estrada, de onde foi retirado no ano 1936 pola venda da igrexa vella a un particular. Así, na Sesión Supletoria do día 23 de xuño de 1936, dise:

La Corporación Municipal, en consideración a que se impone el traslado del reloj público, por el propietario que adquirió la Iglesia vieja, en donde estaba; se acuerda recoger las piezas y aparato de que se compone y depositarlo en la Consistorial, para destinarlo luego a donde sea conveniente.

A decisión da nova ubicación do reloxo foi tomada na sesión de 27 de xaneiro de 1937, onde se nos informa:

Reloj Público. Se acuerda, instalar el reloj público, cuyas piezas están en la Consistorial [...] desmontarlo y retirarlo del edificio de la iglesia vieja, propiedad de un particular, en la Iglesia Nueva a cuyo efecto se encarga al relojero D. Manuel Constenla; y conservando siempre la propiedad de tal reloj el Ayuntamiento.

Para a instalación do reloxo na igrexa nova fixo falta encargar unha esfera en lúa á Unión Cristalera (sesión 27 marzo 1937) que foi pagada polo concello, así como os xornais, quedando instalado definitivamente en abril de 1937 (sesión 15 abril).

O reloxo da igrexa nova da Estrada é propiedade do concello: en varias sesións plenarias así se confirma. Tamén sabemos que o primeiro reloxeiro foi Manuel Constenla, ademais de ser o encargado de instalar o reloxo na igrexa nova no ano 1937. E temos a seguridade de que entre 1957 e 1964 o reloxeiro encargado do reloxo era Manuel Oliveira Ruza, según os datos consultados nos libros de actas das sesións plenarias do Concello Estradense ata o ano 1964.

Son moitos os anos en que nos libros de actas das sesións plenarias non se cita o nome do reloxeiro e empréganse no seu lugar os de «encargado» ou «conservador». Estas persoas tiñan un soldo do concello, que era o responsable de custear as pezas precisas para arranxo da maquinaria, como propietario do reloxo público instalado na igrexa parroquial de San Paio da Estrada.

Así, na Sesión de 7 de decembro 1881,

del mismo modo se acuerda satisfacer a D. Manuel Constenla, y del capítulo de imprevistos, ochenta pesetas, cantidad en que se convino con el mismo anualmente la conservación del reloj público de esta Villa.

Sesión de 27 de decembro 1882:

que se satisfaga al relojero D. Manuel Constenla, su subvención de ciento veinticinco pesetas, con aplicación al cap. 1º, art. único por conservación, limpieza y cuerda, del reloj de la villa correspondiente al año anterior.

A Corporación Municipal non debía estar moi contenta co traballo do reloxeiro señor Constenla, e non dubidou en cesalo e poñer no seu lugar a Andrés Gómez.

Sesión de 28 de outubro de 1885:

En vista de lo desarreglado que tantas veces anda el reloj de la villa y también el de esta sesión consistorial, se acordó dejar sin efecto el nombramiento hecho a favor de D. Manuel Constenla y nombrar en su lugar a D. Andrés Gómez, a los que se haga saber por medio de oficios, y que entregue las llaves aquel a este.

De todos os xeitos non tardou a Corporación en repoñer o reloxeiro señor Constenla. E así no ano 1887 dinos:

Sesión de 8 de xullo de 1887:


Se acuerda que del capítulo de imprevistos del presupuesto de mil ochocientos ochenta y seis a ochenta y siete, cuyo período de ampliación se halla abierto, se satisfaga al relojero D. Manuel Constenla sesenta y dos pesetas y media, importe de su semestre vencido el 30 de junio último, por su trabajo de cuidar y limpiar el reloj de la torre del pueblo.

A partir de esta data e ata o ano 1953 veremos citado ó señor Constenla como reloxeiro, ó que se lle asignará un soldo do orzamento do concello.

Estas son as sesións plenarias do concello da Estrada, onde quedan expostos, os pagamentos os reloxeiros.

Sesión do 16 de decembro de 1887:

A D. Manuel Constenla, encargado de la conservación del reloj de la villa, un semestre que vence el mismo día, a razón de ciento veinticinco pesetas del capítulo de imprevistos, tan luego haya fondos disponibles en este concepto autorizados en forma.



Máquina do reloxo da igrexa de San Paio.

Sesión de 14 de decembro de 1888:

A D. Manuel Constenla sesenta e dos pesetas e cincuenta céntimos por los seis últimos meses, con aplicación al capítulo de imprevistos.

Sesión do 7 de xuño de 1889:

A D. Manuel Constenla 62 pesetas e 50 céntimos, por los seis últimos meses en aplicación al capítulo de imprevistos.

Sesión de 25 de outubro de 1889:

Observando la Corporación poca exactitud en la fijación de la hora en el reloj de la villa, se acuerda; que se advierta al relojero encargado de su conservación la mayor puntualidad en este servicio, por los perjuicios e inconvenientes que trae la falta indicada.

Sesión do 18 de xuño de 1890:

A D. Manuel Constenla 62 pesetas e 50 céntimos por la gratificación del medio año por conservar y dar cuerda al reloj de la villa, con cargo al art. 8 cap. 9.

Sesión de 12 de decembro de 1891:

Se acuerda satisfacer a D. Manuel Constenla 62 pesetas y 50 céntimos por seis meses que vencen al treinta y uno del corriente, y gratificación otorgada por la conservación del reloj de la villa.

Sesión do 18 de xuño de 1892: Cap. 11 Artículo único.

A D. Manuel Constenla 62 pesetas y 50 céntimos por su gratificación de conservación y cuerda al reloj de la villa, correspondiente al actual semestre.

Sesión de 10 de decembro do 1892: Cap. 3º. Art. 7:

1º semestre al conservador del reloj.

Sesión do 17 de xuño de 1893. Cap. 3º Art. 11:

Al conservador del reloj de esta villa, el importe del 2º semestre del corriente ejercicio.

Sesión do 2 de decembro de 1893. Cap. 3º. Art.11:

Al conservador del reloj de esta villa el importe del 1º semestre del corriente ejercicio.

Sesión do 2 de xuño de 1894. Cap. 3º. Art.11:

Al conservador del reloj de esta villa, el importe del 2º semestre del corriente ejercicio.

Sesión de 22 de decembro de 1894:

Al conservador del reloj de la villa, el importe del 1º semestre del corriente ejercicio.

Sesión do 8 de xuño de 1895:

Al conservador del reloj de esta villa, el importe del 2º semestre del corriente ejercicio.

Sesión de 20 de decembro de 1895. Cap. 3º. Art.11:

Al conservador del reloj de esta villa el importe del 1º semestre del corriente ejercicio.

Sesión do 19 de xuño de 1896:

Al conservador del reloj de esta villa el importe del 2º semestre del corriente ejercicio.



Sesión do 18 de decembro de 1896. Cap. 3º. Art.11:

Al conservador del reloj de esta villa el importe del 1º semestre del corriente ejercicio.

Sesión do 11 de xuño de 1897. Cap. 3º. Art. 11:

Al conservador del reloj el importe del 2º semestre.

Sesión do 11 de decembro de 1897:

Al conservador del reloj de la villa el importe del primer semestre vencido.

Sesión de 4 de xuño de 1898:

Al conservador del reloj 62 pesetas y 50 céntimos.

Sesión do 24 de decembro de 1898:

Al conservador del reloj de la villa el importe del 2º semestre.

Sesión do 10 de xuño de 1899. Cap. 4º. Art. 11:

Al conservador del reloj de la villa el importe del 2º semestre.

Sesión de 13 de decembro de 1899. Cap. 3º. Art 11.

Al conservador del reloj público el importe del 1º semestre.

Sesión do 22 de xuño de 1900. Cap. 3º. Art. 11:

Al conservador del reloj de la villa el importe del 1º semestre de su gratificación.

Sesión de 5 decembro. 1900, Cap. 3º:

Al conservador del reloj el importe del 2º semestre de su gratificación.

Sesión de 21 de xuño de 1901. Cap. 3º. Art. 11:

Al conservador del reloj de la Capital su haber del 1º semestre.

Sesión do 4 de decembro de 1901. Cap. 3º. Art. 11:

Al encargado de la conservación del reloj de la villa, el importe del 2º semestre.

Sesión do 4 de xuño de 1902:

Al conservador del reloj de la villa el importe de su haber del 2º semestre.

Sesión do 24 de decembro de 1902:

Al encargado de la conservación del reloj de la villa el importe del 2º semestre.

Sesión de 10 de xuño de 1903. Cap. 3º. Art. 11:

Al relojero conservador del de la villa, el importe del 1º semestre.

Sesión do 16 de decembro de 1903. Cap. 3º. Art. 11:

Al conservador del reloj de la villa el importe de 2º semestre.

Sesión do 18 de xuño de 1904. Cap. 8º:

Conservador reloj 62 pesetas y 50 céntimos.

Sesión do 24 de decembro de 1904:

Relojero 62 pesetas y 50 céntimos.

Sesión de 8 de xullo de 1905:

Al conservador del reloj el importe de 1 e 2º trimestre 62 pesetas y 50 céntimos.

Sesión de 7 de decembro de 1905:

Al conservador del reloj de la villa 62 pesetas y 50 céntimos.

Sesión de 13 de xuño de 1906. Cap. 3º:

Encargado del reloj de la villa 62 pesetas y 50 céntimos.

Sesión do 7 de decembro de 1906. Cap. 3º:

Al conservador del reloj de la Villa 62 pesetas y 50 céntimos.

Sesión do 7 de xuño de 1907. Cap.3º:

Al encargado del reloj de la villa 62 pesetas y 50 céntimos.

Sesión do 13 de decembro de 1907. Cap. 3º:

Al conservador del reloj 62 pesetas y 50 céntimos.

Sesión do 3 de xuño de 1908. Cap. 3º:

Al conservador del reloj por el 1º y 2º trimestre 62 pesetas y 50 céntimos».

Sesión do 25 de decembro de 1908. Cap. 3º:

Al encargado de la conservación del reloj el importe del 2º semestre 62 pesetas y 50 céntimos.

Sesión do 18 de xuño de 1909. Cap. 3º:

Al conservador del reloj de la villa 62 pesetas y 50 céntimos.

Sesión do 13 de decembro de 1909. Cap. 3º:

Al conservador del reloj de la capital, el 2º semestre 62 pesetas y 50 céntimos.

Sesión de 4 de xuño de 1910. Cap. 3º:

Al conservador del reloj 62 pesetas y 50 céntimos.

Sesión do 24 de decembro de 1910. Cap. 3º:

Al encargado de la conservación del reloj de la villa el importe del 2º semestre de su dotación 62 pesetas y 50 céntimos.

Sesión do 19 de xuño de 1911. Cap. 3º:

Al conservador del reloj, en dotación del 1º semestre 65 pesetas.

Sesión do 4 de decembro de 1911. Cap. 3º:

Al conservador del reloj de la villa el importe del 2º semestre 62 pesetas y 50 céntimos.

Sesión de 24 de xuño de 1912. Pagamentos. Art. 11:

Al conservador del reloj de la villa, el importe del 1º semestre 62 pesetas y 50 céntimos.

Sesión do 21 de decembro de 1912. Pagamentos. Cap. 3º:

Al conservador del reloj de la villa el importe del 2º semestre 62 pesetas y 50 céntimos.

Sesión de 2 de xuño de 1913. Pagamentos. Capítulo 3º:

Al conservador del reloj de la villa, el importe del 1º semestre 62 pesetas y 50 céntimos.

Sesión do 22 de decembro de 1913. Pagamentos. Capítulo 3º:

Al conservador del reloj del pueblo importe del 2º trimestre 62 pesetas y 50 céntimos.

Sesión do 30 de maio de 1914. Pagamentos. Capítulo 3º:

Al conservador del reloj el importe del 1º semestre 62 ptas 50 ctmos.

Sesión de 12 de decembro de 1914. Pagamentos. Capítulo 3º:

Al conservador del reloj, el importe de 62 ptas y 50 ctmos.

Sesión do 5 de xuño de 1915. Pagamentos. Capítulo 3º:

Al conservador del reloj de la villa el importe del 1º semestre 62 ptas 50 ctmos.

Sesión do 13 de decembro de 1915. Pagamentos. Capítulo 3º:

Al conservador del reloj de la villa, el importe del 2º semestre 62 Ptas y 50 cetmos.

Sesión de 8 de outubro de 1916. Pagamentos. Capítulo 3º:

Al conservador del reloj de la villa por su dotación del 1º semestre 62 ptas y 50 Ctmos.

Sesión do 17 de decembro de 1916. Pagamentos. Capítulo 3º:

Al conservador del reloj de la villa 62 pesetas y 50 céntimos.

Sesión do 20 de novembro de 1917. Pagamentos. Capítulo 3º:

A don Manuel Constenla conservador del reloj de la Villa, por su dotación del primer semestre 62 Ptas y 50 Ctmos.

Sesión de 29 de decembro de 1918:

Al conservador del reloj la asignación de 125 pesetas.

Sesión do 6 de setembro de 1918:

Al encargado de la conservación del reloj de la Villa, por resto del año anterior 62,50; y por el actual.

Sesión de 9 de xullo de 1922. Pagamentos:

Al conservador del reloj del pueblo, 125 pesetas.


Sesión ordinaria de 5 de xullo de 1931:

Reloj Público; En vista de escrito del encargado del Reloj Público de esta Villa, se acuerda que dicho Sr. presente un presupuesto de las reparaciones que sean

necesario realizar para su normal funcionamiento, incluso el arreglo de la cabina.

Sesión Supletoria do día 23 de xuño de 1936.

La Corporación Municipal, en consideración a que se impone el traslado del reloj público, por el propietario que adquirió la Iglesia vieja, en donde estaba; se acuerda recoger las piezas y aparato de que se compone y depositarlo en la Consistorial, para destinarlo luego a donde sea conveniente.



Pleno con data 12 de xullo de 1936, dinos.

Reloj Público. Acudiendo a los ruegos de una Comisión de propietarios y comerciantes del pueblo que días pasados fue emitida por los Sres. Coto y Rodríguez, se acuerda colocar el reloj público que fue preciso retirar de la iglesia vieja por exigencias del propietario, a la nueva iglesia, siempre que los gastos sean de cuenta de la indicada Comisión y debiendo extenderse acta con el Sr. Cura y que intervengan también los Sres. de la misma Comisión y se consigne que continua el reloj propiedad del Ayuntamiento, y por tanto podrá retirarlo de la iglesia cuando lo crea conveniente.

Sesión de 27 de xaneiro de 1937:

Reloj Público. Se acuerda, instalar el reloj público, cuyas piezas están en la Consistorial [...] desmontarlo y retirarlo del edificio de la iglesia vieja, propiedad de un particular, en la Iglesia Nueva a cuyo efecto se encarga al relojero D. Manuel Constenla; y conservando siempre la propiedad de tal reloj el Ayuntamiento.

Sesión de 27 de marzo de 1937. Contas:

A la Unión Cristalera por una esfera, en luna para el reloj público 125 Ptas.

### Sesión de 15 de abril de 1937:

Por jornales con motivo de instalación del reloj público en la iglesia parroquial nueva, semana del 29 de marzo al 3 de abril 63,75 Ptas.

### Pleno de 7 de outubro de 1946:

Aumento sueldo empleados municipales. Encargado de reloj público 720 Ptas.

Pasan os anos sendo o reloxeiro do mantemento do reloxo da Vila don Manuel Constenla; e non será ata o ano 1953 cando nos libros das Sesións dos Plenos do Concello apareza o nome dun novo reloxeiro, o señor Oliveira Ruza.

### Sesión Ordinaria, Pleno do 8 de xaneiro de 1953:

A Don Manuel Oliveira Ruza, por arreglo del reloj de la Iglesia Parroquial 60 Pesetas.

### Pleno do 21 de agosto de 1957:

A Don Manuel Oliveira Ruza encargado reloj público, pagas extraordinarias de 18 de julio y navidad, 208 pesetas y 32 céntimos.

### Sesión Extraordinaria do 8 de febreiro de 1958:

A Manuel Oliveira, encargado eventual reloj público, extras de julio y navidad 208 pesetas, 32 céntimos.

### Sesión extraordinaria de 31 de marzo de 1960:

A Manuel Oliveira Ruza, reparación reloj de la Villa 40 pesetas.

### Sesión ordinaria de 27 de abril de 1962:

Instancia encargado del reloj, aumento gratificación.

### Segunda sesión extraordinaria de 25 de marzo de 1963:

A D. Manuel Oliveira Ruza encargado del reloj público, diferencias dejadas de percibir. Pleno 27 de abril 1964.

### Sesión ordinaria de 27 de abril de 1964:

A D. Manuel Oliveira Ruza por una pieza para el reloj público 100 pesetas.

### Sesión extraordinaria de 31 de octubre de 1964:

Haberes del encargado del reloj público 563 pesetas

Ata aquí a consulta que se fixo nos libros de Actas dos Plenos do concello.

No ano 1993 mercouse un reloxo francés electrónico a través dunha casa de Bilbao. Conserva a mesma esfera tendo que cambiar a maquinaria e as agullas. Dá as horas cunha maza electromecánica que golpea a campá. Repite as horas dúas veces e as medias unha.

En agosto do ano 2016 un raio causou danos no reloxo electrónico e noutras instalacións da igrexa.

Este reloxo, o reloxo da Vila (como se cita nos libros das actas das Sesión Plenarias do Concello) é o máis antigo de todos os reloxos de torre que temos no término municipal. Ten máis de 140 anos e forma parte do noso acervo histórico. E debería estar depositado no Museo do Pobo Estradense como unha mostra de identidade do noso pobo, en vez de podrecer no segundo andar da igrexa da Estrada sen que ninguén mire por el.

## **Reloxo de torre da igrexa parroquial de San Xurxo de Cereixo**

Visitamos a igrexa de San Xurxo de Cereixo, que se atopa moi ben conservada e restaurada, onde podemos admirar bancos, pisos, chans e varandas de madeiras nobles, o que fai desta igrexa-santuario unha xoia da arquitectura relixiosa da nosa contorna.

No Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela, nun documento de 1904, consérvase un alzado da fachada firmado con data 15 de setembro polo axudante de camiños Bonifacio Vázquez, onde hai debuxado un reloxo no sitio onde se atopa hoxe. No cadro de prezos que se asignan a diferentes unidades da obra, figura no nº 17 «Hueco de la esfera para el reloj quince pesetas».

Coa autorización do señor cura párroco, o reverendo don Rubén Diéguez Gutiérrez, consultamos a pouca documentación que se conserva sobre este magnífico reloxo.

A primeira noticia documentada sobre o reloxo de torre da igrexa de San Xurxo de Cereixo, aparece consultando o libro de esmolos para San Xurxo de Cereixo, que comeza no ano 1896. Dinos o reitor parroquial don Ramiro Moreira Filloi na páxina 41:





Igrexa parroquial de San Xurxo de Cereixo.

Cuenta de la limosna recibida en el Santuario de Cereijo en 1924. Gastos; Pagado reloj en fábrica 3.776 pesetas.

Poucos datos se reflicten no libro sobre o reloxo de torre; tan só unha breve nota do ano 1928: «Por cuidar el reloj 60 pesetas».

Non temos máis novas do devandito reloxo ata o ano 1983, cando o cura párroco don Manuel Villar Cortizo enumera entre os gastos:


Limpieza y arreglo del reloj, por D. José Alén Pereiras, 50.000 Ptas.

No ano 1985 de novo o mesmo reitor parroquial dá as contas:

Reparaciones en la esfera del reloj iglesia de Cereijo. Pavimento, plazoleta delante de la puerta grande y tres ventanas en la Sacristía de la iglesia Cereijo 100.000 Ptas.

E ata aquí é todo o que atopamos no libro de esmolos de San Xurxo de Cereixo.

No frontal da igrexa parroquial de San Xurxo de Cereixo, nun círculo con moldura alóxase unha esfera dun reloxo de torre con numeración romana. Á máquina do reloxo accédese polo interior do templo: subimos ó coro por unhas cómodas escaleiras e, desde aquí,



Maquinaria do reloxo de Cereixo.

tomamos a porta da nosa dereita para despois de subir por un estreito pasadizo con escaleiras mui curtas. Ao fin, chegamos ó cuarto onde se conserva –en moi boas condicións– a maquinaria do reloxo.

Unha vez na cámara vemos a máquina do reloxo, con armazón de ferro fundido, cheo de engrenaxes. Ó fronte colga o péndulo. Se o miramos polo outro lado, unha esfera piloto permite poñelo en hora sen necesidade de ver as agullas da esfera do exterior. Na esfera atópase a seguinte inscrición: Terrailon-Petitjean e na parte baixa Perrigny.

A maquinaria do reloxo, está aparafusada ó bastidor ou armazón; este é de ferro fundido e a súa forma a de cama plana.

Unha varilla sae do reloxo en dirección á porta de entrada. Desde aquí unha escuadra faino xirar á dereita por medio doutra engrenaxe con varilla. Estas transmisións son as minuteiras que dan movemento ás agullas exteriores do reloxo.

Un aramio esténdese desde a caixa do reloxo ata chegar ó campanario, onde acciona o martelo que fai soar a campá.

Dous cables de aceiro saen da caixa do reloxo, atravesan a parte superior por riba de poleas e logo introdúcense nun burato. Alí ató-



Reloxo da igrexa de Cereixo.

panse as pesas do reloxo, que son as encargadas de darlle enerxía para o funcionamento cando se lle dá corda; e o mesmo para a sonería.

Reloxo de dous trens: o tren son as engrenaxes e están suxeitas ó bastidor de ferro fundido. O primeiro tren é coñecido como tren de marcha: este é o que move as agullas do reloxo; neste tren está suxeito o tambor. O segundo é coñecido como tren de sonería e é o encargado do toque das

horas. Cada tren é movido por un peso ó final dun aramio de aceiro arrolado no tambor. No tambor hai un cadrado para enganchar a manivela manual para darlle corda ó reloxo.

Desde o coro da igrexa tomamos a porta que queda a nosa esquerda, subimos por unhas escaleiras estreitas e empinadas e chegamos ó campanario. Aquí está a campá onde o mazo ou martelo do reloxo a fai soar, facéndolle chegar ós fregueses e veciños as sinais horarias. Esta foi fabricada na fundición de campás de Liste, en San Pedro de Orazo.

Como xa queda dito, o tren da sonería é o encargado de que o martelo descargue con forza sobre a campá e soen as badaladas.

Na actualidade a persoa encargada de que o reloxo da igrexa de Cereixo esté ben limpo, aceitado e en perfecto estado de conservación e funcionamento é o veciño da parroquia Gonzalo Louzao, que compatibiliza este traballo altruísta co de concelleiro de urbanismo do concello da Estrada.



### **Reloxo de torre da igrexa parroquial de San Xurxo de Codeseda**

No frontispicio da igrexa parroquial de San Xurxo de Codeseda, e baixo unha cuncha de vieira, ábrese un oco circular onde chama a nosa atención a esfera dun reloxo de torre, con numeración romana. Baixo este atópase unha placa de mármore de cor branca, que leva gravado en letras maiúsculas a seguinte inscrición.

RELOJ DONADO  
POR JUAN RODRÍGUEZ BERGUEIRO  
Y SU ESPOSA  
AÑO 1931



Máquina do reloxo de Codeseda.

Don Juan Rodríguez Bergueiro, dinos a súa partida de bautismo, foi bautizado na igrexa parroquial de San Xurxo de Codeseda o día 2 de novembro de 1862: naceu ás seis da tarde do día 1, fillo de José María Rodríguez Pena e de Manuela Bergueiro Eirín. Avós paternos Manuel Rodríguez, natural de Codeseda, e Manuela da Pena (esta natural de Souto e veciños da Abragán). Avós maternos Juan Bergueiro e María Josefa Eirín, veciños do lugar da Abragán, que foron os padriños de bautismo. Cando fixo a doazón do reloxo de torre ó pobo de Codeseda, atopábase casado e na emigración en ultramar, onde fixera fortuna.

Para chegar ó reloxo de torre da igrexa de Codeseda, entramos por unha porta exterior que queda a dereita do edificio, que nos conduce ó campanario. Temos que subir uns 55 chanzos angostos, escuros e gastados polo paso do tempo. En cada andar unha bufarra permite a entrada de luz. Baixo o campanario ábrese unha pequena porta que dá acceso a un cuarto escuro e estreito onde se acubilla a maquinaria do reloxo. Esta descansa sobre unha estrutura de ladrillo.

Dinos unha placa de cor vermella, posta no bastidor: «Fabrica de Relojos Moisés Díez. Palencia. Modelo N<sup>o</sup> 9. Construído en el año 1931. N<sup>o</sup> 618». Pero a realidade é ben distinta, pois a fábrica de relojos de Moisés Díaz importaba relojos da factoría Odobey

de Morez, en Francia. Este reloxo é da marca Terrailon-Petitjean, aínda que fabricando nos talleres de Palencia as pezas que fosen precisas para a súa transformación e arranxo. O bastidor ten as mesmas filigranas que o reloxo de Cereixo, así como o péndulo que tamén é similar, o que nos demonstra que se trata dun reloxo francés da marca citada.

Sobre a maquinaria do reloxo temos o campanario, polo que debemos subir dez chanzos máis. E alí, no centro, atopamos unha torre de ferro que suxeita a campá do reloxo, onde o antigo martelo facía soar con forza os sinais horarios, dando as badaladas das horas e das medias.



Reloxo de Codeseda.

O estado do reloxo digamos que é regular: pódese recuperar, pero precisa dunha limpeza e engrase xerais.

Mercé á inestimable colaboración do señor cura párroco don Rubén Diéguez Gutiérrez (que nos permite consultar o Libro de Fábrica) podemos facer unha breve aínda que intensa investigación sobre os arranxos no reloxo.

A primeira reseña que se fai do reloxo de torre de Codeseda aparece no Libro de Fábrica no ano 1935, sendo párroco don Antonio Rodríguez Souto: «Material e instalación de luces no departamento da maquinaria do reloxo da igrexa 16 pesetas». Logo aparecen nas contas de varios anos, gastos en aceite, engraxamento e pequenos arranxos do reloxo.





Torre e campá, reloxo de Codeseda.

Sendo crego don José Barreiro Paz, que nos dará as contas desde 1958 ata ben entrado o século XXI, fainos saber nas de 1958-59-60 e 61: «Arranxo do martelo do reloxo torre 80 pesetas. Arranxos no reloxo 415 pesetas. Pintura para a torre de ferro e mazos das campanas e portas da igrexa 1.336 pesetas. Plancha de chumbo para cubrir a maquinaria do reloxo da torre 537 pesetas. Acto fúnebre polo eterno descanso dos doantes do reloxo 450 Pesetas».



O cura párroco segue dando contas dos gastos do mantemento do reloxio, que son de pouca relevancia. E temos que esperar ás contas dos anos 1966-1970 para que aparezcan gastos significativos: «arranxos reloxio da torre 2.300 pesetas». E de novo nos interesan as contas de 1985 «arranxo cruz torreta e tornillos novos 10.000 pesetas». En setembro do ano 1987, os gastos ocasionados polo arranxo do reloxio superan con moito as cifras que se viñan empregando ata o momento: «restauración esfera reloxio e arranxo corda das agullas que estaban rotas e aceitado maquinaria 53.500 pesetas». «Ó albañel que colocou o andamio de 12 metros de altura para sacar a esfera do reloxio (que se desfacía en anacos por estar a madeira completamente podre) e logo colocala outra vez e retirar o andamio 35.000 pesetas. Ó reloxeiro por arranxo da esfera e pezas estropeadas 12.000 pesetas. Ó carpinteriro por facer a nova roda en madeira de teca da esfera 3.000 pesetas».

O señor cura párroco segue anotando gastos do reloxio nos anos seguintes, mais son pouco significativos.

Co paso dos anos o párroco atopaba máis dificultade para subir os 55 chanzos e facer forza dabondo para dar corda ó reloxio. Así que no ano 1982 tomou a sabia decisión de escoller unha persoa para facer ese canso traballo. Recaíu esta responsabilidade sobre Anuncia Lorenzo Sieiro, quen será a persoa encargada de limpar, aceitar e dar corda ó reloxio ata outubro do ano 2009, no que se instala un reloxio electrónico. Este novo reloxio foi montado pola empresa Elemarnor. S. L. de Oleiros (A Coruña) por un coste de 4.000 euros que se aboñaron dos fondos da igrexa.

Temos que subliñar que do reloxio queda tan só a maquinaria: poleas, pesas e cable foron retirados no ano 2009.

En canto ó reloxio electrónico, funciona dando as baladadas. Lástima que as agullas da esfera deixasen de funcionar. Estas están paradas e non marcan a hora.

O señor reitor parroquial, don Rubén, ten a convicción de argallar de novo o reloxio mecánico para recuperalo do esquecemento en que se atopa desde o ano 2009.




## Reloxo de torre na igrexa parroquial de San Breixo de Lamas

No frontal da igrexa parroquial de San Breixo de Lamas chama atención unha esfera con numeración arábica dun reloxo de torre da marca Viuda de Murúa de Vitoria.

Postos en contacto co señor cura párroco, o reverendo don Ricardo Ramos, infórmanos que sobre este reloxo non existe documentación que consultar. Que este reloxo foi mercado cos cartos doados polo mestre don Manuel Constenla Fariña, sendo instalado no ano 1975.

Este reloxo, ó pouco de instalarse, deu con algún atranco, pois non soaba a campá. Posiblemente por estar atrancado o reloxo, cousa que de seguida se amañou por medio da asesoría da Casa Murúa.

O estado de conservación deste magnífico reloxo é excelente: a maquinaria atópase instalada sobre un bastidor de aceiro inoxidable, e todas as pezas descansan sobre columnas de ferro soldadas e niveladas, ancoradas ó chan, nun cuarto cerrado con armazón de aluminio ventilado no coro ou tribuna da igrexa, á que se chega polo interior da mesma por un pasadizo estreito de escaleiras moi desgastadas.



Maquinaria do reloxo da igrexa de Lamas.




Esfera do reloxo da igrexa de Lamas.



## Reloxo de torre na igrexa parroquial de Santa Cristina de Vinseiro

Unha vez mais recorremos ó administrador parroquial, o señor cura párroco don Rubén Diéguez Gutiérrez, quen de novo nos autoriza para fotografiar e visitar a igrexa parroquial de Vinseiro e contemplar a excelente maquinaria do reloxo.

No centro do frontispicio da igrexa de Santa Cristina de Vinseiro ábrese un burato en círculo con dobre moldura, onde se aloxaba a esfera do reloxo; aínda que esta falta desde fai moitos anos. Para chegar á maquinaria do reloxo, desde o interior da igrexa e a carón da porta principal ábrese un espazo estreito no que 15 chanzos, moi gastados, conducen ó coro da igrexa. Á nosa dereita unha porta lévanos ó cuarto do reloxo. Este descansa sobre unha estrutura de metal, ancorada ó chan. Na maquinaria fixémonos na esfera interior de poñer en hora, onde figura a marca do reloxo: Vda. de Murúa-Vitoria. Unha placa no bastidor do reloxo dinos: «Montado por José Alén en el año 1957». Ademais da maquinaria o reloxo ten dúas pesas: unha é para darlle corda e a outra para o martelo da campá.



Maquinaria do reloxo da igrexa de Vinseiro.

As poleas están en perfecto estado. En canto ó cable, precisa unha revisión. O estado de conservación é regular, está ben engraxado, faltan varias pezas das transmisións, ademais das agullas e a esfera. A pesar de carecer de agullas e esfera, o reloxo segue funcionando e a sonería soando cada hora e media, ademais de dar os cuartos ata o ano 2019.

Se continuamos subindo 35 chanzos máis, chegamos ó campanario, onde se atopa a campá do reloxo, co martelo de ferro (este moi enferruxado) que precisa repoñer o cable que desde a maza chega ó cilindro de sonería. A campá foi feita por Liste de Orazo.

O encargado de darlle corda ó reloxo era o abade. Desde que finou don Manuel (o cura párroco), o responsable deste cometido pasou ser José Rey Taboada, que deixou de darlle corda no ano 2019, debido ó seu impedimento polos moitos anos.

Ata aquí esta breve pero interesante investigación sobre os reloxos de torre no concello estradense.





# Fotografías de Felipe Souto

Felipe Souto  
soutolipe@gmail.com

Comezou a miña pasión por este noble arte coa fotografía química. Despois de rematados os meus estudos en fotografía artística a miña curiosidade por saber máis levoume a seguir formándome en importantes escolas internacionais con algúns dos grandes mestres da paisaxe e o retrato. A miña actividade artística conságrase fundamentalmente á fotografía de paisaxe en todas as súas variantes (crepuscular, nocturna, etc.), así como á fotografía de viaxes, documental e retrato. Recoñezo ser un afortunado pois a fotografía ensinoume a apreciar a beleza do mundo e poder capturar momentos únicos e irrepitibles. Grazas a ela aprendín a mirar.

## Enlaces de interés

500PX: <https://500px.com/p/Felipesoutophoto?view=photos>

Instagram: <https://www.instagram.com/felipesoutophoto/?hl=es>

Facebook: <https://www.facebook.com/felipe.soutophoto.501>





Amanecer Lofoten.





Bat Cave.



Between Rice Canyon.





Ermida Ávila.




Kayam Woman.



Las tres gracias.





Lazos.



Los cuernos del Payne.



Shwedaagon Pagoda.



Sky and water.





Soledad y arena.




The Fishermen.



Toward a Destination.





Ubrein Bridge.



Último actiós.





# Pepa a Loba, a muller que se converteu en lenda

Laura Filloy Martínez  
filloy.laura@gmail.com

**Resumo.** Hai poucas lendas tan famosas e coñecidas en Galicia coma a de *Pepa A Loba*, unha bandoleira orixinaria da Estrada que naceu no primeiro terzo do século XIX. Segundo a tradición oral tivo unha vida trágica e incluso pasou unha longa tempada no cárcere acusada dun asasinato que non cometera. Cando logra escapar convértese en foraxida e capitá dunha banda de ladróns e asaltantes de camiños. Segundo algunhas fontes impartía xustiza social; segundo outras, era unha violenta asasina. A súa figura resulta difícil de dilucidar pola falta de fontes documentais e fiables, malia que xa forme parte indiscutible da identidade cultural galega.

**Abstract.** There are few legends as famous and well-known in Galicia as the legend of *Pepa A Loba*, a bandit from A Estrada who was born in the first third of the 19th century. According to oral tradition, her life was tragic and she was even in prison for a long time because of a murder she had not committed. When she managed to escape, as a fugitive, she became the leader of a gang of muggers. According to some sources, they did social justice work, according to others, they were violent murderers. Her figure is difficult to elucidate due to the lack of reliable documentary sources, despite the fact she is already part of the Galician cultural identity.

## Por que Pepa A Loba?

Unha árbore maxestosa, case máxica, apareceu ante os seus ollos aínda infantís. A rapaza observou con detemento as engurras do seu tronco e a cantidade inxente de pólas que formaban unha copa ensombrecida pola historia. Tamén imaxinou como serían as súas raíces centenarias, agarrándose con rectitude e vehemencia ao chan.

Naquel decorrer de pensamentos, unha voz interrompeu a ensoñación:

- Esa é a sobreira de Valiñas. Din que unha tal *Pepa A Tola* matou aquí un cura.
- Quen é *Pepa A Tola*?
- Non o sei ben. Unha muller que viviu hai moitos anos. Moi boa non podía ser...

Aí rematou a conversa, pero non a curiosidade. Durante o camiño de volta á casa, a nena non podía parar de pensar cal sería a historia que se escondería detrás daquel alcume. Corría o ano 2008 e os teléfonos intelixentes tan só eran unha proxección de futuro. A accesibilidade a internet, máis aínda no rural, era limitada. Pero aquela mente chea de dúbidas soubo onde buscar: nos libros. Foi á estantería e fixou a súa vista nun lombo verde<sup>1</sup>, ancho, no que ela xa se mergullara en máis dunha ocasión. E foi alí, con apenas 13 anos, onde atopou a resposta.

Esa rapaza era eu. E malia o decorrer dos anos, o interese por aquela figura misteriosa –hoxe familiar, antes descoñecida– non fixo máis que medrar. Porque aquela tarde do outono de 2008, fronte á imponente sobreira de Valiñas, nacía para min unha lenda. O seu verdadeiro nome: Pepa A Loba. E esta é a súa historia.

## A lenda

Pepa A Loba sobrevive no maxín colectivo dende unha perspectiva dicotómica. Debúxana como unha muller fera, cruel, agresiva e capaz de asasinar a sangue frío sen apenas pestanexar. Pero tamén é unha persoa afouta, valente e con altos valores morais. Resulta difícil crear un relato no que convivan pacificamente trazos de personalidade tan diverxentes. Pero o relato non só existe, senón que xa se converteu en lenda. Pepa A Loba chega a nós grazas á tradición oral, que ás veces conserva e outras tantas deturpa. E nese obxectivo por esclarecer a verdade en torno a unha figura tan confusa, a obra do xornalista e escritor Carlos Reigosa é toda unha referencia.

No limiar do seu libro, unha das obras máis detalladas sobre a figura de Pepa, dá conta do complicado que é reconstruír a súa historia. A acusada falta de documentación que probe a súa existencia tan só se pode cubrir cos relatos que sobreviviron de xeración en xeración, configurando o que hoxe é un mito. Froito do seu intenso labor de investigación, Reigosa certifica que Pepa A Loba foi unha bandoleira que naceu na parroquia de Couso, na Estrada, en 1835. Pero el mesmo admite que o tecido literario que crea arredor da súa figura está vernizado con altas doses de ficción.

1 *A Estrada rural*, Manuel Reimóndez Portela (2007)



Acuarela de Rosa de Cabanas.

Aínda así, tanto a historia que constrúe Reigosa como a achegada por outras fontes coincide nalgúns puntos clave. O que parece innegable é que naceu no primeiro terzo do século XIX e foi unha de tantas mulleres da súa época: orfa e pobre. Algunhas investigacións sitúan o seu lugar de nacemento ao norte da provincia de Pontevedra, malia que Reigosa é máis específico e dá coordenadas: Couso. Sexa ou non certa esta versión, a parroquia estradense representa a Galicia rural do interior que, en certa maneira, tamén compartía con Pepa a orfandade e a pobreza. As condicións de vida eran arduas e o sistema socioeconómico claramente deficiente.

O contexto no que o mundo lle deu a benvida a Pepa era precario e desesperanzador. Pero ela sumaba outro obstáculo: ser filla

de solteira. Xunto coa súa nai, mal chamada A Falucha, subsistían nunha chabola afastada de todo trazo de civilización. A supervivencia era unha loita diaria e Pepa conviviu dende o seu mesmo nacemento coa miseria e a indixencia. Poucos detalles transcenden desta etapa da súa vida, pero non é difícil recrear unha infancia marcada polas penalidades e a ausencia da figura paterna. Malia a súa falta, completamente voluntaria e consciente, os murmurios e as sospeitas non recaían sobre el, Aurelio Maraño. As miradas acusatorias sempre tinguían de sombra á Falucha. Ser muller e pobre, máis aínda no século XIX, sempre foi sinónimo de penalidades.

De feito, a nai de Pepa non é máis ca un claro prototipo de vítima. Non só social e económica, xa incuestionable. Senón dese tipo de violencia histórica, tanto tempo invisible, que os homes sempre exerceron contra as mulleres polo simple feito de selo. Nunha sociedade decimonónica que non poñía en dúbida o poder masculino, Aurelio Maraño era libre. Tan libre como para ignorar os seus deberes paternos e visitar con frecuencia á Falucha, agredirla sexualmente e sumar máis pena aínda ás súas duras condicións de vida. Sendo Pepa unha nena, foi testemuña dunha das moitas violacións que sufriu súa nai. E froito dun deses actos despreziables e sen condena, Falucha quedou embarazada. As bocas que alimentar multiplicábanse por dous.

Pero a desgraza aínda había ser máis acusada. Durante o parto, tanto a nai de Pepa como o seu irmán faleceron. Unha case se atreve a preguntar como ía acontecer o contrario: a asistencia médica case non existía, menos aínda para as clases marxinais; e a falta de axuda e exclusión social cruelmente exercida contra A Falucha foron o detonante. Pepa A Loba, sendo tan só unha nena, quedou completamente orfa. A soidade cerneuse sobre ela e marcou para sempre a súa personalidade e os seus desexos de vinganza. E, máis importante aínda, desenvolveu unha profunda sensibilidade cara ás vítimas da violencia machista. Desafortunadamente, A Falucha non era unha excepción.

A custodia da nena recaeu sobre a irmá da nai, a tía Dorinda, pero Pepa estaba lonxe de recuperar os agarimos perdidos. A rapaza non foi vista como unha responsabilidade, como alguén a quen se lle



arrebatou a infancia. Foi vista, en todo caso, como unha ferramenta de traballo. A partir daquel momento, Pepa dedicouse ao pastoreo en beneficio de Dorinda. De feito, é aquí onde empeza a nacer a lenda. Un día, no monte, mentres coidaba do rabaño de ovellas da súa tía, apareceu un lobo. O ataque era inminente e a ferocidade do animal claramente previsible. Coa valentía que sempre había de caracterizala, Pepa enfrontouse a el xunto ao seu can Lueiro, que xa forma parte indiscutible da lenda que se formou co paso dos anos. Entre os dous conseguiron darlle morte ao lobo, quedando para sempre impregnado no seu nome. Malia que esta é a teoría que ten máis forza, outras fontes aseguran que o alcume de Pepa está relacionado coa Serra da Loba, un dos lugares nos que puido refuxiarse coa súa banda. Como tantos outros detalles, nunca se saberá.

Dende logo, a anécdota do ataque do lobo imprime sobre Pepa unha afouteza lendaria que encaixa claramente coa figura que chega a nós co decorrer das xeracións. Máis alá desta historia con tintes románticos, a vida de Pepa estaba a piques de dar un xiro inesperado. Como a violencia, a pobreza e as altas taxas de mortalidade non eran suficientes, a rapaza tamén foi vítima directa do matrimonio concertado. A súa tía Dorinda, desexosa de librarse da carga que lle supoñía Pepa, quería casala para beneficiarse do seu dote. E que mellor idea que xuntala con Tomás Maraño, dono da taberna da vila e irmán de Aurelio Maraño, o pai de Pepa. Unha persoa acomodada, que gozaba de certo status e mellor situación económica que calquera da súa contorna.

O matrimonio fíxose realidade, sendo Tomás Maraño moi consciente da relación que o unía con Pepa. E malia o desagradable que poida resultar a historia nun inicio, o matrimonio co seu tío paterno foi o mellor que lle puido pasar. Aquela unión non foi máis que unha tapadeira e Tomás exerceu única e exclusivamente como pai de Pepa. Estableceuse entre eles unha relación paternal. De feito, o tendeiro quería que a rapaza tivera unha boa vida e contratou un mestre, Daniel Couso, para que lle ensinase a ler e escribir. Tiñan máis ou menos a mesma idade e as longas horas de clase derivaron en algo case inevitable: dous adolescentes namorados. Unha relación que contou co beneplácito de Tomás dende un inicio.

Esta é, case sen lugar a dúbidas, a mellor época da vida de Pepa. A estabilidade económica, a protección paternal e, para que negalo, o amor. Unha mestura perfecta para estar o máis preto posible da felicidade. Pero os bos momentos non duran eternamente. Ademais, no caso de Pepa foron demasiado breves. A desgraza non tardou en chamar á súa porta. De novo, o terror tiña un nome: Aurelio Marañó. O home, descrito por Reigosa como un home vil e cruento, sentía unha fonda carraxe cara a Pepa. Sabía que o seu irmán Tomás lle deixaría todo en herdanza. E a simple idea de que aquela filla súa, unha bastarda aos seus ollos, lle arrebatase o que el consideraba seu, derivou nunha violencia sen precedentes.

A vinganza é cega e durante unha discusión entre os irmáns, Aurelio mata a Tomás. Abandona o cadáver e, cando o atopan, a culpa recae nunha única persoa: Pepa. Sabendo a vida que Tomás lle ofrecía, resulta ilóxico pensar que ela era a asasina. Pero a sospeita, por ser a única que vivía con el, tornouse directamente cara a ela. Acusárona de ambiciosa, de aproveitada. E unha versión deturpada e irreal derivou no inevitable: foi arrestada, sometida a un xuízo amañado e condenada a cadea perpetua nun cárcere de mulleres na Coruña. Este suceso marcou para sempre a vida de Pepa e propiciou o inicio dunha lenda centenaria.

De feito, o libro de Reigosa describe unha rapaza, aínda nova, que leva anos encerrada inxustamente na cadea. Esa muller só se mantén viva polas ansias de vinganza e o desexo de recuperar a dignidade que lle foi arrebatada. Pero máis alá dos seus desexos primarios, Pepa tamén era intelixente e enxeñosa. Como non quería conformarse cunha vida ancorada a unha celda asfixiante, deseñou coidadosamente un plan de fuxida. A súa primeira vítima foi o cura do cárcere, quen cre que Pepa necesita confesión. Pero ela, lonxe de buscar o perdón do párroco, déixao inconsciente e róuballe as roupas. Vestida daquela maneira, sen aparentar ser muller nin presa, consegue saír do cárcere e recuperar a súa liberdade.

Pero Pepa había tempo que deixara de ser libre. A concantención de feitos tráxicos que tivera que vivir xa deixara unha fonda pegada no seu carácter. Dende a pobreza extrema ata as violacións recorrentes de súa nai. A morte da Falucha e a orfandade, o traballo

infantil e a acusación de asasinato. Pepa fíxose muller sen querer selo. Perdeu toda confianza na xustiza, ben fose económica, social ou divina. Naquela estática sociedade de clases non se podía medrar cando nacías sen cartos. Por iso a súa carraxe, máis alá de Aurelio Maraño, ía dirixida contra o poder eclesiástico, pero tamén contra os nobres e fidalgos que tanto tiñan. O obxectivo de Pepa era ben simple: *a xustiza pola man*, que ben describiría Rosalía de Castro.

Unha vez que saíu da cadea e se reecontrou con Daniel Couso –segundo a lenda, pasaron toda a súa vida xuntos e el foi un dos homes que integrou a súa famosa banda– o obxectivo de Pepa era tan previsible como innegociable: a vinganza. Non había nada naquel mundo que tivese tal capacidade motriz como a ira que invadía a Pepa e o odio que cultivara dende cativa cara ao seu pai biolóxico. Aurelio Maraño quitáralle todo: a infancia e a dignidade. Sabendo que nada diso se podía recuperar xa, pero desexando que aquel home desprezable sentise por un momento toda a dor que ela acumulara durante anos, o seu desexo de matalo era xa incontrolable.

Acompañada de novo do seu leal compañeiro Lueiro, Pepa volveu á vila onde medrara. Alí foi testemuña directa da vida que Aurelio Maraño fora creando na súa ausencia, apropiándose de todo o que un día fora do seu irmán Tomás. Sen pensalo dúas veces, entrou na taberna que un día foi o seu fogar. E enfrontouse cara a cara cun pai que non merecía selo. Asasinouno a sangue frío, sen dubidar, sen pensar sequera nas consecuencias dun acto tan condenable. Quen sabe se aquí, neste mesmo momento en que ela contempla o cadáver de Aurelio coa vinganza satisfeita, nace o lema que describe a filosofía da bandoleira: *Home morto non fala*. Abofé que non, Pepa. Maraño non volveu abrir aqueles ollos despiadados nunca máis.

Agora si que era culpable. E ela sabíao. Pero baixo ningún concepto estaba disposta a volver á cadea. O único que podía facer era refuxiarse no monte e sobrevivir como puidera. Era unha fuxitiva e unha asasina. Pero, sobre todo, era alguén que xa non confiaba na xustiza. Cos seus dotes de mando e a súa forza intransigente, Pepa A Loba converteuse nunha líder incuestionable. Dende aquel momento pasa a ser a capitá dunha banda de homes que cometeron crimes, asaltos de camiños e innumerables roubos. Centos de relatos chegan

a nós 200 anos despois, describindo a crueldade dos seus actos. Na Estrada, por exemplo, unha das historias de máis sona foi o atraco dun cura na sobreira de Valiñas. Ao parecer, Pepa atouno á arbore para roubarlle todo o que tiña.

Outras sobreviven na tradición oral. Seguen a ser historias que subsisten na memoria dos máis anciáns, que escoitaron falar de Pepa cando aínda eran nenos. Malia o desdebuxadas que poidan estar as súas memorias, as andainas da bandoleira non lle resultan alleas, senón propias. É o caso de Ana, unha veciña de Curantes que prefire empregar un nome ficticio. «O meu avó Rogelio contaba que Pepa A Loba dirixía unha banda de sete homes e unha coñecida miña de Couso di exactamente o mesmo», asegura, tratando de darlle consistencia ao seu relato. «Os meus bisavós Eugenio e Asunción tiñan unha fonda en Pena Lobeira e, ao parecer, Pepa e os seus homes adoitaban ir tomar algo alí», continúa relatando a veciña. E dá aínda máis detalles, como que a bandoleira era unha fumadora empeñada e sempre ía vestida de negro.

«O meu avó recordaba que as súas saias eran moi voluminosas e que el e outros nenos xogaban a agocharse debaixo delas», apunta Ana. No que respecta ao seu carácter, xa non trascenden tantos detalles, pero a súa versión defende que era unha muller de personalidade «moi forte» pero cariñosa cos nenos. Unha descrición que se axusta á lenda que perdura hoxe en día: esa imaxe de persoa fera, cruenta e, ao mesmo tempo, agarimosa e xusta.

«Un día, mentres Pepa A Loba e a súa banda estaban tomando algo na taberna, apareceu a Garda Civil. Algún veciño dera aviso de que estaban alí e viñan na súa busca. O mestre da parroquia, que vivía na fonda, deu aviso ao velos chegar para que os bandoleiros se puideran esconder na parte de abaixo, onde só había cortes. Tanto a miña bisavoa como o mestre trataron de enganar a Garda Civil, dicíndolles que Pepa A Loba e a súa banda non entraran na taberna. Mentres tanto, os nenos foron avisalos para que puideran escapar», continúa relatando Ana.

De feito, a meirande parte das anécdotas que lembra esta veciña de Curantes serven para dignificar a figura de Pepa e para debuxala coa súa versión máis humana, tan só deturpada polas tráxicas

circunstancias que lle tocou vivir. É máis, a imaxe que persiste no imaxinario é a dunha persoa sensible e xusta con quen o merece. «O meu avó lembrábase dunha familia moi pobre que vivía en Pena Lobeira. Aínda que daquela todos eran pobres... A muller quedou embarazada e Pepa deixoulle cartos á miña bisavoa para que llos dera á veciña. Tamén deixara unha vez unha galiña para outra muller, tamén embarazada. Seica o caldo era moi bo para elas», indica.

«Meu avó sempre dixo que Pepa A Loba deixaba cousas pagadas na fonda, como o azucre, e dicíalle á miña bisavoa que repartira ela como quixera», asegura. Pero tamén engade: «Era verdade que roubaba? Si. Pero tamén é certo que o repartía entre a xente pobre». Así o defende Ana, seguindo sempre a versión que chegou a ela a través das verbas do seu avó.

Amais disto, unha das súas coñecidas, en Couso, tamén lle fixo chegar outra historia. «Naquela época había moitos asaltantes nos camiños. Unha muller que viñera de Cuba fora ao muíño, supoño que na zona de Couso, e intentaron atracala. Xusto nese momento apareceu Pepa A Loba e a súa banda. Ela, que fumaba moito e liaba tabaco, tamén andaba sempre cunha pistola. Reencheuna de pólvora, ameazou con encendela co cigarro e pegarlle un tiro ao asaltante. Non fixo falta porque o outro marchou», relata a Ana. E iso non foi todo: «Cando o outro soltou a pobre muller, Pepa mandoulle a un da súa banda que a acompañara ao muíño e logo de volta á casa».

